PROGRAMACIÓN

XERAL ANUAL

CURSO 2026-2027

CPR VIRXE MILAGROSA BUEU

ÍNDICE

OBXECTIVO XERAL

LIÑA EDUCATIVA

LIÑA PEDAGÓXICA

Liñas de acción

Programación dos equipos docentes

Departamentos:ÁMBITOS DIDÁCTICOS

-Linguas-EDLG

-Ciencias

- Educación Física . Ámbito desenvolvemento motor

- Linguas Estranxeiras

- Música /Artística. Ámbito artístico

- Innovación

- Orientación

-Comunicación

Actividades complementarias

Actividades común

LIÑA PASTORAL

LIÑA ESTRUTURAL

Equipo directivo

Consello escolar

Claustro de profesores

Asociación de nais e pais do alumnado

LIÑA CONVIVENCIAL

CALENDARIO ESCOLAR

ANEXOS

Anexo I- Plan Anual de Atención á Diversidade (PAD)

Anexo I **PLEA**

Anexo III.- Plan Dixital do Centro

Anexo IV.- Plan de Convivencia

Anexo V.– Proxecto Lingüístico do Centro

Anexo VI.-Plan de fomento da Actividade Física e Hábitos Saudables.

OBXECTIVO XERAL

O obxectivo xeral que traballaremos ao longo deste curso é: **Atrévete a crear pontes de tolerancia.**

LIÑA EDUCATIVA

EDUCACIÓN INFANTIL

OBXETIVOS OPERATIVOS	*ACTIVIDADES*
ALUMNADO - Desenvolver actitudes de respeto, aceptación e tolerancia cara ás características, gustos, capacidades ,ideas e forma de ser dos demais.. - Aprender a respectar as quendas, os tempos e os espazos dos demais, desenvolvendo actitudes de paciencia e espera. - Participar en xogos e actividades cooperativas, aprendendo a compartir, axudar, colaborar e chegar a acordos.	- Geniallys - Cancións - Visionado de curtametraxes - Xogos - Actividades plásticas e dinámicas - Actividades cooperativas
FAMILIAS - Fomentar na contorna familiar actitudes de respecto, tolerancia e aceptación das diferenzas. - Promover o diálogo e a comunicación como ferramentas para resolver	- Reunións de inicio de curso escolar. - Titorias individuais ao longo do ano. - Participación en festividades escolares, talleres e formacións e

	os conflitos de maneira pacífica.	actvidades de aula. - Comunicación a través da plataforma educamos.
PROFESORADO		
- Promover un clima de aula baseado no respecto, na tolerancia, na empatía e na aceptación das diferenzas. - Ensinar estratexias sinxelas para a resolución pacífica de conflictos favorecendo o diálogo, a escoita e a busca de acordos.		- Claustros. - Reunións de etapa. - Departamentos. - Formacións diversas. - Desenvolvemento de diferentes actividades para atender as demandas do alumnado.

EDUCACIÓN PRIMARIA
PRIMEIRO CICLO

OBXECTIVOS OPERATIVOS		*ACTIVIDADES*
ALUMNADO		
● Fomentar un ambiente de respecto,tolerancia,unión,acollida confianza,escoita e empatía na aula e no centro ● Colaborar na consecución dos obxectivos ODS e do pacto educativo global ● Crear pontes de tolerancia con nós mesmos, cos demais e a súa contorna.		● Videos ● Genially ● Cancións ● Actividades plásticas ● Xogos ● Xornadas de Inicio de curso, elaboración de murais
FAMILIAS		

• Apoiar aos seus fillos/as na aprendizaxe tanto académica como en valores, achegándolles o valor da tolerancia, e o respecto polas persoas que os rodean. • Manter unha relación de respecto e confianza co centro, para ter unha coherencia no proceso educativo. • Traballar cos seus fillos/as as pautas de comportamento co obxectivo de favorecer as relacións sociais entre iguais e cos adultos	• Tutorías presenciais • Seguimento a través da plataforma Educamos • Reunión de inicio de curso • Colaboración en festas e actividades do Centro.
PROFESORADO	
• Fomentar a autonomia e desenvolver a súa intelixencia emocional. • Organizar os recursos do centro co fin de facilitar o desenvolvemento educativo, sobre todo de cara ao alumnado que presenta necesidades educativas especiais	• Formacións para profesorado • Claustro e reunións de coordinación entre o profesorado • Desenvolvemento de diferentes medidas atendendo as capacidades do alumnado

SEGUNDO CICLO

OBXECTIVOS OPERATIVOS	*ACTIVIDADES*
ALUMNADO	
• Aceptar e valorar a diversidade fomentando a tolerancia en todolos ámbitos: familiar, social, escolar…	• Genially: a) Cancións. b) Conversas, charlas e reflexións.

- Comprender e escoitar aos demais, identificando situacións de inxustiza e discrimación e rexeitando estas actitudes antidemocráticas.

- Fomentar o espírito crítico que lles permita analizar obxectivamente a realidade na que vivimos evitando reproducir comportamentos discriminatorios, intolerantes…

- Desenvolver estratexias que lles sirvan para atopar o camiño da convivencia e o respecto mutuo sen deixarse influenciar por modas, personaxes famosos ou presións sociais.

- Potenciar o autocoñecemento e a autoestima do alumnado descubrindo os talentos propios para que comprenda o seu valor como persoa e para evitar situacións de illamento, de soidade e de violencia contra un mesmo e contra os demais.

- Recoñecer e identificar as emocións da alegría, a tristeza, o medo, a ira, a sorpresa e o noxo e aprender a xestionalas.

- Traballar na consecución dos obxectivos ODS e do pacto educativo global.

FAMILIAS

- Manter unha comunicación

c) Actividades plásticas e dinámicas de cohesión.

d) Xogos.

e) Actividades plásticas.

f) Xornadas de sensibilización: elaboración de murais, carteis, noticias…

g) Oracións, debates e reflexións diarias.

h) Traballo cooperativo.

i) Traballo emocional.

frecuente e produtiva co titor/a e o centro.

- Implicarse na educación dos seus fillos/as, tomando conciencia da trascendencia que ten o traballo conxunto co colexio co fin de que o alumnado obteña un pleno desenvolvemento persoal e social.

- Establecer unha relación de respecto e confianza co centro para así manter unha coherencia no proceso educativo do educando.

- Traballar cos seus fillos/as as pautas de comportamento co obxectivo de favorecer as relacións humanas e a tolerancia.

- Apoiar aos seus fillos/as na vida académica, facéndolles ver a importancia da aprendizaxe e das tarefas, axudándolles e acompañándoos.

- Acompañar ao alumnado na súa aprendizaxe dun uso sensato das redes sociais e das trics, dando exemplo coas accións propias e nas interaccións co equipo docente.

PROFESORADO

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa de calidade adecuada as súas necesidades

- Titorías presenciais.
- Seguimento e información periódica a través da plataforma Educamos.
- Reunión de presentación do curso.
- Colaboración en festas e actividades do Centro.
- Formación sobre metodoloxías e materiais didácticos usados.
- Talleres / obradoiros.

que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social e dándolles ferramentas para comunicarse dun modo máis efectivo e empático e fomentando o valor da tolerancia.

- Escoitar de forma activa ao alumnado e aos compañeiros/as, valorando a diverdidade e fomentando o desenvolvemento da tolerancia no alumnado.

- Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumando e fundamentalmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo.

- Favorecer procesos interdisciplinares que estimulen ao alumnado na adquisición de hábitos de estudio, traballo autónomo e traballo cooperativo.

- Favorecer a igualdade e proporcionar unha educación personalizada, fomentando a participación, a solidaridade e a cooperación do alumnado e axudando no desenvolvemento emocional do mesmo.

- Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos como axentes fundamentais no seu desenvolvemento.

- Encontros formativos ao longo do curso.
- Claustros.
- Adaptación das diferentes actividades segundo as capacidades do alumnado.
- Reunións de etapa.
- Reunións co departamento de Orientación.
- Reunións de departamento.
- Oracións.
- Obradoiros / talleres.
- Formación específica.

• Dedicar tempo á reflexión persoal e ao traballo da interioridade, medrando no seu labor evanxelizador e transmitindo os valores do Evanxeo no día a día do colexio. • Profundar no coñecemento do Carácter Propio da Fundación Educere e no Carisma vicenciano.	

TERCEIRO CICLO

OBXECTIVOS OPERATIVOS	***ACTIVIDADES***
Alumnos: • Potenciar o autodescubrimento, o autocoñecemento e a autoestima do alumnado para que conecten entre iguais fomentando unha convivencia harmónica. • Cumplir os obxectivos do Pacto Educativo Global acorde cos obxectivos de ODS 2030. • Desenvolver habilidades emocionais, comunicativas e sociais para actuar con autonomía na vida cotidiá "tendendo pontes de tolerancia" • Participar activamente nas relacións de grupo, traballando cooperativamente, amosando actitudes xenerosas e constructivas conectando coa súa contorna. • Identificar e rexeitar situacións de inxustiza e discrimación amosando sensibilidade polas necesidades dos demáis	• Videos • Genially • Cancións • Conversas e reflexións. • Actividades plásticas e dinámicas. • Xogos. • Visionado de diferentes curtametraxes. • Xornadas de sensibilización: elaboración de murais, carteis… • Oracións, debates e reflexións diarias. • Plan de Mellora Persoal.

fomentando hábitos de comportamento democrático.	
Familias:	
• Conectar na educación dos seus fillos/as co fin de que estes obteñan un pleno desenvolvemento persoal e social. • Establecer unha relación de respecto e confianza co centro para así manter unha coherencia no proceso educativo do educando. • Procurar momentos de desconexión dixital para conectar co ámbito familiar. • Fomentar un hábito de traballo, estudo e afecto no núcleo familiar.	• Titorías presenciais. • Plan de Mellora Persoal. • Seguimento e información periódica a través da plataforma Educamos. • Xuntanza de presentación do curso. • Colaboración en festas e actividades do Centro.
Profesorado:	
• Conectar co alumnado establecendo relacións persoais máis estreitas. • Ser elementos motivadores e exemplares no proceso de aprendizaxe do noso alumnado. • Organizar os recursos persoais e materiais do centro co fin de facilitar unha resposta educativa adecuada a todo o alumando e fundamentalmente aos que presentan necesidades específicas de apoio educativo. • Fomentar a participación dos pais e implicalos no proceso educativo dos seus fillos como axentes fundamentais no desenvolvemento dos mesmos.	• Encontros formativos ao longo do curso. • Claustros. • Adaptación das diferentes actividades segundo as capacidades do alumnado. • Reunións de etapa. • Reunións co departamento de Orientación. • Reunións de departamento.

- Oracións.

E.S.O.

Obxectivo xeral:

Acompañar ao alumnado e as súas familias na creación de pontes de tolerancia.

OBXECTIVOS OPERATIVOS ACTIVIDADES

Alumnado ● Fomentar o autocoñecemento e a autonomía persoal, para a mellora do seu benestar emocional. ● Axudar ao alumnado a identificar e evitar condutas de intolerancia, discriminación ou de exclusión. ● Fomentar actitudes de tolerancia e respeto cara ás diferencias individuais, culturais, sociais e de opinión. ● Potenciar no alumnado a participación no diálogo e a convivencia empregando unha linguaxe respetuosa nas relacións cos demais. ● Colaborar na consecución dos obxetivos ODS (4, 5, 10, 11, 12 e 16).	● Xornadas de sensibilización. ● Titorías semanais. ● Titorías persoais.
Profesorado ● Enfocar a educación do alumnado dende unha visión cristiá da persoa. ● Fomentar a participación das familias e implicalas no proceso educativo dos seus fillos como axentes fundamentais no desenvolvemento dos nenos. ● Comprometerse co crecemento persoal e profesional. ● Tender pontes de tolerancia co	● Reunións de ciclo. ● Reunións de departamento. ● Reunións de avaliación. ● Claustros. ● Reunións co Dpto. Orientación. ● Celebracións lúdicas e relixiosas. ● Xornadas de interioridade e carisma.

resto do claustro e co equipo directivo.	
Familias ● Promover a implicación das familias na educación para a tolerancia e o respeto favorecendo a colaboración co centro. ● Participar en celebracións, charlas e titorías coa finalidade de que os seus fillos sintan unha única liña de acción entre colexio e familia. ● Establecer unhas directrices para unha comunicación correcta efectiva coas familias.	● Titorías individuais. ● Actividades formativas.

Avaliación:

- Reunións de etapa para avaliar o grao de consecución dos obxectivos establecidos de etapa.
- Reunións co Departamento de Orientación.
- Titorías coas familias.
- Reunións de claustro.

LIÑA PEDAGÓXICA

LIÑAS DE ACCIÓN

Implantación e seguimento dos seguintes plans:

- Plan de mellora metodolóxica.

-Plan de convivencia, acompañamento e personalización do alumnado

-Plan de formación do profesorado e plan de optimización de dinámicas de traballo

PROGRAMACIÓN DOS EQUIPOS DOCENTES

ED. INFANTIL

Obxectivos a conseguir	Actividades a desenvolver	Tempos
- Crear na aula un ambiente de xogo e traballo relaxado onde se fomenten actitudes de respeto, aceptación e valoración da diversidade. - Favorecer que se expresen, valorando as súas aportacións e respectando as dos demáis.	- Asambleas e charlas. - Actividades plásticas e dinámicas. - Desenvolvemto dos distintos proxectos de aula, ciclo e centro. - Traballo individual, en grupo e cooperativo.	- Ó longo de todo o curso

ED. PRIMARIA
PRIMEIRO CICLO

Obxectivos a conseguir	Actividades a desenvolver	Tempos
• Desenvolver ao longo do curso e de forma transversal o lema deste ano: Atrévete a crear pontes de tolerancia • Axudar ao alumnado para que	• Actividades enfocadas ao desenvolvemento de competencias en todas as áreas.	Ao longo de todo o curso.

adquiran un desenvolvemento competencial pleno,sobre todo ao alumnado que presenta neae	• Actividades de reforzo e ampliación. • Actividades individuais e de pequeno grupo e traballo cooperativo. • Actividades interactivas. • Traballo por proxectos. • Traballo cooperativo.	

SEGUNDO CICLO

Obxectivos a conseguir	**Actividades a desenvolver**	**Tempos**
Contribuir de maneira activa no desenvolvemento das competencias clave do alumnado.	• Actividades competenciais e traballos en grupo. • Actividades de reforzo e ampliación. • Actividades individuais e de pequeno grupo e traballo cooperativo. • Actividades interactivas. • Traballo por proxectos. • Traballo cooperativo.	Todo o curso
Traballar cos obxectivos mínimos establecidos para cada materia adaptándose ás características de cada curso e de cada alumno/a.	• Plans de reforzo educativo. • Realizacións de avaliacións iniciais. • Realización de proxectos.	Todo o curso
Atender de xeito individualizado aos alumnos NEAE.	• Reforzo educativo dentro e fóra da aula. • Adaptación das probas de avaliación.	Todo o curso

	• Realización de adaptacións curriculares significativas. • Traballo cooperativo.	
Traballar a cultura emocional e os valores cristiáns propios do noso centro.	• Actividades relacionadas con estes contidos nas distintas materias e saídas culturais. • Traballo no proxecto de aprendizaxe e servizo. • Celebracións relixiosas e outras conmemoracións. • Implicación do alumnado no deseño das actividades e conmemoracións.	Todo o curso
Involucrar ao alumnado no lema deste novo curso escolar axudándolles a desenvolver unha comunicación efectiva (“Atrévete e crea pontes de tolerancia”) Descubrir e potenciar a riqueza da diversidade a partir do autocoñecemento e da tolerancia cos demais.	• Titorías. • Proxectos. • Rutinas. • Reflexións. • Oracións e actividades de pastoral. • PMP.	Todo o curso

TERCEIRO CICLO

Obxectivos a conseguir	**Actividades a desenvolver**	**Tempos**
Contribuir de maneira activa no desenvolvemento das competencias clave do alumnado.	• Actividades competenciais e traballo en grupo. • Actividades de reforzo e ampliación. • Actividades individuais e de	Todo o curso.

	pequeno grupo e traballo cooperativo. ● Actividades interactivas. ● Traballo por proxectos. ● Rutinas diarias.	
Integrar e incluír o lema do curso "Atrévete a crear pontes de tolerancia" na programación das distintas áreas.	● Asambleas ● Titorías ● Debates ● Proxectos e actividades de concienciación. ● Traballo con lecturas seleccionadas.	Todo o curso.
Participar activamente no proxecto anual de centro «Escola de Circo», desenvolvendo propostas interdisciplinarias que fomenten a creatividade, o traballo cooperativo, a expresión artística e corporal e a adquisición de aprendizaxes significativas.	● Lectura de textos relacionados co mundo do circo. ● Creación de contos, poemas, carteis ou noticias. ● Actividades de expresión oral ● Elaboración de traballos plásticos e artísticos. ● Creación de murais e decoracións relacionadas coa temática. ● Investigación sobre a historia e as diferentes disciplinas do circo. ● Visionado de películas, documentais ou espectáculos. ● Traballos cooperativos e interdisciplinares.	Todo o curso.
Traballo por proxectos e traballo cooperativo	● Realización de proxectos para traballar diferentes temáticas. ● Proposta de proxectos multidisciplinares.	Todo o curso.

afianzando a avaliación por competencias.	• Actividades motivadoras e innovadoras. • Actividades de traballo cooperativo. • Deseñar diferentes modelos para a avaliación do alumnado.	

EDUCACIÓN SECUNDARIA

Obxectivos a conseguir	Actividades a desenvolver	Tempos
Fomentar a autonomía, o sentido crítico, a curiosidade e a capacidade de aprender a aprender para reforzar a aprendizaxe das técnicas instrumentais.	• Dinámicas de traballo cooperativo. • Realización de proxectos. • Utilización das novas tecnoloxías. • Realización de actividades competenciais.	Durante todo o curso
Traballar os obxectivos mínimos establecidos para cada materia adaptándoos ás características de cada curso.	• Realización de avaliacións iniciais. • Realización de actividades individuais e cooperativas. • Aproveitamento dos dispositivos electrónicos persoais para unha aprendizaxe máis motivante. • Explicacións na aula utilizando os libros impresos e dixitais.	Durante todo o curso
Atender de xeito individualizado ao alumnado para garantir a atención á diversidade.	• Plan de reforzo educativo. • Exención de francés para alumnos cun desfase curricular significativo. • Adaptación das probas de avaliación en tempo e	Durante todo o curso

	forma. • Adaptación dos obxectivos mínimos ás características do grupo. • Realización de adaptacións curriculares significativas. • Solicitude de escolarización combinada. nos casos precisos. • Plan de recuperación de materias pendentes. • Plan específico para alumnado repetidor.	
Traballar os contidos transversais e os valores cristiá como base fundamental da tolerancia e o respecto.	• Plan de mellora persoal. • Actividades relacionadas con estes contidos nas distintas materias e nas saídas culturais. • Actividades de aprendizaxe e servizo. • Traballo no proxecto anual do centro. • Realizar actividades dende todas as materias para poñer de relevo o carácter propio do noso centro. • Actividades relacionadas co plan de acción titorial. • Celebracións relixiosas e outras conmemoracións.	Durante todo o curso.
Avaliar tendo en conta criterios comúns.	• Realización de probas escritas ou orais (auditivas nalgunhas materias), para avaliar o traballo individual e / ou cooperativo. • Traballo diario. • Atención ás capacidades persoais do alumnado. • Adquisición das competencias clave. • Rúbricas e outros instrumentos para a avaliación dos proxectos.	Durante todo o curso iranse avaliando os resultados nas reunións de ciclo e de avaliación.

SAÍDAS CULTURAIS

CURSOS	LUGAR	OBXECTIVOS	TEMPOS
INFANTIL	FIC (BUEU)	Coñecer a curtametraxe como medio de expresión, comunicación e representación da realidade	1º trimestre
	TEATRO “ O Monstro de Cores”	Valorar o teatro como medio de expresión artística, comunicación e transmisión de historias, emocións e valores.	2º trimestre
	VISITA O CIRCO	Coñecer e gozar do mundo do circo, valorando a creatividade e os diferentes talentos.	1º Trimestre
	SAÍDA “ Onde viven os contos”	-Favorecer o coñecemento e a exploración do contorno, achegando o alumnado a un espazo educativo diferente do habitual, potenciando a	3º trimestre.

PRIMARIA 1º e 2º EP	- Base de helicópteros “ O Campiño” - Saídas pola contorna FIC TEATRO SAÍDAS NA NOSA CONTORNA	curiosidade e o interese pola literatura infantil- Coñecer o labor dos helicópteros de emerxencias e a súa importancia na atención e rescate de persoas. - Coñecer e explorar activamente a contorna próxima Achegar a experiencia do cinema Achegar ao alumnado experiencias culturais Coñecer de preto o nos pobo, e as posibilidades que pode ofrecernos Acudir a un espectáculo de Circo, ademais este ano forma parte do noso Proxecto Anual “Escola de Circo”	3º trimestre Todo o curso 2º Trimestre Todo o curso 1º Trimestre

3º e 4º EP	CIRCO DE NADAL FIC Circo de Nadal Teatro A Fundación	Achegar ao alumnado á experiencia de participar activamente nun festival cinematográfico Disfrutar do Circo de Nadal como unha expresión artística e cultural tradicional, recoñecendo o traballo en equipo, o esforzo e o dominio corporal dos artistas . Desenvolver a competencia cultural e artística do alumnado mediante a asistencia a unha representación teatral, fomentando o gozo da arte escénica, a comprensión oral e o comportamento adecuado en espazos culturais. Coñecer e valorar o patrimonio e	1º Trimestre 1º Trimestre 2º Trimestre

	Fundación Sales	paisaxístico da Fundación Sales, promovendo o respecto pola diversidade e a educación ambiental.	2º Trimestre
	Correlingua	Participar na carreira en prol do idioma que se convoca cada ano e que convida a mocidade e a infancia, mediante esta proposta de carácter lúdico-educativo, a formar parte dun acto público de reivindicación do dereito a medrar en galego e a garantir o futuro da nosa lingua.	3º Trimestre
	Amencer - Aspace	Coñecer o traballo que desenvolve a asociación na atención e mellora da calidade de vida das persoas con parálise cerebral, promovendo no alumnado valores de empatía, inclusión social, respecto á diversidade e eliminación de	3º Trimestre

	Granxa Escola Bergando	barreiras. Coñecer e interacturar co medio natural e rural. promovendo o coidado dos animais de granxa, a aprendizaxe de labores agrícolas tradicionais e a concienciación ambiental a través de obradoiros vivenciais. Coñecer de preto o nos pobo e as posibilidades que pode ofrecernos.	3º Trimestre
	SAÍDAS NA NOSA CONTORNA Conxemar	Coñecer o sector do mar e a súa importancia na economía, cultura e industria de Galicia.Identificar boas prácticas de sustentabilidade, reciclaxe e xestión de recursos mariños. Valorar o consumo de produtos do mar dentro dunha alimentación saudable e equilibrada.	Todo o curso Aínda por determinar

5º e 6º EP	FIC	Achegar ao alumnado á experiencia de participar activamente nun festival cinematográfico	17 de setembro
	Teatro A Fundación	Achegar ao alumnado á experiencia de disfrutar de unha representación en vivo.	2º trimestre
	Conxemar	Coñecer o sector do mar e a súa importancia na economía, cultura e industria de Galicia.Identificar boas prácticas de sustentabilidade, reciclaxe e xestión de recursos mariños. Valorar o consumo de produtos do mar dentro dunha alimentación saudable e equilibrada.	Aínda por determinar
	Saída cultural ainda por determinar	Aportar experiencias fuera del aula que fomenten el espíritu crítico, el respeto por el	Aínda por determinar

	Saídas pola contorna Saída lúdica fin de curso - Tui	patrimonio cultural y artístico, y el desarrollo de actitudes de convivencia, autonomía y responsabilidad. Coñecer e explorar activamente a contorna próxima Disfrutar dunha xornada de convivencia lúdica como despedida do curso	En diferentes momentos do curso Xuño

ESO:

LUGAR	**OBXECTIVO**	**TEMPOS**
FIC (Bueu)	Achegar ao alumnado á experiencia de participar activamente nun festival cinematográfico.	1º Trimestre (Toda a etapa)
Santiago de Compostela. Meteogalicia	Visita ás instalacións co obxectivo de achegar ao alumnado o coñecemento da meteoroloxía e dos fenómenos atmosféricos.	1º Trimestre
Lyon (alumnado de LF de	Sumerxirse lingüística e	2º Trimestre

2º e 3º ESO)	culturalmente nun país estranxeiro.	
Estación de Cabeza de Manzaneda. Ourense	Fomentar actividades físico-deportivas no medio natural favorecendo ao mesmo tempo a convivencia a cooperación e a autonomía do alumnado.	2º Trimestre
Por determinar.	Viaxe de fin de etapa de 4º ESO	2º Trimestre
Galicia -por determinar- (alumnado de LF de 2º e 3º ESO)	Practicar un idioma estranxeiro convivindo cun grupo de adolescentes de Francia.	3º Trimestre
Por determinar.	Saída lúdico-deportiva	3º Trimestre

DEPARTAMENTOS. ÁMBITOS DIDÁCTICOS

ÁMBITO LINGÜÍSTICO-HUMANÍSTICO

Obxectivo xeral 2026-2027

Desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, a súa capacidade de comprender e expresarse oralmente e por escrito.

Obxectivos para Educación Infantil.

- Utilizar a linguaxe oral para expresar e compartir necesidades, sentimentos e emocións e manter una actitude de escoita e respeto cara os demáis
- Entrenar a capacidade de identificar e xogar cos sons da linguaxe oral para desenvolver una boa conciencia fonolóxica.
- Adquirir novo vocabularioo relacionado coas experiencias da aula e utilizalo de forma precisa nas distintas situacións cotiás.
- Vencellarse afectivamente con outras linguas a través das rutinas diarias e participar en actividades musicais e literarias.
- Fomentar o acercamento gradual á lectura e escritura de forma lúdica e natural.
- Favorecer na aula un clima de tranquilidade, onde o alumnado se sinta cómodo e seguro para expresarse e aprender.

Obxectivos para Educación Primaria

PRIMEIRO CICLO de Educación Primaria

- Comprender e expresarse oralmente de forma axeitada en diversas situacións socio-comunicativas propostas na aula, participando delas e manifestando unha actitude receptiva.
- Desenvolver dentro do noso horario a lectura e a Oratoria
- Fomentar o coñecemento e uso da Lingua Galega entre o alumnado, traballando diferente vocabulario, utilizando contenidos dixitais en momentos lúdicos.
- Ler e comprender diversos tipos de textos apropiados á súa idade, utilizando a lectura como fonte de pracer.

SEGUNDO CICLO de Educación Primaria

- Ler con ritmo e entoación textos adecuados á súa idade.
- Avanzar na comprensión e extracción de información dos enunciados das actividades que se realizan na aula.
- Comprender e ser quen de extraer información de textos, libros de lectura, xornais e revistas.
- Comprender e responder preguntas sobre materiais audiovisuais.
- Utilizar a lingua oral de forma coherente, como vehículo de comunicación e expresión.
- Sistematizar a expresión escrita aplicando o acordado no PLEA.
- Coñecer e aplicar as regras ortográficas propias do nivel.
- Acadar unha boa velocidade e caligrafía, tendo en conta as capacidades de cada alumno/a.
- Recoñecer os signos de puntuación adecuadas ao nivel, coñecer as normas de uso e avanzar no emprego dos mesmos.

TERCEIRO CICLO de Educación Primaria

- Comprender e ser quen de extraer ideas principais e secundarias de diferentes tipos de textos.
- Desenvolver a capacidade de expresarse mediante diferentes tipoloxías textuais: carta, descrición, noticia, conto…
- Utilizar os signos de puntuación, coñecer as regras de uso e utilizalas correctamente.
- Desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma.
- Iniciarse na utilización de técnicas de estudo (resumos, esquemas, mapas conceptuais…)

Obxectivos para Educación Secundaria

- Potenciar a expresión oral a través de presentacións e exposicións orais en clase.
- Ler de forma comprensiva e con capacidade crítica textos narrativos, descritivos,expositivos, prescritivos, argumentativos, dialogados e xornalísticos.
- Aplicar con autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.
- Coñecer e reflexionar sobre os elementos formais e os mecanismos da lingua nos planos fonolóxico, morfosintáctico e léxico-semántico.
- Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre recursos literarios, convencións de cada xénero, temas e motivos da tradición literaria relacionando a literatura coa experiencia individual e colectiva.
- Coñecer as características fundamentais, autores e obras máis representativas da literatura galega e castelá dende a Idade Media ata o século XX.

Actitudes a potenciar

- Valoración da pluralidade lingüística e cultural como unha fonte de riqueza que cómpre defender e conservar.
- Coidado e uso adecuado das habilidades grafomotrices.
- Respecto polo material propio e o común da aula.
- Presentación das producións escritas con boa caligrafía, claridade, orde e limpeza.
- Utilización da biblioteca como un espazo de aprendizaxe ao servizo do centro e da comunidade educativa.
- Fomento dunha actitude crítica ante as mensaxes prestando especial atención ás que impliquen algunha discriminación social, racial ou sexual.
- Fomento do gusto pola lectura como unha fonte de pracer e enriquecemento persoal.

Liñas de Acción Común

- Unificar criterios para desenvolver habilidades de lectoescritura dende os primeiros cursos de EP. O obxectivo fundamental que o alumnado debe acadar é o de ser competente para redactar diferentes tipos de texto con adecuación, coherencia e cohesión. Proponse organizarnos por cursos ou etapas para reforzar o traballo cos diferentes tipos de texto.
- Atender á diversidade do alumnado para acadar a inclusión, a equidade e a particpación (RE, ACIs e escolarización combinada).
- Fomentar a autonomía do alumnado.
- Detectar e incidir nos problemas na expresión oral en EI.
- Utilizar no 1º ciclo de EP un caderno de pauta Montessori para Lingua Castelá e Lingua Galega, e un caderno de cuadravía para Matemáticas.

- Empregar no 2º ciclo de EP cadernos de cuadravía, excepto no caderno de Matemáticas que será de cuadrícula.
- Utilizar en 5º EP cadernos de pauta para as materias de Lingua Castelá, Lingua Galega e Lingua Inglesa, nas materias restantes usaranse cadernos de cuadrícula, ao igual que en 6º de EP e na ESO.
- Mellorar a competencia dixital do alumnado incidindo no bo uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles
- Realizar actividades lúdicas que resulten motivadoras para o alumnado.
- Transmitir unha actitude positiva ao alumnado no referente ao uso correcto das línguas, con especial incidencia no uso do galego.
- Revisar as programacións se é preciso ao longo do curso para reorientarnos e acadar os obxectivos propostos.
- Diversificar os espazos de aprendizaxe para un maior aproveitamento das instalacións do centro (biblioteca, corredores, antiga sala de mestres, patios...) e da contorna.
- Participar no proxecto anual de centro: Escola de circo.
- Participar no Correlingua, na campaña de "Aquí tamén se fala" e noutras actividades que poidan aparecer durante o curso para fomentar o uso e defensa da lingua galega.
- Desenvolver o PLEA.

Competencias a desenvolver

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

- Comprender, interpretar e valorar o sentido de textos escritos e orais dos ámbitos persoal, social e educativo.
- Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia en diferentes contextos da súa contorna persoal, social e educativa.
- Ler textos adecuados ao seu progreso madurativo que se axusten aos seus gustos e intereses.
- Respectar as normas básicas de comunicación: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor.

Competencia plurilingüe (CP)

- Usar, polo menos, unha lingua, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder a necesidades comunicativas.
- Coñecer e respectar a diversidade lingüística e cultural presente na súa contorna.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. (STEM)

- Adestrar o razoamento lóxico mediante a análise de estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais.

Competencia dixital (CD)

- Participar en actividades e proxectos escolares mediante o uso de ferramentas tecnolóxicas.
- Empregar diversas fontes para a procura de información en internet e ter unha actitude crítica ante a información obtida.
- Elaborar información propia a partir da obtida a través de diferentes ferramentas tecnolóxicas.

Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)

- Recoñecer e apreciar os aspectos fundamentais do patrimonio cultural e artístico, comprendendo as diferenzas entre distintas culturas e a necesidade de respectalas.
- Experimentar de forma creativa con diferentes medios e soportes para elaborar propostas artísticas e culturais.

Competencia cidadá (CC)

- Participar en actividades comunitarias, na toma de decisións e na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa.
- Coñecer as normas de convivencia, e aplícalas de maneira construtiva, dialogante e inclusiva en calquera contexto.
- Comprender a necesidade de respectar diferentes culturas e crenzas, de coidar a contorna, de rexeitar prexuízos e de opoñerse a calquera forma de discriminación ou violencia.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

- Ser consciente das propias emocións, ideas e comportamentos persoais e empregar estratexias para xestionalas en situacións de tensión ou conflito.
- Recoñecer e respectar as emocións das demais persoas, participar activamente no traballo en grupo e asumir as responsabilidades individuais asignadas.
- Recoñecer o valor do esforzo e a dedicación persoal para a mellora da súa aprendizaxe.

Competencia emprendedora (CE)

- Identificar fortalezas e debilidades propias utilizando estratexias de autocoñecemento.
- Planificar tarefas, cooperar con outros en equipo, valorando o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a cabo unha iniciativa

emprendedora, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

Metodoloxía

● Emprego do Proxecto MOLALALETRA de Edelvives para Lingua Castelá en Educación infantil.

● Deseño e elaboración de material para desenvolver os proxectos en lingua galega: *O moucho*, *Os golfiños* e *O esquío.*

● Utilización dos seguintes materiais nos cursos de EP:

○ 1º e 2º EP Lingua castelá: Santillana. Construyendo nuevos mundos.

○ 1º e 2º EP Lingua galega: Santillana. Construíndo novos mundos.

○ 3º e 4º EP en Lingua Galega empregarase o libro de Santillana “Lingua +”

○ 3º EP en Lingua Castelá empregarase o libro Santillana. Construyendo mundos.

○ 4º Ep en Lingua castelá Santillana “Lengua +”.

○ 5º e 6º EP en Lingua Castelá Santillana “Construyendo Mundos”

○ 5º EP en Lingua Galega Santillana “Lingua +”

○ 6º EP en Lingua Galega Santillana “Construindo Mundos”

● Utilización de libros de texto dixitais na ESO, programa E-Dixgal.
● Utilización libros de texto Lingua Galega e Literatura 1º , 2º, 3º, 4º ESO Operación Mundo. Anaya.
● Sistematización do emprego do audiovisual galego para fomentar o galego entre o alumnado, sobre todo, de EI. e EP: Paco Nogueiras, Brais das Hortas, Uxía Lambona, A Gramola Gominola, María Fumasa...
● Utilización de diversos materiais para alumnado con NEAE: GEU,DISMES…
● Utilización dunha plantilla cunhas instrucións comúns relacionadas coa presentación de cadernos e traballos escritos. (EP).
● Fomento das TIC: utilización de diferentes aplicacións para realizar o seguimento da evolución do alumnado, o reforzo das aprendizaxes ou a avaliación (Plickers, Socrative, Quizziz…)
● Rutinas de traballo.
● Uso de sistemas alternativos / aumentativos de comunicación.
● Fomento da cultura emocional e establecemento dun vínculo afectivo co alumnado como base para desenvolver o proceso de aprendizaxe.
● Traballo cooperativo e por proxectos.
● Exercitación dos procesos de comprensión e produción de textos.

- Actividades lúdicas e dinámicas para fomentar a imaxinación e a creatividade.
- Lecturas recomendadas para fomentar o hábito de ler e o pracer como lector.

Celebracións Comúns

Samaín (30 outubro)
Magosto (novembro)
Entroido (5 febreiro)
Día de Rosalía de Castro (23 de febreiro)
Día do Libro (semana do 19 ao 23 de abril)
Letras Galegas (semana do 10 ao 14 de maio)
Xornadas Culturais (data por determinar)

Avaliación

A avaliación efectuarase mediante a observación do progreso e evolución do alumnado e atendendo sempre ás súas capacidades persoais. Serán instrumentos adecuados para isto:

- A realización da avaliación inicial.
- A realización de probas para avaliar a consecución dos obxectivos fixados para cada curso utilizando diferentes ferramentas de avaliación.
- A realización de actividades de consolidación das aprendizaxes adquiridas.
- Os traballos ou proxectos realizados en equipo ou de xeito individual.
- A realización das lecturas propostas para cada trimestre.
- Realización probas de recuperación. (ESO).

COLABORADORES: Rodas Durán, Maricarmen.

Muradás Cerviño. Ángela

COORDINADORA: Vázquez Carlés, María Dolores

ÁMBITO CIENTÍFICO –TECNOLÓXICO

OBXECTIVO XERAL

Promover o desenvolvemento da competencia matemática do alumnado mediante a resolución de problemas, o razoamento, a comunicación e a aplicación de estratexias matemáticas, fomentando a autonomía, a creatividade e unha actitude positiva cara ás matemáticas.

EDUCACIÓN INFANTIL

- Utilizar os números do 0 ao 99 en actividades e situación da vida cotiá.
- Aprender estratexias de conteo.
- Utilizar os números ordinais do 1º ao 10º.
- Iniciarse en operacións de suma e resta en relación coa resolución de problemas.
- Completar series lóxicas.
- Utilizar as nocións espaciais básicas.
- Coñecer, identificar e nomear figuras xeométricas planas.
- Identificar e utilizar os cuantificadores de forma correcta.
- Iniciarse na estimación de distintas magnitudes.

EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

- Consolidar os conceptos matemáticos básicos sobre o número, a medida, as formas xeométricas e a súa situación no espazo, as posibilidades operatorias e de organización da información.
- Empregar estratexias de cálculo mental para a resolución de problemas.
- Utilizar o coñecemento matemático para detectar, comprender, valorar, interpretar e producir información sobre situacións cotiás do seu entorno.
- Manifestar satisfacción polo progreso dos seus coñecementos matemáticos e pola autonomía que lle proporcionan os mesmos.

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

- Comprender os números e as operacións a través de actividades divertidas, manipulativas, contextualizadas e adaptadas ás necesidades do alumnado.
- Facer unha lectura comprensiva dos enunciados das actividades e extraer os datos relevantes para a resolución das mesmas.
- Identificar a utilidade de cada un dos algoritmos matemáticos e recoñecer en que momentos é necesario empregar cada un deles.

- Desenvolver estratexias matemáticas que lles permitan anticiparse e visualizar dun xeito global as posibles formas de resolución e os resultados.

- Plantexar e resolver de maneira individual ou de forma cooperativa, problemas extraídos da vida cotiá, elixindo e utilizando diferentes estratexias, razoando o proceso e interpretando os resultados.

- Usar correctamente a linguaxe matemática co fin de comunicarse de maneira clara, concisa, precisa e rigorosa.

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

- Adoitar estratexias de cálculo mental das diferentes operacións básicas.

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas e ser capaces de aplicalas ás situacións da vida cotiá.

- Desenvolver e fomentar o pensamento científico para abordar problemas e achar solucións.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

PRIMEIRO CICLO

- Empregar o uso das TIC mediante ferramentas tecnolóxicas para calcular, graficar, verificar resultados e presentar tarefas matemáticas.

- Fomentar o traballo en equipo colaborando de forma activa, crítica e respectuosa, comunicando ideas e tomando decisións informadas.

- Desenvolver a resolución de problemas analizando e avaliando a validez das solucións obtidas con diferentes técnicas.

- Integrar a educación socioemocional xestionando emocións, respectando a diversidade do grupo e asumindo roles para un aprendizaxe saudable e colectivo.

SEGUNDO CICLO

- Resolución de problemas: Plantexar e resolver situacións cotiás mediante o razoamento lóxico, indutivo ou dedutivo, validando os resultados e integrando o erro como ferramenta de aprendizaxe.
- Análise crítica da información: Interpretar e valorar con criterio os elementos matemáticos (estatística, xeometría, gráficos) presentes nos medios de comunicación e contornas dixitais.
- Pensamento computacional: Descompoñer problemas, identificar patróns e crear ou adaptar algoritmos para modelizar e resolver situacións de forma eficaz.

Competencias a desenvolver

STEM- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

- Aplicar as estratexias de resolución de problemas e cálculo mental a calquera situación problemática.
- Recoñecer a importancia da ciencia e das tecnoloxías na nosa vida cotiá.

CCL - Competencia en comunicación lingüística e CP - Competencia plurilingüe.

- Comprender o sentido dos textos e enunciados escritos.
- Expresar por escrito e oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información ou estratexia de resolución de problemas, e en diferentes linguas.

CD - Competencia dixital

- Traballar os contidos a través das TIC e diferentes aplicacións dixitais.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

CC - Competencia cidadá.

- Mostrar dispoñibilidades para a participación activa en ámbitos da cultura local.
- Recoñecer a riqueza na diversidade de opinións e ideas.

CPSAA - Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

- Identificar potencialidades persoais: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas…
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

CE - Competencia emprendedora.

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

CCEC - Competencia en conciencia e expresión culturais.

- Identifica conceptos matemáticos en elementos do seu entorno natural (simetría, rotación).
- Identifica conceptos matemáticos en expresións artísticas ou culturais do seu entorno (edificios, mapas, planos, pinturas).

Actitudes a potenciar:

- Adquisición destrezas e rutinas na utilización da aula virtual e das aplicacións dispoñibles.
- Disposición favorable á revisión e mellora do resultado de calquera cálculo ou problema alxebraico.

- Confianza e interese en dar con procedementos e estratexias diferentes no cálculo mental.
- Sensibilidade e interese polas mensaxes de natureza numérica, apreciando a utilidade do sistema de numeración decimal na vida cotiá.
- Fomentar unha actitude de tolerancia, respecto e colaboración, valorando as diferentes formas de razoar e resolver problemas.
- Gusto pola exploración, manipulación e experimentación con obxectos, cantidades, formas, espazos e medidas.

Liñas de acción comúns:

- Desenvolver a curiosidade e a confianza nas súas propias capacidades para afrontar os problemas.
- Autonomía na realización das actividades.
- Uso da linguaxe matemática en situación da vida cotiá.
- Potenciar o gusto pola presentación ordenada e clara das tarefas.
- Utilizar os recursos tecnolóxicos (calculadora, material multimedia, follas de cálculo, Internet, pantallas dixitais, libros interactivos, libro de alumnado…).
- Traballar o cálculo de xeito continuado.
- Tratar de abarcar en maior ou menor profundidade tódolos contidos que a lei establece para cada curso.

Metodoloxía:

- Traballo de comprensión e razoamento individual. Reflexión en gran grupo.
- Actividades lúdicas e dinámicas que fomenten o gusto pola materia.
- A observación, manipulación e a experimentación con diversos materias e obxectos.
- Incentivar formas diferentes de aprender aplicando plataformas dixitais para o desenvolvemento das clases, a realización e presentación de exercicios, realización de probas escritas, etc.
- Metodoloxías activas: Flipped Classroom, aprendizaxe baseado en proxectos, aprendizaxe baseado en problemas, etc.
- Metodoloxía baseada en competencias a través dos programas de Mate +, EMAT secundaria que buscan unha aprendizaxe estrutura estruturada e progresiva das matemáticas a través do xogo e a experimentación e a manipulación.
- Realizar un proxecto nun trimestre determinado empregando as TIC.
- Técnicas de resolución de problemas da vida cotiá.
- Estratexias de cálculo mental.
- Adaptación da metodoloxía á diversidade da aula.

Avaliación:

- Realizar unha avaliación inicial (proba tipo test, seguimento diario na aula durante o mes de setembro, etc.)
- Realizar probas globais.
- Observar a cada alumno segundo a súa capacidade, realizando os reforzos educativos e adaptacións curriculares necesarias.
- Valorar o esforzo diario e a colaboración no desenvolvemento das clases.

- Avaliar tendo en conta as competencias do alumnado.

Recursos:

- Instrumentos de medida convencional: balanzas, cinta métrica, reloxo, regra, recipientes graduados.
- Ferramentas de cálculo: calculadora, ordenador, …
- Material de apoio: compás, palillos, mesa de luz, …
- Material multimedia: Libros interactivos, encerados dixitais, Internet, …
- Libros dixitais Mate + (4º, 5º e 6º EP) e EMAT (ESO).
- Xogos e puzzles, tangrams, …
- Utilizar material sinxelo e visible que se atope na súa contorna.
- Cadernos individuais.

Actividades:

- Celebración do día das Matemáticas: Día das Matemáticas o 14 de marzo de 2027 o que se traballará ao longo da semana do 15 de marzo.
- Celebración do día internacional da muller e a nena na ciencia na semana do 11 de febreiro de 2027.
- Reforzar o emprego das TIC como medio de aprendizaxe.

COLABORADORAS: Abad Vieito, Beatriz

López Avendaño, Andrea

Castro Moreira, Erika

COORDINADORA: Rosales Sanmartín, María Jesús

ÁMBITO DESENVOLVEMENTO MOTOR

Obxectivos de Etapa

EDUCACIÓN INFANTIL

1. Traballar e mellorar a coordinación dinámica xeral necesaria para conseguir movementos armónicos, tanto segmentarios como globais para que o neno/a vaia adquiríndoos progresivamente.

2. Acadar unha boa coordinación visomotora, o que lle permitirá alcanzar unha maior precisión nas actividades motrices de carácter fino.

3. Coñecer e mellorar a Orientación espacial,Que o neno/a aprenda e asimile diferentes nocións espaciais, experimentando primeiro co seu propio corpo para posteriormente podelas representar mentalmente.

4. Alcanzar unha adecuada estruturación espazo-temporal, por medio da interiorización dos ritmos e a secuenciación de elementos

5. Contribuír e axudar o neno-a a consolidar a lateralidade. Comeza a manifestarse os tres anos e non acada unha dominancia cerebral ata os cinco ou seis anos. E un dos máis importantes pola repercusión no aprendizaxe da lectoescritura.

6. Traballar e acadar unha boa noción do esquema corporal. Que o neno/a comece a ter conciencia, coñecemento e representación do seu propio corpo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

PRIMEIRO CICLO

1. Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demáis.
2. Conseguir que o neno teña unha Lateralidade definida.
3. Adquirir a dinámica de traballo, cambiarse, quecemento, parte principal, volta a calma, cambiarse e asearse, todo isto en orde.
4. Identificar as emocións que se producen durante o xogo.
5. Respetar as normas consensuadas, así como las regras do xogo.

SEGUNDO CICLO

1. Afianzar as habilidades Motrices Básicas.
2. Acadar unha boa coordinación dinámica xeral.
3. Respetar as normas consensuadas, así como las regras do xogo.
4. Consolidar o esquema corporal
5. Mellorar as capacidades físicas, dando prioridade a flexibilidade sobre as demais.

TERCEIRO CICLO

1. Recoñecer os efectos beneficiosos dende o punto de vista físico, mental e social da actividade física.
2. Mellorar as capacidades físicas, dando prioridade a flexibilidade sobre as demais.
3. Afianzar a coordinación óculo-manual e óculo-pédica.
4. Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo.

5. Conseguir uns mínimos coñecementos en xogos predeportivos e deportes.
    - Normas e regras de xogo
    - Habilidades básicas, bote, pase, tiro, rebote, desmarque
    - Tácticas de xogo básicas, defensa, ataque.

EDUCACIÓN SECUNDARIA

- Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.

- Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.

- Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.

- Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.

- Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.

METODOLOXÍA

A Educación Física na educación ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

Teremos en conta algúns elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

AVALIACIÓN

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido son as táboas de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, pero tamén haberá probas escritas e traballos en formato dixital.

COMPETENCIAS CLAVE

<u>Competencia plurilingüe</u>

- Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder as súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e

adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional.

- A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual.
- Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría

- Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se fose necesario.

- Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia.

- Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade.

- Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos coñecementos.

- Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o medio ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

Competencia dixital

- Realiza procuras en Internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referencialos e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual.

- Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente.

- Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva.

- Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o medio ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías.

- Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender

- Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivo.
- Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, recoñece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas.
- Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuíndo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas.
- Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes.

- Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

Competencia cidadá

- Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto.
- Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración europea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial.
- Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia.
- Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

Competencia emprendedora

- Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional.
- Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autocoñecemento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e as finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor.
- Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

Competencia en conciencia e expresión culturais

- Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística.
- Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan.
- Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa.
- Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

COORDINADOR: Carlos Lobelle Carús

COLABORADORES: Jose Rosales Estévez

ÁMBITO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS

Obxectivos Xerais

- Comprender e producir mensaxes orais e escritas na lingua inglesa.
- Utilizar a lingua inglesa oral na aula entre os alumnos e o profesor e entre os alumnos /-as mesmos.
- Recoñecer e valorar algúns trazos socio-culturais característicos das comunidades de falantes da lingua estranxeira.

Educación Infantil

- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da aula e amosar interese e desfrute ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Aprender os sons das letras coa súa correspondente acción a través da metodoloxía Jolly Phonics.
- Identificar os sons que hai en palabras curtas e saber ler e escribir palabras moi sinxelas.

Educación Primaria

PRIMEIRO CICLO

- Comprender mensaxes orais e escritas sinxelas e breves.
- Manifestar, mediante respostas físicas, xestos e expresións, a comprensión do vocabulario e frases obxecto de estudo.
- Valorar a comunicación nunha lingua estranxeira e gozar con ela.
- Coñecer os sons característicos da lingua inglesa e as súas pautas de ritmo e entonación.

SEGUNDO CICLO

- Recoñecer e interpretar o sentido de palabras e frases en textos orais e escritos sobre temas frecuentes.
- Expresar, tanto por oral como na escrita, frases curtas e textos moi breves e sinxelos.
- Ler e comprender frases e textos sinxelos.
- Amosar iniciativa e interese por expresarse e interactuar oralmente en distintas situacións.
- Recoñecer e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística dos países onde se fala a lingua estranxeira

TERCEIRO CICLO

- Comprender o sentido xeral e información de textos breves e sinxelos, expresados de forma clara, tanto oralmente como na escrita, e facendo uso de diversas estratexias.
- Producir textos sinxelos mediante o emprego de estratexias como a planificación ou a compensación, para expresar mensaxes breves relacionados con necesidades inmediatas e responder a propósitos comunicativos cotiás.
- Expresarse e interactuar oralmente en distintas situacións.
- Apreciar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística a partir da lingua estranxeira.

Educación Secundaria

- Escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais.
- Expresarse e interactuar oralmente en distintas situacións.
- Ler e comprender textos diversos.
- Escribir textos con finalidades diversas utilizando recursos de coherencia e cohesión.
- Potenciar o traballo de xeito competencial a través de proxectos e dinámicas cooperativas así como de exercicios como: lecturas comprensivas, redacción de textos, traducións, presentacións orais, diálogos e outros.

- Valorar a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento entre distintas persoas.

Competencias a desenvolver

Competencia en comunicación lingüística

- Intercambiar información persoal.
- Narrar experiencias e accións pasadas e presentes.
- Expresar plans futuros e intencións.
- Describir situacións dadas e obxectos animados e inanimados.
- Saber expresarse oralmente de xeito claro e fluído con pronunciación, ritmo, ton e confianza.
- Utilizar estruturas gramaticais e poñer en práctica a corrección ortográfica.
- Comprender audicións de forma global e máis específica.

Competencia plurilingüe

- Realizar transferencias entre as distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o repertorio lingüísitico individual.
- Coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística presente na sociedade.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender

- Respectar as quendas de palabra e escoitar as respostas dos compañeiros.
- Amosar expectativas positivas ante o traballo en grupo.
- Manter unha actitude construtiva e solidaria ante a información que se presenta sobre os países anglófonos e ante as interaccións que se dan na aula.
- Escoitar de xeito activo.
- Avaliar e identificar as áreas que precisan un repaso máis en profundidade.
- Realizar as actividades de autoavaliación ao final de cada unidade.
- Autocontrol da atención e perseverancia na tarefa.

Competencia emprendedora

- Uso da creatividade persoal á hora de producir textos escritos e orais a partir de modelos dados.
- Fomento do traballo cooperativo na aula.
- Obtención de información por conta propia.
- Valorar de forma realista os resultados dende o esforzo realizado.
- Búsqueda de alternativas ante as dificultades de comunicación.

Competencia dixital

- Facer un uso ético, responsable e seguro da Internet á hora de buscar información.
- Utilizar e valorar os recursos interactivos do libro e do colexio.
- Elaboración dun guión previo á presentación oral dun traballo

Competencia en conciencia e expresións culturais

- Respectar e gozar das manifestacións culturais e artísticas dos países de fala inglesa identificando as semellanzas e as diferenzas cos do propio país para favorecer o respecto e a tolerancia.
- Aprender datos relevantes sobre os costumes e tradicións doutros países.

Competencia cidadá

- Interactuar cos demais amosando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo.
- Desenvolver xuícios propios para afrontar controversias con actitude dialogante, argumentativa e respectuosa, afastándose de calquera tipo de violencia ou discriminación

STEM

- Adestrar o razoamento lóxico mediante a análise de estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais.

Metodoloxía

- Proxecto Jolly Phonics en 4 e 5 anos.
- Libros de texto 1º- 4º EP (pupil´s book + activitiy book, ed. Macmillan)
- Libros de texto 5º - 6º EP: pupil´s book -dixital- e activity book -impreso ed. Macmillan
- Edixgal 1º - 4º ESO (student´s book -dixital)
- Lecturas de nivel guiado en toda a ESO.
- Celebración de Halloween, Christmas, St Valentine e St Patrick.
- Utilización do material multimedia e do audiovisual.
- Traballo cooperativo.
- Actividades de carácter lúdico e máis comunicativo nas clases coa auxiliar de conversa.

Avaliación

- Avaliación inicial
- Avaliación progresiva
- Probas de recuperación na ESO
- Avaliación continua: observación diaria da participación, do comportamento e do nivel de éxito dos alumnos/-as nas actividades de clase (sexan individuais ou cooperativas).
- Avaliación dos proxectos
- Avaliación por competencias

COORDINADOR: César Gallego Novas

COLABORADORES: Cristina Iglesias Ormaechea

ÁMBITO ARTÍSTICO. MÚSICA-EA

ÁREA MÚSICA

Obxectivos Xerais

Obxectivos para Educación Infantil

- Escoitar: Interese, atención e silencio.
- Recoñecer diferentes elementos musicais a través da audición, tales como instrumentos diversos e obxectos sonoros.
- Espertar nos nenos a imaxinación motora, clave do ritmo musical, a través de exercicios baseados no movemento corporal.
- Desenvolver o sentido do ritmo vivo libre.
- Desenvolver a coordinación motora a través da percusión.
- Tomar conciencia da propia voz e respiración.
- Traballar a expresión corporal e as emocións a través do movemento e da música tomando conciencia do esquema corporal.

Obxectivos para Educación Primaria

PRIMEIRO CICLO

- Expresar verbalmente e de forma gráfica as sensacións e os sentimentos provocados por unha obra musical.
- Interpretar cancións sinxelas individuais e grupais como instrumento e recurso expresivo desenvolvendo a creatividade.
- Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas que ofrece o propio corpo utilizado como instrumento.
- Despertar no alumnado o sentido rítmico.
- Coñecer e participar nas distintas posibilidades expresivas do corpo a través do movemento e a danza.

SEGUNDO CICLO

- Identificar o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións e como forma de interacción social.
- Entender a voz como instrumento, partindo da canción e das posibilidades para interpretar, crear e improvisar.
- Desenvolver no alumnado o potencial auditivo, sensorial e afectivo a través da escoita, o recoñecemento e a reprodución.
- Interpretar mediante a voz, o corpo e os instrumentos cancións e acompañamentos rítmicos mantendo a coordinación coa do resto do grupo.

- Participar activamente en audicións musicais e acompañalas a través da percusión, o xogo,o movemento rítmico, a danza e o xogo, colaborando en actividades de creación e interpretación.

TERCEIRO CICLO

- Aplicar correctamente os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musicais.
- Utilizar diferentes linguaxes (corporal, gráfico e verbal) para a interpretación e a creación musical.
- Participar en actividades musicais cunha actitude aberta, interesada e respetuosa, tanto individualmente como en grupo, mantendo o silencio como condición necesaria para realizar a actividade musical, o que fomenta a actitude de saber escoitar e favorece o diálogo.
- Utilizar de forma axeitada os medios informáticos e saber seleccionar a información máis relevante sobre xéneros musicais, instrumentos, compositores, intérpretes ou eventos musicais.
- Descubrir e coñecer as posibilidades expresivas do corpo e o movemento a partir de exercicios de estruturación do esquema corporal.

Obxectivos para Educación Secundaria

● Desenvolver a audición musical a través do recoñecemento dos parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical.
● Manexar os elementos da representación gráfica da música na lectura e na escritura musical.
● Dominar nocións básicas de composición e formas de organización musical.
●Interpretar musicalmente obras sinxelas, desenvolvendo as súas capacidades e habilidades musicais e de traballo en grupo.
● Respectar as creacións musicais propias e alleas.
●Investigar as posibilidades sonoras de obxectos.
● Discriminar auditivamente os distintos instrumentos, as voces e as súas agrupacións.

● Descifrar o código musical na lectura de partituras.
● Valorar o silencio na audición musical.

● Relacionar a música con outras disciplinas.
● Mostrar interese por músicas de diferentes culturas e diversificar as preferencias musicais.
● Valorar a música actual desenvolvendo unha capacidade de análise crítico e interese polos seus elementos creativos e innovadores.
● Manexar as ferramentas tecnolóxicas na gravación, a reprodución, a creación ou a interpretación musical.

● Utilizar os recursos informáticos como medios de aprendizaxe e investigación do feito musical.

Atitudes a potenciar

- Respeto polas producións propias e alleas.
- Interese polo manexo e coidado do material da aula de Música.
- Valoración do corpo e a voz como medios de expresión musical.
- Aceptación das normas e respeto ás indicacións da persoa que dirixe o mesmo.
- Valoración do silencio como indispensable para a execución e audición musical.

Liñas de Acción Común

- Potenciar o gusto pola presentación ordeada e clara.
- Fomentar o uso de actividades lúdicas para a mellor comprensión dos contidos.
- Usar recursos tecnolóxicos (material multimedia, internet, pantallas dixitais, libros interactivos…

Competencias clave a desenvolver

Competencia en comunicación lingüística (CCL)

- ❖ Empregar a voz, o corpo, obxectos, instrumentos e recursos tecnolóxicos para expresar ideas e sentimentos, enriquecendo as propias posibilidades de comunicación e respetando outras formas distintas de expresión.
- ❖ Comprender e apreciar as relación entre a linguaxe musical e outras linguaxes e ámbitos de coñecemento, así como a función e significado da música en diferentes produción artísticas e audiovisuais.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM)

- ❖ Empregar de forma autónoma diversas fontes de información, medios audiovisuais, internet, textos, partituras e outros recursos gráficos para o coñecemento e desfrute da música.
- ❖ Identificar situacións cotiás na aula de música que requiren a aplicación de estratexias de resolución de problemas.

Competencia dixital (CD)

- Escoitar unha ampla variedade de obras de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, apreciando o seu valor como fonte de coñecemento, enriquecemento intelectual e pracer persoal, interesándose por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.
- Coñecer e utilizar diferentes medios audiovisuais e tecnoloxías da información e a comunicación como recursos para a produción musical valorando a súa contribución as distintas actividades musicais e á aprendizaxe autónoma da música.

Conciencia e expresións culturais (CCEC)

- Considerar a música como parte do noso patrimonio cultural; incluíndo a música popular como testemuña da nosa historia.
- Interesarse e ter iniciativa por participar na vida cultural do noso centro e da nosa comunidade.

Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA)

- Regular e expresar a súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos.

Competencia plurilingüe (CP)

- Coñecer, valorar e respectar a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

Competencia emprendedora (CE)

- Uitlizar as destrezas para favorecer un traballo colaborativo en equipo, optimizando os recursos para que leven a unha experiencia emprendedora de valor.
- Desenvolver a creatividade e a imaxinacción.

Competencia cidadá (CC)

- Analizar e comprender ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos… amosando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interaccións cos demais.

Metodoloxía

Celebracións Comúns

- Magosto.
- Festival de Nadal.
- Día da Paz.
- Entroido.
- Mes de Maio.
- Letras Galegas.
- Festa dos Maios
- Semana cultural.
- Teatros Musicais.

Avaliación

- Observación continua do grao de progreso e evolución de cada alumno, atendento sempre ás súas capacidades persoais.
- Usar unha variedade de ferramentas como escalas de observacións, probas auditivas, rúbricas e e exercicios de interpretación.

COORDINADOR:

Víctor M. Fdez Vázquez

COLABORADORES:

Beatriz Abad Vieito

Andrea López Avendaño

ÁREA PLÁSTICA

Obxectivos Xerais

OBXECTIVOS:

Esta área pretende que os nenos e as nenas acaden a competencia necesaria para expresarse e comunicarse además de percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e a cultura, dotándoos deste modo de instrumentos para valoralas e formular opinións fundamentadas no coñecemento. Ao realizar un traballo plástico, o que facemos é representar as experiencias da nosa vida, ampliando as posibilidades de ocio e desfrute.

Durante este curso o proxecto anual do centro é “Escola de circo”. Desenvolverase a creatividade, a expresión artística e o traballo cooperativo do alumnado mediante a exploración de diferentes técnicas, materialistas e linguaxes visuais. Fomentarase a creación de producións artísticas vinculadas ao mundo do circo, promovendo a participación activa, a imaxina e a valoración das propias creacións e as dos demais.

Cabe destacar que durante a Educación Primaria a área de Educación Plástica está englobada dentro do Plan de Plurilingüismo da Xunta de Galicia polo que se imparte en Lingua Inglesa.

Obxectivos Ed. Infantil:

- Experimentar con distintos materiais plásticos desenvolvendo a imaxinación e a iniciativa nas súas produccióǹs.

- Expresar ideas, emocións e sentimentos a través das distintas técnicas plásticas.

- Valorar as propias produccióǹs e respectar as dos demáis.

- Representar e interpretar elementos propios do circo, como pallasos, malabaristas, acróbatas, animais, carpas ou espectáculos, empregando diferentes formas de expresión plástica.

Obxectivos Ed. Primaria:

1º ciclo:

- Fomentar a creatividade e a imaxinación a través dla experimentación con diferentes materiais, técnicas e procedementos artísticos.
- Recoñecer e empregar diferentes técnicas e procedementos plásticos como o debuxo, o “collage”, a pintura e modelado.
- Fomentar a apreciación e o disfrute de obras artísticas propias e de outros, valorando a diversidade cultural e o patrimonio artístico.
- Fomentar a cooperación e o respeto no traballo grupal, participando nos proxectos artísticos colectivos e respetando as ideas e traballos dos compañeiros.
- Familiarizarse co uso básico de ferramentas e tecnoloxías simples (tesorias, pinceles, pinturas, materiais reciclados) para a creación de obras plásticas.
- Aprender e utilizar vocabulario específico en inglés (cores, formas, nomes de materiais, ferramentas, técnicas, etc.).

- Representar e interpretar elementos propios do circo, como pallasos, malabaristas, acróbatas, carpas ou espectáculos, empregando diferentes formas de expresión plástica.

2º ciclo:

- Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma individual ou cooperativa na consecución dun resultado final planificado amosando respecto á diversidade e durante todo o proceso creativo.
- Producir obras propias básicas utilizando a imaxina e os medios analóxicos e dixitais básico e mostrando confianza nas capacidades propias.

- Recoñecer e empregar diferentes técnicas e procedementos plásticos como o debuxo, o "collage", a acuarela, a estampación, o sombreado e o uso de técnicas mixtas.
- Empregar axeitadamente ferramentas e tecnoloxías simples (tesoiras, pinceis, pinturas, materiais reciclados) para a creación de obras plásticas.
- Amosar interese por expresarse en inglés empregando vocabulario específico relativo ás liñas, formas, cores e ferramentas.
- Fomentar a apreciación e o disfrute de obras artísticas propias e de outros, valorando a diversidade cultural e o patrimonio artístico.

- Desenvolver a creatividade, a imaxinación e a capacidade de expresión artística a través de actividades plásticas relacionadas coa temática do circo.

3º ciclo:

- Participar no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma individual ou cooperativa na consecución dun resultado final amosando respecto á diversidade e durante todo o proceso creativo.

- Integrar o **proxecto anual del centro, "Escola de circo"**, desenvolvendo a creatividade, a expresión artística e o traballo cooperativo do alumnado mediante a exploración de diferentes técnicas, materialistas e linguaxes visuais. Fomentarase a creación de producións artísticas vinculadas ao mundo do circo, promovendo a participación activa, a imaxina e a valoración das propias creacións e as dos demais.
- Empregar a imaxina e os medios analóxicos e dixitais para producir obras harmoniosas mostrando confianza nas capacidades propias.
- Recoñecer e empregar diferentes técnicas e procedementos plásticos analóxicos e facer uso das TRIC para editar imaxes e vídeos.
- Empregar axeitadamente ferramentas e tecnoloxías para a creación de obras plásticas.
- Amosar interese por expresarse en inglés.
- Apreciar e disfrutar de obras artísticas propias e de outros, valorando a diversidade cultural e o patrimonio artístico.

Obxectivos Ed. Secundaria:

- Manter unha actitude de busca persoal e colectiva, integrando a percepción, a imaxinación, a sensibilidade, a indagación e a reflexión de realizar ou desfrutar de diferentes producións plásticas.

- Empregar os coñecementos plásticos na observación e análise de situacións e obxectos da realidade cotiá e de diferentes manifestacións do mundo da arte e a cultura, para comprendelos mellor e formar un gusto propio.

Actitudes a potenciar

- Respecto polas producións propias e alleas.
- Interese polo manexo e coidado do material de traballo.
- Valoración das producións plásticas como medio de expresión.

- Aceptación das normas e respeto ás indicacións da persoa que dirixe o mesmo.

Liñas de Acción Común

- Potenciar o gusto pola presentación ordeada e clara.
- Fomentar a creatividade a través do emprego de diferentes materiais.
- Usar recursos tecnolóxicos (material multimedia, internet, pantallas dixitais, libros interactivos, webs de museos….)

- Empregar materiais de refugallo, para educar nun consumo responsable e fomentar o coidado do medio ambiente.

Competencias clave a desenvolver

CCL- Competencia en comunicación lingüística

Expresar e interpretar mensaxes visuais e plásticas con vocabulario específico, explicando con claridade ideas, procesos e sentimentos a través da linguaxe artística.

CP- Competencia plurilingüe

Fomentar a comprensión e a produción de mensaxes visuais e artísticas en diferentes linguas, empregando a terminoloxía específica da área en galego, castelán e, cando sexa posible, noutras linguas estranxeiras, para favorecer a expresión creativa, o intercambio cultural e a interpretación crítica de obras e contextos artísticos a nivel global.

STEM- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

Empregar conceptos xeométricos, proporcións, simetrías e escalas na creación plástica, comprendendo a súa aplicación práctica en obras e deseños.

CD- Competencia dixital

Utilizar ferramentas dixitais para crear, editar e difundir imaxes, respectando os dereitos de autor e desenvolvendo un uso crítico das tecnoloxías visuais.

CPSAA- Competencia persoal, social e de aprender a aprender

Valorar as producións propias e alleas con actitude respectuosa, recoñecendo a diversidade cultural e a función da arte como medio de comunicación social.

CC- Competencia cidadá

Desenvolver a capacidade crítica e creativa a través da expresión plástica, fomentando o respecto pola diversidade cultural, a valoración do patrimonio artístico e a colaboración en proxectos colectivos que contribúan á convivencia democrática e á participación responsable na sociedade

CE- Competencia emprendedora.

Formular proxectos artísticos persoais e colectivos, asumindo riscos creativos e propoñendo solucións orixinais aos retos plásticos.

CCEC- Competencia en conciencia e expresión culturais.

Coñecer, analizar e recrear obras artísticas de distintas épocas e culturas, desenvolvendo unha sensibilidade estética e unha expresión persoal coherente.

Metodoloxía

A metodoloxía terá un enfoque globalizado, profundizando en coñecementos e técnicas que permitan facer ao alumnado protagonista activo, onde a súa exploración e interpretación o leve a interiorizar coñecementos e técnicas, para posteriormente interpretar e crear.

O desenvolvemento desta área deberá permitir coñecer, e apreciar as manifestacións artísticas para favorecer o desenvolvemento da súa percepción, sensibilidade, curiosidade e creatividade.

A metodoloxía empregada debe ser asumida dende a perspectiva de “saber facer”, realizándose os procesos de aprendizaxe dende a propia experiencia, con autonomía e iniciativa.

Celebracións Comúns

- Halloween.
- Magosto.
- 25 Nov.
- Festival de Nadal.
- Día da Paz.
- Entroido.
- Día do libro.
- Letras Galegas.
- Mes de Maio.
- Día das familias.
- Semana cultural.
- Talents for change.

Saídas

Posibles saídas o museo de Pontevedra, café moderno, facultade de Belas artes, galerías de arte do propio concello (sala Amalia) con actividades didácticas.

Outras

- Concursos
- Propostas suxeridas polo Concello ou distintas institucións.

- Proxecto anual de centro
- Proxecto de Pastoral

Avaliación

- Observación: organización de materiais, participación, actitude e interese.
- Realización das actividades seguindo as instrucións dadas.
- Análise sistemático e continuado das tarefas realizadas a diario. Valoraranse aspectos formais (orden, limpeza, coidado do material…) e a realización de todas as actividades con corrección e comprensión.
- Observación continua do grao de progreso e evolución de cada alumno e alumna, atendendo sempre ás súas capacidades persoais.

COORDINADORA: Ana María Acuña Rodríguez

COLABORADORES: Sonia Loira, Cristina Iglesias

DEPARTAMENTO DE INNOVACIÓN

OBXETIVO XERAL

1. Potenciar unha comunicación efectiva, inclusiva e respectuosa en todas as etapas, favorecendo a interacción entre diferentes estilos comunicativos e garantindo a participación do alumnado NEAE.
2. Fomentar o traballo cooperativo mediante dinámicas e proxectos que promovan a corresponsabilidade e o aproveitamento dos talentos individuais.
3. Continuar coa formación do profesorado no uso pedagóxico das TRIC, aproveitando os recursos dos POLOS Creativos para desenvolver proxectos innovadores que impulsen a creatividade e a aprendizaxe competencial.
4. Establecer indicadores claros e avaliables para medir o progreso do alumnado e do profesorado, avaliando o impacto das accións no centro.
5. Afondar na educación emocional, promovendo o autocoñecemento, a xestión equilibrada das emocións, a empatía e o respecto polas diferenzas.
6. Avaliar e facer seguemento do Plan Dixital para garantir a súa eficacia e actualización.

Competencias a desenvolver

Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e inxeniería (STEM)
Potenciar no alumnado os desempeños ligados ao campo STEM para que poidan aplicar solucións creativas aos problemas da vida cotiá.
Competencia dixital (CD)
Favorecer o conxunto de coñecementos e habilidades que permitan un uso seguro e eficiente das tecnoloxías da información e as comunicacións.
Competencia persoal, social e de Aprender a Aprender (CPSAA)
Fomentar a habilidade de desenvolver aspectos do benestar persoal, a productividade e efectividade do alumnado para unha aprendizaxe autónoma.
Competencia Emprendedora (CE)

Xestionar coñecementos, destrezas e habilidades para transformar as ideas en accións.

Metodoloxía

A aprendizaxe desenvolverase desde unha perspectiva activa, creativa e inclusiva, na que o alumnado sexa protagonista do seu proceso, asumindo retos reais e significativos que favorezan a comunicación e a posta en valor dos seus talentos.
Empregaranse metodoloxías cooperativas, empregando o método científico, integrando referentes diversos e fomentando a aprendizaxe entre iguais.
Os espazos e recursos do programa POLOS Creativos servirán como motor para experimentar con tecnoloxías, materiais e ferramentas innovadoras, potenciando a autonomía, a iniciativa e a transferencia do aprendido a contextos reais.

Avaliación

Todo o proceso estará guiado por indicadores claros e avaliables, que permitan medir avances e mellorar as prácticas docentes ao longo do curso.

Coordinador/a: Olalla Soto Alonso.

Colaboradores: Cristina Ferradás Agulla,, Javier Aguete Gómez.

DEPARTAMENTO DE COMUNICACIÓN

OBXETIVOS XERAIS

1. Garantir unha comunicación institucional unificada e eficaz entre os centros educativos, o profesorado, o equipo de comunicación e os equipos directivos, asegurando a correcta transmisión e aplicación dos acordos establecidos.
2. Impulsar a creación e consolidación dunha identidade corporativa común en todos os centros da Fundación Educere, mediante a unificación de plataformas dixitais, documentación institucional, redes sociais e imaxe gráfica.
3. Mellorar a calidade, seguridade e coherencia da comunicación dixital, promovendo boas prácticas na xestión de contidos, o uso responsable de imaxes e o cumprimento da normativa de protección de datos e permisos de publicación.
4. Optimizar a organización e xestión dos recursos de comunicación, establecendo procedementos comúns para a administración de contas, contrasinais, correos electrónicos, documentación e materiais compartidos.
5. Favorecer a coordinación e participación de todos os centros en proxectos institucionais comúns, fortalecendo o sentido de pertenza á Fundación Educere a través de iniciativas, publicacións, eventos e materiais compartidos.

COORDINADORA: Marta Sotelo Portela

COLABORADORES: Cristina Ferradás, Cristina Iglesias, Ángela Muradás, Cesar Gallego

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

O Departamento de Orientación constitúese coma un órgano de coordinación docente cuxo obxectivo principal é o desenvolvemento integral de todo o alumnado. Entendemos a diversidade como un valor positivo, unha riqueza colectiva e un principio fundamental que afecta a todo o alumnado ao longo das súas diferentes etapas escolarizadoras.

Además afrontamos outros obxetivos como garantir que a orientación académica, profesional e psicopedagóxica forme parte esencial da actividade educativa establecéndose unha vía de atención e asesoramento permanente ao alumnado, familias e profesorado.
A nosa proposta fundamentase en:

- Educación plural, respectuosa, integral e inclusiva: Baseada en valores democráticos e de convivencia, cunha especial sensibilidade cara á diversidade funcional e neurodiverxencia.
- Adaptación ás peculiaridades e ritmos de aprendizaxe: Flexibilizando espazos, contidos, metodoloxías e instrumentos de avaliación.
- Superación dos modelos segregadores ou meramente integradores: Propoñemos unha inclusión real onde se transforme a contorna para que cada alumno e alumna participe, achegue e sexa valorado pola súa identidade e capacidades únicas.

Este departamento é o responsable de desenvolver e coordinar o Plan de Atención á Diversidade do Alumnado e o Plan de Orientación Académica e Profesional. Así mesmo, colabora no desenvolmento do Plan de AcciónTitorial, o Plan de Convivencia e o Plan de Mellora Persoal.

Máis alá das concrecións realizadas en cada un destes plans, especifícanse a continuación as liñas básicas de intervención deseñadas para o presente curso escolar 2026/27.

OBXECTIVOS XERAIS

Durante o presente curso escolar 2026/27 o Departamento de Orientación porá de novo o foco no desenvolvemento de actuacións destinadas a garantir unha resposta educativa axeitada a todo o alumnado, independentemente das súas características, necesidades ou circunstancias que se concretan nos principios de inclusión, equidade e non discriminación que deben orientar a práctica educativa no noso centro. A igualdade de oportunidades no relativo ao alumnado con necesidades educativas especiais e na orientación académica e profesional.

Seguindo na nosa liña de actuación, dende o departamento, estableceranse actuacións para reforzar as medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade, a formación do profesorado e a coordinación con entidades externas ao centro educativo.

Como centro, continuamos perseguindo o obxectivo da individualización do proceso de ensino-aprendizaxe. Neste senso tratamos de adaptar a ensinanza ás potencialidades, desenvolvemento, ritmos, estilos e particulares formas de ser e de aprender de cada alumno/a. Así, as medidas de atención á diversidade levadas a cabo polo profesorado de tódalas etapas forman parte da dinámica habitual da aula, e cada vez son máis os reforzos realizados dentro da aula ordinaria que veñen favorecidos polo avance no traballo cooperativo e na realización de proxectos nas diferentes áreas.

Co obxectivo de fomentar a inclusión, equidade, non discriminación e igualdade de oportunidades continuaremos traballando nos principais eixes vertebradores:

- Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): Como estratexia preventiva para eliminar as barreiras ao aprendizaxe e á participación antes de que aparezan.
- Estructuración por Competencias: Priorizando o desenvolvemento das competencias clave e os obxectivos de etapa sobre a mera aprendizaxe memorística.
- Equidade, inclusión e cohesión social: A escolarización no aula de educación especial ou a aplicación de medidas extraordinarias responderá sempre ao principio de maior inclusión e axuste ás necesidades individuais do alumnado.

- Desenvolver actuacións específicas cara a detección e intervención co alumnado de alta capacidade cognitiva.
- Coordinación co profesorado do alumnado con trastorno do espectro autista (TEA) na valoración dos axustes e apoios que fomenten a participación na aula e no ámbito da comunicación.
- Formar ao profesorado sobre o uso dos SAAC e as principais claves da LNA tendo en conta que o modelado é a principal técnica de exposición no contexto natural.
- Continuar coa posta en marcha de patios inclusivos.
- Promover a igualdade de xénero en todas as actividades, materiais, recursos… desenvoltos en todas as etapas educativas.
- Avanzar na accesibilidade cognitiva en todos os espazos do centro.
- Elaboración de material individualizado que fomenten a participación nas aulas do alumnado neurodiverxente.
- Asesoramento ás familias.
- Promover a educación emocional do alumnado en todas as etapas educativas.
- Profundizar no autocoñecemento e aceptación persoal do alumnado.
- Poñer en valor a diversidade e a participación de todo alumnado.
- Prevención do abuso sexual infantil.
- Promoción do bo trato entre o alumnado.

Atención á diversidade do alumnado.

- Proporcionar ao alumnado unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades, intereses e ritmos de aprendizaxe, a través de medidas organizativas centradas en facilitar ao profesorado titor e especialistas apoio na elaboración e deseño de actividades multinivel.
- Facilitar a inclusión do alumnado da Aula de Educación Especial nas actividades xerais do centro, obradoiros e áreas/materias do grupo de referencia.
- Aplicar o DUA para adaptar materias e sesións antes da aparición de dificultades.
- Eliminar barreiras da contorna, cognitivas e comunicativas para o alumnado con TEA, TDAH, dislexia, trastornos do fala e da aprendizaxe.

- Poñer en marcha accións para a detección temperá do alumnado que requira medidas de atención educativa diferentes ás ordinarias, calquera que sexa a orixe desta (necesidades educativas especiais, dificultades específicas da aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou condicións persoais e familiares).

- Estratexias organizativas e metodolóxicas sen modificación dos elementos prescritivos do currículo (**ordinarias**):

- Desdobres e grupos flexibles: Apoios dentro do aula ordinaria priorizando o traballo conxunto do titor/a coa mestra de PT/AL.
- Adecuación de actividades e materiais: Uso de SAAC de alta o baixa tecnoloxía para alumnado con TEA, adaptacións de acceso para alumnado con dislexia ou TDAH (lectura fácil, fontes accesibles, enunciados curtos, tempo adicional).
- Estratexias multinivel: Propostas de actividades gradadas en complexidade.
- Programas de enriquecemento e profundización: Para alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.

- Establecer as medidas de atención á diversidade **extraordinarias** axustadas a cada alumno/a:

  -Adaptacións Curriculares Significativas (ACS): Modificación substancial de obxectivos e criterios de avaliación para alumnado con NEE.

  - Atención na Aula Especializada / Aula de Educación Especial: Deseño de Plans de Traballo Individuais (PTI) coordinados entre a mestra especialista e o Departamento de Orientación.

  - Programas Específicos de Reeducación: Intervención directa e individualizada ou en pequenos grupos pola Mestra de Audición e Linguaxe (AL) e as Mestras de Pedagoxía Terapéutica (PT).

- Programas de Diversificación Curricular (PDC) en 3º e 4º da ESO: Para favorecer a obtención do título de Graduado en ESO mediante unha organización curricular por ámbitos.
- Flexibilización da escolarización**:** Prórroga dun ano máis na etapa ou flexibilización para alumnado de Altas Capacidades

- Artellar unha coordinación semanal fluída entre o Orientador, a Psicóloga, as dúas maestras de PT, a maestra de AL, o titorado e os equipos docentes de Infantil, Primaria e ESO.
- Ofrecer asesoramento e formación continua ao claustro en estratexias de intervención na aula para TDAH, TEA, dislexia e trastornos da linguaxe.
- Impulsar o desenvolvemento de medidas centradas:
    - Na prevención e intervención nas dificultades da aprendizaxe, nos trastornos do neurodesenvolvemento e os trastornos da linguaxe oral e a comunicación.
    - Na detección e asesoramento ao profesorado na atención ao alumnado de altas capacidades.
    - Na mellora das competencias clave nas áreas instrumentais, especialmente a competencia de aprender a aprender.
- A atención ao alumnado de novo ingreso, presentado especial atención ao que presenta algunha situación susceptible de atención específica (procedencia do estranxeiro, situacións socio-familiares, dificultades da aprendizaxe previas,...).
- Desenvolver accións que melloren a convivencia no centro e contribúan a unha igualdade efectiva entre todo o alumnado.
- Desenvolver accións que contribúan ao descenso do absentismo e o abandono escolar temperá.
- Promover o autocoñecemento (intereses, capacidades e recursos) e o coñecemento das distintas opcións educativas e laborais (sistema educativo e laboral) cara a toma de decisións na ESO e noutras ensinanzas post-obrigatorias.
- Guiar ao alumnado na elección das materias optativas, tanto cara á consolidación de aprendizaxes fundamentais coma cara á súa orientación educativa posterior ou a súa incorporación á vida laboral.
- Favorecer a continuidade do alumnado no sistema educativo (itinerarios ESO; bacharelato, ciclos medios, ciclos superiores, Formación Profesional Básica,…) ou, de ser o caso, orientalo cara á incorporación á vida laboral, incorporación ao exército, preparación de oposicións,...
- Formar e informar ao alumnado, profesorado e ás familias dos cambios normativos e da oferta actual de ensinanzas.

Asesoramento Permanente ao Profesorado.

- Implicar ao profesorado no desenvolvemento do proceso de atención á diversidade na aula a través da elaboración de material adaptado ás necesidades individuais do alumnado.
- Favorecer a formación do profesorado nos trastornos e patoloxías propias da infancia e a adolescencia na procura de ferramentas que garantan a equidade e a inclusión coma eixos do proceso educativo.
- Favorecer a formación do profesorado no uso de SAAC.
- Mellorar a coordinación e fomentar o traballo en equipo entre o D. O. e o profesorado das distintas etapas e niveis que se imparten no centro.
- Colaborar co profesorado na prevención e detección temperá das dificultades de aprendizaxe no alumnado, favorecendo unha intervención globalizada.
- Apoiar ao profesorado na labor titorial. Colaborando especialmente no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial (elaboración de documentos, material docente, programación de actividades, obradoiros,…).

- Asesorar ao profesorado no referido ás ensinanzas post-obrigatorias, ensinanzas de réxime especial, educación para adultos, proba de acceso a ciclos medios, acceso á FP Básica,…
- Adaptar os documentos do centro ás modificacións introducidas pola LOMLOE e ás disposicións normativas derivadas desta.
- Adaptar os documentos de centro ao Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar.
- Dar a coñecer o Protocolo de Actuación ante o alumnado con TDAH posto en marcha por parte das Consellerías de Educación e Sanidade.
- Dar a coñecer o Protocolo de Actuación ante o alumnado con TEA posto en marcha por parte das Consellerías de Educación e Sanidade.
- Dar a coñecer o Protocolo de Actuación ante o alumnado con dislexia posto en marcha por parte das Consellerías de Educación e Sanidade.
- Dar a coñecer o Protocolo de Identidade de Xénero posto en marcha pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- Dar a coñecer o Protocolo de Protección de Datos posto en marcha pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa .
- Dar a coñecer o Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia.
- Dar a coñecer o Protocolo de prevención do suicidio.
- Colaboración co Equipo Directivo na elaboración, posta en marcha e seguimento do Plan de Convivencia do centro

Atención Permanente ás Familias.

- Informar ás familias sobre o ensino post-obrigatorio, ensinanzas de réxime especial, educación para adultos, FP Básica, acceso a ciclos,… Así como das opcións que sexan consideradas máis axeitadas para os fillos e fillas.
- Asesorar ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as ao longo do período de escolarización, facendo fincapé especialmente naquelas situacións escolares que se consideren especialmente decisivas (fin da escolarización, cambio de etapa, avaliación de n.e.e., seguimento do reforzo educativo,…).
- Informar ás familias sobre as dificultades observadas nos seus fillos/as no proceso de aprendizaxe; asesorándoas e informádoas sobre as posibles actuacións a desenvolver.
- Fomentar o achegamento da vida escolar ás familias, impulsando a implicación-responsabilidade destas no proceso educativo e ofertando actividades tanto dende o centro coma dende entidades externas (Concello, Xunta,…)
- Favorecer a transición entre as diferentes etapas educativas do centro así como a incorporación do novo alumnado e as súas familias.
- Favorecer a relación das familias de alumnos/as con neeae a través de Obradoiros e actividades informativas/formativas.

A.4.- Descrición das actuacións, medidas e programas para a atención á diversidade.

Enténdense por medidas de atención á diversidade aquelas ACTUACIÓNS, ESTRATEXIAS ou PROGRAMAS destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado.
Á hora de establecer as devanditas medidas teremos en conta:

- As accións preventivas e a detección temperá terán un carácter prioritario. Nelas implicarase e participará toda a comunidade educativa.

- Na resposta educativa á diversidade terán prioridade as medidas de carácter ordinario e normalizador. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

A.4.1- Medidas Preventivas

a- Avaliación inicial

Finalidade:

- Adecuar a programación ás características do alumnado.
- Prever actividades para adquirir ou afianzar coñecementos necesarios para seguir avanzando.
- Facer o alumnado consciente do seu punto de partida.
- Detectar o Alumnado con Necesidades Educativas Especiais (A.C.N.E.S.) para o que será necesario planificar mecanismos de compensación.
- Coñecer a motivación para o estudo do noso alumnado.

Información que debemos recoller na avaliación inicial:

1. Saber cal é o grao de adquisición de coñecementos previos e hábitos de traballo sobre os que se construirá un novo coñecemento.
2. Saber o tipo de razoamento e de métodos de traballo que esixirá a realización das actividades propostas.
3. Avaliar o tipo de dificultades coas que se encontran os alumnos, estratexias que empregan e hábitos que teñen adquiridos.
4. Valorar actitudes en relación á aprendizaxe:
5. Saber se os contidos que se están a traballar lles resultan interesantes, útiles,...
6. Coñecer o grao de confianza na súa propia capacidade de aprender.
7. Coñecer a disposición para o traballo cooperativo.

b.- Avaliación psicopedagóxica

De xeito xeral avaliarase as aptitudes escolares do alumnado nas etapas de Ed Infantil, Primaria e ESO co fin de detectar posibles necesidades educativas ou dificultades de aprendizaxe e determinar así as medidas de atención á diversidade a desenvolver.

Avaliarase a todo aquel alumno/a que por diferentes motivos o solicite o titor/a, así como por iniciativa da familia ou dos membros do propio Departamento de Orientación.

Unha vez recollida toda a información, procederase a elaborar o conseguinte informe do Orientador/a, seguindo o modelo proposto por lei en todo caso o devandito informe recollerá por unha parte as necesidades educativas do alumno, e por outra, especificaranse as conseguintes orientacións didáctico-pedagóxicas que sexan basicamente de tipo curricular e que axuden ao profesor a desenvolver as diferentes medidas de atención ao alumno/a (reforzo educativo, adaptacións metodolóxicas, adaptacións da avaliación, adaptacións do curriculo (significativas ou non,…)

c.- Optatividade

A opcionalidade debe atender á diversidade no referido, fundamentalmente, ás motivacións intereses e necesidades do alumnado.

A finalidade da optatividade é:

- Favorecer aprendizaxes globalizadas e funcionais, contribuíndo á consecución das capacidades básicas que promoven os obxectivos xerais, a través de saberes máis funcionais, máis próximos á realidade do alumnado.
- Facilitar a transición á vida adulta a través da introdución de contidos, actividades ou experiencias pre-profesionais.
- Ofrecer ao alumnado diferentes itinerarios formativos que respondan ás súas capacidades, necesidades, posibilidades e intereses.
- Vincular a elección das materias optativas con estudos posteriores de bacharelato ou ciclos formativos.

Esta medida tomarase de xeito prioritario na ESO, onde inicialmente o alumnado poderá permanecer exento da segunda lingua estranxeira durante os cursos de 1º e 2º ESO. Nos cursos posteriores a optatividade orientarase cara a elección dun itinerario formativo de Ensinanzas orientadas ao ámbito académico ou aplicado.

A.4.2- Medidas Ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescritivo, sen alteracións significativas dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias.

Entre estas medidas están:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos).

- Adecuación das programacións didácticas ao ámbito e ao alumnado.
- Uso de metodoloxías baseadas no traballo cooperativo na aula, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia, e medidas e actuacións destinadas a mellorar a convivencia.
- Desdobre de grupos.
- Reforzo educativo e apoio por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de reforzo en áreas instrumentais básicas.
- Programas de recuperación.
- Programas específicos personalizados.
- Programas de habilidades sociais.

De acordo coa normativa aplicable na ESO, podemos engadir a exención da segunda lingua estranxeira a estas medidas ordinarias de atención á diversidade.

En relación á devandita medida debemos ter en conta:

- En 1º e 2º ESO contémplase a exención na segunda lingua estranxeira (francés) para o alumnado con dificultades de aprendizaxe significativos.
- Procurarase que esta medida sexa tomada dende 1º ESO e teña continuidade en 2º ESO.
- Para desenvolver a devandita medida o titor/a de 6ºEP e 1º ESO xunto co orientador ao final do curso (no caso da ESO na avaliación extraordinaria) informará as familias das dificultades de aprendizaxe observadas así como da conveniencia de desenvolver esta medida educativa. Ao principio do curso volverase a contactar coas familias e entregaralles un documento de información sobre a exención de francés. Unha vez que a familia asine o documento e o faga chegar ao centro expresando a súa conformidade coa medida iniciarase esta. O departamento de orientación realizará un informe e arquivarase xunto co expediente. Esta medida reflectirase no expediente académico e na información ás familias como E (exención na materia de Lingua francesa) e RE (reforzo educativo) na materia correspondente.

A.4.3.- Medidas extraordinarias.

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios significativos no ámbito organizativo e ou na modalidade de escolarización.

As devanditas medidas aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario e/ou por resultar estas insuficientes.

Así mesmo para a aplicación destas medidas será necesaria a autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura territorial e/ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Segundo o Decreto 229/2011, considéranse medidas de carácter extraordinario:

- As adaptacións curriculares
- Os agrupamentos flexibles
- O apoio do profesorado especialista en Pedagoxía terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe
- A flexibilización da duración do período de escolarización
- Os programas de mellora da aprendizaxe
- Os programas de formación profesional básica
- A atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presente dificultades para a asistencia continuada a un centro educativo
- Os grupos de adquisición de linguas
- Os grupos de adaptación de competencia curricular

É importante sinalar que o devandito Decreto 229/2011, está ainda sen desenvolver as ordes, que establezan os pasos a seguir para a posta en marcha dalgunhas destas medidas.

A.4.3.1- Adaptacións curriculares significativas

Definición:
a) É unha modificación dun ou de máis elementos prescritivos do currículo:

- Obxectivos.
- Contidos.
- Criterios de avaliación.
- Metodoloxía.
- Estándares de aprendizaxe.

b) O referente serán os obxectivos xerais de etapa (P.C.E.)

c) Os obxectivos poderán pertencer a outro ciclo ou etapa distinto do que cursa o alumno, sempre que sexa necesario.

d) Decidirase a conveniencia de elaborar unha A.C.S. unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de intervención educativa.

Condicións:
a) Precisarán da autorización da inspección educativa.

b) Serán elementos do currículo susceptibles de modificación:

- Os obxectivos, que poderán ser readaptados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados.
- Os contidos, que tamén poderán ser modificados e suprimirse.
- Os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e suprimidos.
- Incluíndose de acordo coa normativa derivada da LOMCE os estándares de aprendizaxe e a metodoloxía coma elementos susceptibles de seren adecuados ás necesidades específicas de cada alumno/a.

c) Estarán dirixidos a alumnos e alumnas que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, teñan un déficit de cualquera índole ou posúan calidades excepcionais, e non poidan seguir o proceso ordinario de ensino - aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia.

d) O deseño e desenvolvemento será responsabilidade do profesor que imparte a área ou materia ou alumno, coa colaboración do departamento didáctico, con asesoramento do orientador e do profesor de apoio.

e) Duración:

- Duración mínima dun curso.

f) O seu desenvolvemento realizarase na medida do posible, nas accións educativas ordinarias do grupo de alumnos de referencia.

A.5.- Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.

A.5.1.- Recursos Materiais

En canto aos recursos materiais o Centro conta con 13 aulas, un aula de apoio, un aula de educación especial, laboratorio de ciencias, aula de tecnoloxía, sala de informática, sala de usos múltiples, biblioteca, despacho de orientación, despacho de dirección, salón de actos, pavillón de deportes e sala de mestres.

O Centro Escolar cumpre a lexislación en canto a seguridade e eliminación de barreiras arquitectónicas, tendo rampas de acceso e ascensor.

A.5.2. - Recursos Humanos

A atención á diversidade é unha acción educativa desenvolta por todos os membros do claustro de profesores, cada un dende as súas funcións.

Neste curso o centro conta co seguinte profesorado:

- 3 titoras de ed. Infantil
- 6 titores/as de ed. Primaria
- Mestra especialista en lingua inglesa
- Mestre especialista en ed. Física
- 2 Mestras especialistas en pedagoxía terapéutica
- 1 Mestra de audición e linguaxe.
- 4 profesores/as titores na ESO
- Profesor especialista en música
- Profesores especialista en Ed. Física
- Profesoras especialistas en Ed. Plástica e visual
- Profesoras especialista en relixión
- Profesor de ciencias sociais, cidadanía, ética e cultura clásica
- Orientador
- 1 psicóloga
- Auxiliar de conversa en lingua inglesa
- Profesores das materias de ciencias en secundaria
- Profesores das materias de linguas en secundaria

A.5.3.- Criterios Organizativos

Os recursos organizativos dos centros especifícanse a través dos diferentes documentos que de maneira xeral deberán recoller os seguintes aspectos:

P.E."Proxecto educativo":

Recollerá a integración educativa e atención á diversidade, a eliminación de barreiras ideolóxicas e arquitectónicas e a boa coordinación entre o profesorado.

O P.E. debe de recoller:

- A introdución de obxectivos e contidos referidos ao coñecemento das diferentes necesidades que se dan no Centro
- Priorización de obxectivos e contidos que de maneira xeneralizada vaian encamiñados ao coñecemento do corpo e as posibilidades de acción para a creación dun autoconcepto e unha autoestima axustados, á utilización da linguaxe con intencionalidade comunicativa e ao desenvolvemento de hábitos de autonomía e xeitos sociais
- Flexibilización de obxectivos e contidos referidos á resolución de problemas da vida diaria e á adquisición das destrezas instrumentais básicas.
- En relación á metodoloxía debe ter en conta a importancia de priorizar principios psicopedagóxicos como a aprendizaxe significativa e construtiva, a actividade, a motivación , a individualización e a socialización.
- En canto a espazos e tempos debe ficar reflectido que deberán ser flexibles e variados tendo en conta as necesidades dos alumnos e que se prioriza a atención desde a aula ordinaria.
- En relación aos recursos debe recoller a súa variedade e adecuación ás necesidades educativas tendo en conta que de maneira xeneralizada se deberán

utilizar técnicas creativas de metacognición, técnicas de autocontrol e, no seu caso, de modificación de condutas.

- E en relación á avaliación debe de recoller as técnicas que mellor se acomoden á realidade do alumnado e flexibilizar os criterios de promoción.
- En dito documento tamén se recollen as características das diferentes etapas (E.I. e E.P.)

N.O.F.C. "Normativa de Organización e Funcionamento do Centro": Nela recóllense as normas do Centro, en colaboración coa comisión de convivencia, priorizouse o desenvolvemento de actitudes de convivencia e non discriminación en relación a diferenzas individuais derivadas de diferentes ritmos de desenvolvemento, ideolóxicas, lingüísticas e culturais. Foméntase a democracia e a coordinación entre todos os axentes educativos así como a participación da comunidade.

P.A.T. "Plan de Acción Titorial": Nel establécese a organización do período de adaptación, os planos de acollida e de seguimento para o alumnado de nova incorporación, as medidas de atención á diversidade, as vías de coordinación prioritarias entre os titores, os profesores de área, o profesorado especialista e os apoios externos ao centro.

P.X.A. "Programación Xeral Anual": Establécese unha organización xeral do curso, dende as diferentes etapas e ciclos, e departamentos ou ámbitos.

P.O. "Plan de orientación": Recolle fundamentalmente medidas en relación á diversidade dos alumnos, a optatividade, e o Plan de Orientación Académica e Profesional para unha mellor integración educativa e a inserción sociocultural e laboral.

A.6.- Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación coas medidas deseñadas polo centro.

Obxectivo de todos os profesionais que forman parte do equipo educativo é común:
Ofrecer a cada alumno/a a resposta que precisan ás necesidades que presenta, axudar na súa integración social e facilitarlle que leve unha vida o máis autónoma posible.
Conseguilo require dunha actitude colaboradora que parte do coñecemento da responsabilidade de cada un podendo así concretar as parcelas profesionais para unha actuación multidisciplinar.
En relación directa coa diversidade do alumno/a presente nas nosas aulas as función de cada profesional son:

PROFESORADO DA AULA ORDINARIA.

O profesor /a de aula, titor e/ou especialista de área, é o responsable de axudarlle a que acade os obxectivos establecidos con carácter xeral e de potenciar as diversas capacidades do alumnado utilizando diversas metodoloxías.

O titor/a será o encargado de coordinar todo o proceso, pero o/ a profesor /a, especialista ou non, é o responsable da elaboración e posta en práctica das medidas necesarias na súa aula e área concreta.

- Colaborar na elaboración dos diferentes documentos do proxecto educativo, aportando ideas, criterios e respostas á atención á diversidade.
- Elaborar a súa programación de aula xunto cos membros do departamento didáctico tendo en conta as características xerais e individuais dos seus alumnos/as seguindo as directrices deste plan.
- Participar con todo o equipo de profesores na resposta á diversidade.
- Partindo da avaliación inicial, e da psicopedagóxica se é o caso, dar respostas concretas ás necesidades identificadas seguindo o proceso de menor a maior significatividade.

MESTRE ESPECIALISTA EN AUDICIÓN E LINGUAXE (AL) E MESTRE ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (PT).

Son o nexo de unión entre o profesorado de aula, alumnado, familias, orientadora e profesionais relevantes na atención á diversidade no centro. Tendo en conta que a mestra de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe encargaranse prioritariamente do alumnado que presenta transtornos de aprendizaxe, dislexia, alfabetización usuarios de SAAC e a de AL do alumnado que presenta necesidades complexas de comunicación e uso de SAAC, trastornos graves da linguaxe oral e escrita, as súas funcións son as seguintes:

- Atención docente directa aos alumnos con ANEAE e NEE.
- Coordinar co xefe/a de estudos as cuestións relacionadas coa educación e estancia no centro os alumnos/as con algún tipo de minusvalía física, psíquica ou sensorial.
- Orientar ao profesorado que imparte docencia aos alumnos con A.N.E.A.E. e NEE a eles mesmos e as súas familias.
- Colaborar co profesorado na elaboración das ACIS, no seguimento e avaliación das mesmas.
- Adecuación de actividades e materiais: Uso de SAAC de baixa e alta tecnoloxía para alumnado TEA, adaptacións de acceso para alumnado con dislexia ou TDAH (lectura fácil, fontes accesibles, enunciados curtos, tempo adicional).
- Estratexias multinivel: Propostas de actividades gradadas en complexidade.
- Aprendizaxe Cooperativa: Deseño e fomentar o traballo en equipos heteroxéneos, a axuda mutua e o desenvolvemento de habilidades sociais que fomenten a participación do alumnado na aula.
- Aplicar o DUA para adaptar materias e sesións antes da aparición de dificultades.
- Elaborar propostas do POAP e do PAT.
- Atención temperá e prevención de dificultades.
- Participar na Avaliación Psicopedagóxica e medidas de atención á diversidade.
- Apoio e asesoramento á comunidade educativa.
- Cooperar co EOE en programas de intervención.
- Promover a cooperación entre o centro e as familias.
- Establecer canles de comunicación con servizos e institucións.

ORIENTADOR.

- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado do centro e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento e criterios establecidos no proxecto educativo de centro e responsabilizarse, cando sexa necesario, da elaboración de informes psicopedagóxicos.
- Coordinar as accións do profesorado de apoio na atención do alumnado con necesidades educativas específicas, elevando ao xefe/a de estudos, cando sexa necesario, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan dar coherencia ás respostas educativas.
- Manter vieiros de colaboración con equipos, organismos, entidades e profesionais que actúen sobre o alumnado do Centro, para levar a cabo unha coordinación e seguimento o máis eficaz posible na consecución dos obxectivos propostos.

PSICÓLOGA

- Colaborar có orientador na realización das avaliacións psicopedagóxicas do alumnado do centro e no asesoramento do deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento e criterios establecidos no proxecto educativo de centro e responsabilizarse, cando sexa necesario, da elaboración de informes psicopedagóxicos.
- Colaborar na prevención e detección de problemas de aprendizaxe.
- Participar nas sesións de avaliación para o deseño, desenvolvemento e avaliación de actuacións conxuntas que permitan dar coherencia ás respostas educativas.
- Realizar intervencións psicoterapéuticas destinadas a mellora da xestión emocional do alumnado e realizar derivacións a servicios externos se se considera preciso.

EQUIPO DIRECTIVO

Con independencia das súas funcións xerais determinadas no Regulamento Orgánico dos Centros e precisadas no RRI, contemplamos:

- Promover e organizar os tempos necesarios para a aplicación deste plan.
- Coordinación con todo o equipo de profesores a través da Xefatura de Estudos
- Facilitar e habilitar os recursos humanos e materias dispoñibles para a atención individualizada do alumnado con necesidades específicas.
- Solicitar os recursos de orientación e intervención psicopedagóxica externos cando sexa necesario.
- Impulsar e promover o cambio metodolóxico do centro.

- Favorecer a formación do profesorado en innovación educativa.

A.7.- Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.

Para a coordinación entre os diferentes axentes implicados na atención á diversidade no centro, especifícanse as seguintes accións:

- Reunión mensual individual cos titores/as e profesorado de apoio (non especialista) de EP e Ed. Infantil coas mestras especialistas en PT, AL, a orientadora e a psicóloga para o seguimento do alumnado con apoio na aula
- Participación do orientador nas sesións de ciclo da ESO.
- Participación do profesorado especialista e/ou do orientador e/ou psicóloga nas sesións de avaliación de todas as etapas.
- Realización das correspondentes xuntanzas do Departamento de Orientación.
- Xuntanza trimestral dos membros do Departamento de Orientación co Equipo Directivo. Realización de todas as xuntanzas que se consideren oportunas por petición de calquera dos membros do D.O. ou do Equipo Directivo.
- Cos centros de adscrición e outros centros educativos remitirase a información necesaria no caso de traslado dun alumno/a. Cando sexa necesario remitirase o correspondente Informe Psicopedagóxico.

A.8.- Canles de colaboración con nais, pais ou titores/as legais do alumnado e con diferentes servizos externos ao centro.

As nais, pais e titores legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e o asesoramento respecto ás características e necesidades dos seus fillos e fillas, así como das medidas que se deberán adoptar para a súa atención no centro educativo.

A devandita información poderá ser recibida por parte do titor/a, profesorado de audición e linguaxe, profesorado de pedagoxía terapéutica ou do orientador.

A resposta negativa dunha familia ante a proposta de desenvolvemento dunha medida de atención á diversidade será recollida por escrito e arquivada no expediente do alumno/a.

A comunicación con servizos externos ao centro en relación coa situación dun alumno/a realizarase sempre baixo a premisa da confidencialidade e a autorización da familia.

Dende o centro velarase pola custodia e protección dos datos persoais do alumnado.

A.9.- Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.

Os documentos elaborados polo D.O. son:

- Folla de seguimento do alumnado
- Folla de primeira entrevista coa familia
- Documento de exención de Lingua Francesa
- Documento de recollida de informe por parte das familias
- Documentos de información as familias sobre as medidas extraordinarias propostas
- Documento de autorización para comunicación con axentes externos a escola
- Documento de ACIS
- Documentos de Dictame de Esoclarización
- Documento modelo de informe
- Documento de acuse de recibo de informe
- Adaptación do protocolo de atención ao alumnado

A.10.- Proceso de seguimento, avaliación e mellora do plan.

O Plan xeral de atención á diversidade concretarase anualmente no P. Anual de Atención á Diversidade que é incorporado á Programación Anual de centro. Así mesmo elaborarase a correspondente memoria anual que establecerá as proposta de mellora, e que xunto á memoria do departamento de orientación se incorporará á memoria anual do centro.

O seguimento do plan anual de atención á diversidade realizarase nas reunións do departamento de orientación sobre a base dos indicadores especificados no proceso, especificándose as medidas a desenvolver en caso de ser necesarias.

A avaliación comprende tres momentos ben diferenciados pero relacionados entre si: a avaliación inicial, a avaliación continua e a avaliación final. En todo momento levarase a cabo unha avaliación global, continua e formativa que permita comprobar a efectividade do plan de apoio. Utilizarase a observación directa e indirecta en relación ao troco de información dos axentes implicados.

A.11 Referencias lexislativas a ter en conta

- *Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade do alumnado na Comunidade Autónoma de Galicia*
- *Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- CORRECCIÓN de erros. Orde do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*
- Resolución do 20 de xullo de 2017 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento, no curso académico 2017/18, do currículo establecido no Decreto

86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes (próxima publicación no DOG).

- Instrucións para a adopción das medidas necesarias para a aplicación do disposto no Real Decreto 562/2017, de 2 de xuño, polo que se regulan as condicións para a obtención do título de Graduado en ESO e modelo de Consello Orientador da ESO.
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.
- Aclaracións relativas a diversos aspectos do bacharelato derivados do réxime transitorio da implantación da LOMCE para o curso 2016/2017.
- *Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.*
- *Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se* ***regulan*** *as* ***ensinanzas de formación profesional básica*** *na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o* ***acceso*** *e a* ***admisión*** *nestas ensinanzas.*
- *Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a* ***ordenación*** *xeral* ***da formación profesional*** *do sistema educativo de Galicia.*
- *Orde do 23 de setembro de 2015 pola que se modifica a do 10 de xuño de 2015 pola que se actualiza a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2015/16.*
- *Resolución do 3 de agosto de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan* ***instrucións para o desenvolvemento*** *dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no* ***curso 2017/18****.*

ANEXO II.- PLEA

O PLEA é un documento de centro que integra todas as intervencións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso e no tratamento da información, e tamén á comunicación do coñecemento, como apoio á adquisición das competencias clave.

RESOLUCIÓN do 5 de xuño de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario nocurso académico 2025/26 • RESOLUCIÓN do 16 de outubro de 2025, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan de Lectura, Escritura

e Acceso á información nos centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

O PLEA forma parte do (PEC), concretándose nos obxectivos e actividades previstas, en canto a lectura, escritura e acceso a información. En canto a lectura concretase un tempo mínimo diario de dedicación á lectura e á inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura en todas as áreas e materias de cada unha das etapas impartidas no centro así como o acceso á información.

Realizarase un seguimento continuado do PLEA, concretando os avances e as dificultades da súa posta en marcha o longo dos cursos 2026/2030.

O Colexio Plurilingüe Virxe Milagrosa é un centro concertado no que se imparte educación infantil, primaria e secundaria e además conta cunha unidade de educación especial.

Está situado no centro urbano de Bueu, de onde procede a maioría do noso alumnado, xa que só unha mínima porcentaxe provén das parroquias de Cela e Beluso.

En canto o ámbito lingüístico trátase dunha zona na que predomina claramente o uso do castelán, son moi poucos os rapaces e rapazas que usan o galego como lingua de relación coas súas familias, compañeiros e profesores. A realidade lingüística do noso alumnado é claramente diglósica. O uso do galego queda practicamente reducido ao ámbito escolar.

Ante esta situación, que ben reflicte o proceso de desgaleguización da poboación máis nova, temos que artellar as medidas necesarias para que o emprego da lingua galega sexa máis efectivo, sobre todo, na oralidade. É certo que a maioría do alumnado remata a E.S.O. acadando unha boa competencia lingüística, pero non é menos certo o escaso uso do galego como lingua habitual.

Polo que respecta ao profesorado, a utilización do galego como lingua de relación fóra do marco da aula é minoritario. Con todo, en xeral móstrase receptivo e colaborador con respecto ao proceso normalizador. Se ben é certo que non ten o galego como lingua habitual, si se implica nas medidas que se levan a cabo para fomentar o uso da nosa lingua, ademais de empregalo como lingua vehicular nas áreas reguladas por lei e mesmo nalgunhas que non están recollidas na lexislación vixente.

Na xestión administrativa do centro o emprego do galego está moi xeneralizado, tanto a nivel interno como externo. Nas relacións coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia úsase, con carácter xeral, a lingua galega. O mesmo sucede cos informes, actas, certificados, cadros de cualificacións, programacións e comunicados ao resto da comunidade educativa.

Inténtase que os diferentes Departamentos conten con materiais en galego e tamén continuar dotando á biblioteca escolar, as bibliotecas de aula e a do centro con material lúdico, libros de lectura, xogos...

O galego é a lingua de uso en todas as actividades programadas polo Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística e tamén, a miúdo, en actividades realizadas con motivo doutras celebracións (Nadal, Día da Paz, Xornadas Culturais, Boliño Solidario, Entroido, Carreira Solidaria, Art for Change, Día das Letras Galegas...).

Nas relacións coas nais e pais é aínda frecuente o uso do castelán por ser esta a lingua de relación máis habitual tanto para eles como para a maior parte do profesorado, aínda que nas comunicacións escritas se use o galego.

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega seguimos a traballar na autoestima e valoración da lingua como principal sinal da identidade do noso pobo e da nosa cultura, só así poderemos acadar un maior uso do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

2. Ámbito socioeconómico e familiar:

En relación co contexto socioeconómico e familiar do alumnado, é preciso ter en conta as características do contorno no que se sitúa o centro educativo. O centro atópase situado nunha zona costeira, circunstancia que inflúe de maneira significativa na estrutura laboral e socioeconómica das familias.

Unha parte relevante das familias do alumnado desenvolve a súa actividade profesional en sectores vinculados directa ou indirectamente co mar, incluíndo actividades relacionadas coa pesca e outros traballos asociados ao ámbito marítimo. Así mesmo, unha porcentaxe significativa das familias traballa no sector servizos, especialmente en actividades relacionadas coa hostalaría, o comercio e outros servizos propios das zonas costeiras.

Xunto a estes perfís profesionais, existe tamén unha porcentaxe menor de familias nas que algún dos proxenitores posúe estudos superiores e desenvolve a súa actividade laboral en ámbitos profesionais de carácter técnico ou especializado.

De forma xeral, pode sinalarse que o perfil socioeconómico predominante das familias do centro sitúase nun nivel de clase media. Na maioría dos casos, ambos proxenitores atópanse incorporados ao mercado laboral, o que configura dinámicas familiares nas que o tempo dispoñible para o acompañamento educativo no fogar pode verse condicionado polas esixencias laborais.

En canto ao nivel formativo das familias, este pode considerarse maioritariamente de nivel medio, coexistindo diferentes traxectorias educativas que abranguen desde estudos básicos e formación profesional ata, en menor medida, estudos universitarios.

Estas características do contorno socioeconómico e familiar constitúen un elemento relevante á hora de comprender determinados aspectos relacionados cos hábitos lectores, o acceso a recursos culturais e as dinámicas de acompañamento educativo do alumnado, polo que resulta necesario telas en conta na planificación das actuacións pedagóxicas do centro.

4.Recursos socioculturais:

Recursos culturais da contorna: biblioteca municipal, museo Massó, centro social, salas de exposicións, librarías…

No noso centro educativo contamos cun importante recurso sociocultural representado pola ANPA do colexio, que participa activamente en todos os aspectos da vida do centro. Esta implicación tradúcese na iniciativa e coordinación de múltiples actividades ao longo do curso, tales como a celebración de Halloween, a elaboración da alfombra de Corpus, o Entroido, as graduacións, semana cultural…así como outros eventos significativos para o alumnado.

Ademais, a ANPA colabora na organización de charlas e actividades informativas para as familias, traballando en coordinación con outras entidades do entorno e con organismos oficiais, como a Deputación de Pontevedra ou o Concello, o que contribúe ao fortalecemento da vinculación entre o centro educativo e a comunidade, favorecendo a participación activa das familias e enriquecendo a vida escolar do alumnado.

Na nosa contorna tamén contamos con recursos culturais de gran relevancia. Dispoñemos de bibliotecas escolares tanto en Bueu como na parroquia de Beluso, que organizan regularmente actividades como contacontos, presentacións de libros e encontros con autores/as. Así mesmo, diversas librarías locais fomentan a lectura organizando presentacións, entrevistas e actividades con autores de ámbito local, galego e nacional o longo do ano.

Ademais, participamos anualmente no certame de curtametraxes FIC, un referente cultural moi potente na nosa contorna, que se converte nunha experiencia enriquecedora para todo o alumnado. Tamén contamos co Museo Massó, que visitamos de forma habitual; trátase dun dos museos con coleccións propias de temática marítima máis importantes a nivel nacional, permitindo ao alumnado coñecer e valorar o patrimonio histórico e cultural da nosa zona.

3.Contexto educativo:

En canto a valoración dos resultados obtidos polo noso centro nas Probas de Diagnóstico, centradas nas áreas de competencia en comunicación lingüística tanto en Lingua Galega como en Lingua Castelá identificamos as nosas fortalezas e áreas de mellora para guiar as nosas futuras accións pedagóxicas.

En termos globais, os resultados acadados polo alumnado do centro sitúanse na media do conxunto dos centros educativos de referencia, mantendo unha liña de equilibrio e homoxeneidade tanto en lingua galega como en lingua castelá.

O alumnado responde con solvencia ás tarefas de recepción e procesamento da información. Demostran un bo nivel á hora de extraer datos explícitos de textos orais e escritos, o que indica que as dinámicas de aula orientadas á comprensión están a dar os seus froitos.

O punto onde atopamos un perfil máis baixo e que require unha intervención directa é a expresión escrita, especialmente no que atinxe á coherencia dos textos nas dúas linguas.

En canto a oralidade o alumnado usa claramente o castelán polo que o galego é una lingua minoritaria no contexto escolar e familiar. Esta carencia é observable tanto na expresión oral coma na escrita. O alumnado presenta dificultades no acceso o léxico en galego xa carecen dun vocabulario variado.

En canto o manexo da información no noso centro comezan a integrar na súa aprendizaxe nos curso de 5º e 6º de EP e 1º,2º,3º e 4º da ESO o uso de ordenadores. En xeral, mostran suficiente competencia para desenvolverse nas tarefas propostas polo profesorado na elaboración de proxectos, presentacións, gamificación ou en robótica pero apreciamos carencia xeneralizadas en canto a contrastar, avaliar a información así como a usar a información de forma ética.

Como resposta a estas carencias que apreciamos en todo o alumnado programamos ao longo do curso diferentes charlas con entidades externas como Érguete ou Plan Director que poñen o foco nestes aspectos tan relevantes.

En canto á lectura e escritura no alumnado de Educación Primaria unha parte importante do alumnado accede á lectoescritura sen ter consolidadas as habilidades metalingüísticas e a conciencia fonolóxica necesarias no primeiro ciclo. Os principais aspectos que se detectan no alumnado son dificultades no procesamento fonolóxico, erros de transcripción e inmadurez grafomotriz.

En canto a lectura, o alumnado en xeral le con fluidez pero apreciamos dificultades para extraer a idea principal, inferir información ou ler entre liñas principalmente no terceiro ciclo.

Na escrita apreciamos, pobreza de vocabulario e cohesión, dificultades na planificación e ortografía a na argumentación. Redactar implica ordenar o pensamento, e o noso alumnado necesita modelos claros e guías procesuais para entender que un bo texto se constrúe por fases (borrador, revisión e versión final).

O alumnado de ESO presenta un nivel competencial medio en relación á lectoescritura, mais obsérvanse diferencias individuais no grao de consolidación destas habilidades.

En comprensión lectora, unha ampla maioría do alumnado consegue identificar ideas principais e comprender o sentido global dos textos adecuados ao seu nivel, sen embargo, detéctanse algunhas dificultades na realización de inferencias, a interpretación de información e a análise máis profunda dos textos.

Polo que respecta á expresión escrita, o alumnado crea textos comprensibles e axustados á tarefa requerida aínda que tamén se aprecian carencias na organización de ideas, o uso de conectores e a cohesión textual, así como erros ortográficos e gramaticais que requiren reforzo sistemático.

En relación cos hábitos lectores, xeralmente amosan unha actitude positiva cara a lectura no ámbito escolar pero en moitos casos non está consolidada como unha práctica autónoma fóra da aula.

Na expresión oral o nivel competencial é tamén medio. Exprésanse de forma comprensible e participan en intercambios comunicativos pero ás veces teñen dificultades na organización do discurso oral, a precisión léxica e a adaptación ao rexitro lingüístico adecuado.

A nivel de centro como obxetivo xeral marcamos:

- desenvolver a competencia comunicativa do alumnado, a súa capacidade de comprender e expresar oralmente e por escrito.
- favorecer a adquisición de destrezas de expresión escrita implantando un plan de traballo conxunto e coordinado que abranga dende 1º de EP ata 4º de ESO, baséase na selección de tres tipoloxías textuais por curso (unha por trimestre) para seren traballadas de forma sistemática e adaptadas ao nivel madurativo do alumnado.

Outras medidas adoptadas acordadas dende o departamento de linguas comprende dende:

- A especialista de Audición e Linguaxe do centro desenvolverá un programa de estimulación da linguaxe oral en educación infantil.

- Elaborar e posta en marcha conxuntamente coas titoras do primeiro ciclo e a especilista de PT-AL, un programa sistemático de habilidades lingüísticas que se realizará tódolos días despois da asamblea.

- Cuadernillos de comprensión lectora e expresión escrita.

- Lectura compartida e independiente de diferentes tipos de textos, revistas, banda deseñada, ficción, narrativa…

- Diseñar actividades e proxectos que impliquen a exposición oral dos contidos .

- En ESO lectura dun libro por trimestre en lingua castelá, lingua galega e lingua inglesa.

- En Ed.Primaria lectura dun libro en castelán e un en galego por trimestre.

- En Ed. Infantil as tutoras organizan lecturas compartidas na aula e en coordinación coa biblioteca escolar un contacontos por trimestre cos axudantes da biblioteca.

- Saídas na contorna as Escolas Infantís para realizar actividades de contacontos.

En canto a alumnado con necesidades complexas de comunicación, o alumnado utiliza SAAC (sistema aumentativo e alternativo de comunicación) de alta e baixa texnoloxía que se utilizan no contexto natural e o uso da CAA no proceso de alfabetización. Actualmente contamos cun alumno en educación infantil, 6 alumnos/as en educación primaria e 1 alumna en ESO que utilizan comunicadores dinámicos. O uso da CAA no noso centro desenvolvese dende un modelo de participación e de dereitos favoreendo o desarrollo lingüístico e o proceso de alfabetización dende idades temperás.

No centro contamos tamén con paneis de baixa tecnoloxía nos diversos especios como ximnasio, aulas, comedor ou biblioteca.

De cara a proposta de melloras neste punto a mestra de PT e AL está a diseñar un taboleiro en baixa texnoloxía para os patios e aula de psicomotricidade.

A concreción anual para o curso 2026/2027 plasmase nas seguintes actuacións:

Competencia na escrita:

1. Elaboración de actividades graduadas e secuenciadas por niveis con diferentes tipoloxías textuais.
2. Deseño de actividades graduadas na etapa de Infantil de creación de palabras e mensaxes escritas empregando lápices alternativos antes de dominar o control do lapis tradicional.
3. Desenvolver de forma progresiva a competencia comunicativa e a lafabetización do alumnado usuario de CAA, favorecendo que utilice de xeito funcional e autónomo os seus sistema de comunicación para comprender, expresar, participar e interactuar, ao mesmo tempo que avanza no recoñecemento e uso de palabras, símbolos e textos escritos en situacións significativasy funcionais do contexto escoalr.

Competencia lectora:

1. Unificación de estratexias de comprensión: Establecer un marco metodolóxico común para todas as etapas que inclúa a ensinanza directa de estratexias antes, durante e despois da lectura (predicións, inferencias, ideas clave e espírito crítico).

2. Dedicar un tempo específico e protexido á lectura libre ou guiada dentro da xornada escolar, estendendo a comprensión lectora a todas as materias do currículo e non só ás áreas lingüísticas.

Desenvolvemento do Tempo de lectura durante o horario lectivo	Actividades sistematizadas Integración transversal da lectura como ferramneta pedagóxica fundamental para a aprendizaxe e desenvolvememnto de competencias en todas as etapas educativas. ● Profesor como modelo e como mediador de lectura. ● Textos e materiais de lectura variados para que o alumno desenvolva habilidades lectoras. ● Participación da biblioteca escolar como eixe dinamizador.
Apadriñamento Lector	Cursos: 3º EP-6ºEI /4ºEI-4ºEP/5ºEI-5ºEP Espazos: aula ordinaria, biblioteca escolar.
Mochilas e maletas viaxeiras	Cursos: 1º -2º EP Espazos: biblioteca escolar e aula ordinaria.
Integración CAA -alfabetización	Utilizar el SAAC como ferramenta para falar sobre o que se lee e se escribe.construir mensaxes, secuencias historias, facer comentarios, responder preguntas e producir textos con apoio. Trasladando estes aprendizaxes a contos e actividades de aula, xogos, conversacións, rutinas e experiencias compartidas.

Club de lectura	Fomentar a competencia comunicativa e o hábito lector no alumnado de ESO mediante a creación dun club de lectura, promovendo o diálogo cooperativo, a comprensión crítica de textos e a adquisición da lectura como unha actividade de lecer compartida.

Acceso á información

Entrenar o alumnado no manexo progresivo de ferramentas de busca, pasando de buscadores infantís protexidos e visuais en Infantil e Primaria, ao uso de operadores avanzados, bases de datos académicas e repositorios fiables en Secundaria.

Lecturas recomendadas no tempo de lectura Ed. Primaria

1. Curso: 1º ED. PRIMARIA

   “A eiruga rabuda”. Antía Yáñez. Ed. Xerais.

2. Curso: 2º ED. PRIMARIA

   “A eiruga rabuda”. Antía Yáñez. Ed. Xerais.

3. Curso: 3º ED. PRIMARIA

   “Curriño. O can ifluencer”. Ledicia Costas. Ed. Xerais.

   “Curriño. Benvido ao equipo”. Ledicia Costas. Ed. Xerais.

4. Curso: 4º ED. PRIMARIA

   “Papá caníbal”. Antonio M. Fraga. Editorial Xerais.

5. Curso: 5º ED. PRIMARIA

   “El club de los raros”. Jordi Sierra. Ed. SM

   “Plan de rescate”. Antía Yáñez. Ed. Xerais.

   Incluiranse máis títulos unha vez levada a cabo a avaliación inicial.

6. Curso: 6º ED. PRIMARIA

   “Invisible”: E. Moreno. Ed. Nube de tinta.

LECTURAS ESO

Propóñense as seguintes lecturas aínda que poderán ser modificadas en función das novidades editoriais e da dispoñibilidade dos autores que poidan vir ao centro.

1º ESO

Abdel. Enrique Páez.

Manolito Gafotas. Elvira Lindo.

El asesinato de la profesora de lengua.

O misterio das badaladas. Xabier P. Docampo.

Escarlatina, a cociñeira defunta. Ledicia Costas.

Dúas bágoas por Máquina. Fina Casalderrey.

The boy with the dark secret. Elena Guasch.

2º ESO

La aventura de Said. Josep Lorman.

Hoyos. Louis Sachar.

Las lágrimas de Shiva. César Mallorquí.

A lebre mecánica. Ledicia Costas.

Violeta Tamurana. Andrea Maceiras.

A balada dos Unicornios. Ledicia Costas.

The monkey rescue. Susan Hughes.

3º ESO

La estrategia del parásito. César Mallorqui.

Los espejos venecianos. Joan Manuel Gisbert.

Nunca seré tu héroe. María Menéndez Ponte.

Violeta Tamurana. Andrea Maceiras.

A lebre mecánica. Ledicia Costas.

Cartas de inverno. Agustín Fernández Paz.

Leopard Trail. Elizabeth Laird.

4º ESO

Que me pare o corazón se te esquezo. Andrea Maceiras.

Aire negro. Agustín Fernández Paz.

Ollos de auga. Domingo Villar.

Leyendas. Gustavo Adolfo Bécquer.

Los rebeldes de Camden Town. Álvaro Núñez.

El mar detrás. Ginés Sánchez.

Gandhi. Sue Kendall

ACTIVIDADES

A.- Educación Infantil

- Asamblea pola mañá e charlas informais
- Lectura de contos e libros, relacionados cos proxectos desenvolvidos na aula, coas festividades que levamos a cabo ao longo do curso, coa educación emocional e os valores.
- Actividades de conciencia fonolóxica
- Iniciarse na lectura, primeiramente palabras e despois sinxelas frases
- Trazado de fonemas coa direccionalidad correcta e escritura de palabras

B.- Educación Primaria

1º e 2º

- Lectura do libro programado e visita da autora
- Visitas a Biblioteca do Centro para ler ou coller libros en préstamo
- Lecturas individualizadas
- Lectura lúdica nos exteriores do Centro
- Carnet de Lectores en Prácticas

5º e 6º

- Lectura do libro programado
- Lectura doutro libro a maiores que se escollerá unha vez coñecido o nivel lector e gustos do alumnado implicado.
- Visita a biblioteca de Bueu
- Celebración Día do Libro
- Celebración Día das Letras Galegas.

- Participación no FIC
- Recomendacións dixitais: Elaboración de curtos de vídeo ou fichas visuais creadas polo alumnado para recomendar os seus libros favoritos ao resto dos compañeiros/as.
- Posta en marcha da radio escolar: recomendacións lectoras.
- Implicación activa das familias na lectura do segundo libro do curso, organizando algunha actividade relacionada coa lectura na que participen as familias.
- Creación dun panel colaborativo no corredor ou na aula onde cada alumno/a pega críticas rápidas, puntuacións e debuxos sobre os libros lidos durante o curso

C.- Educación Secundaria

- Visitas de autores.
- Celebración do Día de Rosalía.
- Celebración Día do Libro
- Celebración Día das Letras Galegas.
- Proxectos de aula relacionados coas diferentes lecturas.
- Realización de fichas de lectura.
- Lectura en voz alta de fragmentos literarios seleccionados polo alumnado.
- Visionado de películas relacionadas coas lecturas realizadas.
- Exposicións relacionados coas diferentes lecturas.
- Actividades de creación literaria.
- Actividades de creación literaria.
- Concurso de relatos de medo.
- Participación no FIC.
- Posta en marcha da radio escolar.

Actividades asociadas ás actividades complementarias

Actividades referidas á biblioteca de centro

- Club de lectura.

- Posta en marcha da radio escolar.

Actividades para favorecer a relación familia escolar

- Club de lectura familias usuarias de SAAC.

RECURSOS

- Recursos Humanos:

O claustro do profesorado no seu conxunto será o responsable directo do desenvolvemento das actividades e da consecución dos obxectivos propostos.

As profesoras encargadas da biblioteca serán as coordinadoras do proxecto.

As familias constituirán o principal recurso externo, xa que é necesaria a súa participación activa.

O bibliotecario municipal é outro recurso externo necesario, tanto polo seu coñecemento da literatura infantil e xuvenil coma polo servizo de préstamo e colaboración coa nosa biblioteca.

Por último sinalar a importancia de institucións relacionadas co mundo da lectura: Consellería de Educación, Concello de Bueu, grupos de teatro, editoriais, librarías…

- **Recursos Materiais:**

Para o desenvolvemento das actividades será necesario o uso tanto de material funxible (papel continuo, rotuladores,...) como dos diversos recursos que poñen á nosa disposición as tecnoloxías da información e a comunicación.

Así mesmo tentaremos que o traballo a desenvolver quede reflectido na nosa páxina web e no blogue da Biblioteca Escolar, chamado “Ratos de Biblioteca”.

Coa finalidade de ampliar e mellorar os fondos existentes na biblioteca adicarase parte do orzamento xeral á adquisición de novos títulos para as diferentes idades e de mobiliario para crear novos espcios máis dinámicos e accesibles a todo o alumnado.

- **Recursos Organizativos do centro:**

A biblioteca de centro, as bibliotecas de aula e a bibliopatio serán uns dos principais aspectos a ter en conta este ano. Desexamos que actúe como dinamizadora, e que se convirta nun lugar atractivo e acolledor para todo o alumnado.

Debido á necesidade de vixiar aos diferentes grupos burbulla nos patios non hai profesorado disponible para facer turnos na biblioteca durante os recreos polo que o alumnado acudirá á Biblioteca Escolar acompañado dos seus titores previa reserva da mesma. Alí poderán facer uso do préstamo levado a cabo polos seus titores.

As bibliotecas de aula manteranse coma subsidiarias da do centro en canto a préstamo e como bibliotecas de consulta.

SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

Os titores/as e os equipos de ciclo serán os encargados de levar a cabo a avaliación de cada unha das actividades realizadas.

A profesora responsable da biblioteca avaliará as actividades de dinamización lectora e a organización da biblioteca.

Os coordinadores/as de ciclo e de ámbito tomará nota nos seus libros de actas das actividades realizadas, analizando aspectos positivos e negativos, e remarcando as propostas de mellora que se propoñan.

A coordinadora do PLEA elaborará unha planilla de avaliación na que se recollerán as actividades realizadas, unha avaliación das mesmas e as indicacións de mellora.

O apartado de propostas de mellora, xunto coas aportacións do Claustro e do Consello Escolar, formará parte da Programación Xeral Anual do vindeiro curso.

Titora de Ed. Infantil 3 anos	Mª CARMEN RODAS DURÁN
Titora de Ed. Infantil 4 anos	CRISTINA FERRADÁS AGULLA
Titora de Ed. Infantil 5 anos	BEATRIZ ABAD VIEITO
Titora de Primeiro Ed. Primaria	Mº CONSUELO RODAS DURÁN
Titora de Segundo de Ed. Primaria	ÁNGELA MURADÁS CERVIÑO
Titora de Terceiro de Ed. Primaria	MARIANA PETITTI RIVAS
Titora de Cuarto de Ed. Primaria	ANDREA LÓPEZ AVENDAÑO
Titora de Quinto de Ed. Primaria	CRISTINA IGLESIAS ORMAECHEA
Titora de Sexto de Ed. Primaria	JAVIER AGUETE GÓMEZ
Profesores de Lingua Inglesa – E.P.	CRISTINA IGLESIAS ORMAECHEA JAVIER AGUETE GÓMEZ
Orientador Profesora P.T.	MIGUEL CASAL IGLESIAS MARTA SOTELO PORTELA

Profesora P.T / A.L. Psicóloga	AMALIA CASTRO RÍOS SEILA RODRIGUEZ AIRES
Profesora de Relixión - E.P.	MARIANA PETITTI RIVAS Mª CONSUELO RODAS DURÁN
Titor de Primeiro ESO	JOSÉ RAMÓN MARTÍNEZ MÉNDEZ
Titora de Segundo ESO	OLALLA SOTO ALONSO
Titora de Terceiro ESO	Mª DOLORES VÁZQUEZ CARLÉS
Titor de Cuarto ESO	Mª JESÚS ROSALES SANMARTÍN
Profesor de Música ESO Profesora de Linguas ESO	VÍCTOR M. FERNÁNDEZ VÁZQUEZ Mª DOLORES VÁZQUEZ CARLÉS
Profesora de E.P.V. ESO	ANA MARÍA ACUÑA RODRÍGUEZ
Profesor de Ed. Física ESO	CARLOS LOBELLE CARÚS
Profesora Matemáticas A e bioloxía da ESO Profesora Matemáticas B da ESO	Mª JESÚS ROSALES SANMARTÍN OLALLA SOTO ALONSO
Profesora de relixión da ESO	OLGA SANTOS
Profesora de física e química da ESO	ERIKA CASTRO MOREIRA
Profesor lingua inglesa e francesa da ESO	CÉSAR GALLEGO NOVAS
Profesora Auxiliar de Conversa	KARYN OWILL

PROFESORADO IMPLICADO NA DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

AMALIA CASTRO RÍOS
Mª CARMEN RODAS DURÁN
MARIANA PETITTI RIVAS
ANGELA MURADÁS

ANEXO III. PLAN DIXITAL DE CENTRO

1. INTRODUCIÓN.

A educación dixital incide de xeito cada vez máis determinante na vida das persoas, e en consecuencia, no campo da educación. Neste último ámbito, o educativo, a inclusión da competencia clave (Competencia Dixital) que en xeral implica o uso seguro e crítico das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) para obter, analizar, producir e intercambiar información como elemento do currículo introdúcenos nun momento substancialmente distinto e crea novos escenarios educativos. Esta competencia consiste esencialmente en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento, polo que o dominio das TIC faise tan esencial como o das técnicas instrumentais clásicas. É máis, as posibilidades didácticas e pedagóxicas que nos ofrece o acceso e xestión da información e do coñecemento, conceden a esta competencia un peso específico como eixe transversal dentro da actividade docente. Todo isto esixe transformacións que afectan á globalidade do proceso educativo nos seus aspectos metodolóxicos, organizativos, de xestión e curriculares.

Referencias lexislativas: Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos.

2. SITUACIÓN INICIAL.

3.1. DESCRICIÓN DA SITUACIÓN INICIAL NO CENTRO.

Actualmente, a maioría do alumnado do noso centro dispón de ordenador na casa e está habituado ao seu uso, principalmente no entorno Windows. Coñecen programas sinxelos como procesadores de texto (Microsoft Word) e empregan soportes básicos para comunicar e almacenar información (como memorias USB). Ademais, manipulan habitualmente outros dispositivos como tablets ou teléfonos móbiles de última xeración, que lles permiten traballar con fotografías e música en formato dixital.

Outros dispositivos audiovisuais, como cámaras fotográficas e cámaras de vídeo dixitais, tamén son coñecidos polo alumnado, así como a manipulación básica da información obtida a partir destes. Cada vez son máis os alumnos e alumnas que

dispoñen de conexión a Internet nos seus fogares, polo que aumenta o número de familias que utilizan este recurso de xeito cotián.

Cómpre destacar que, desde 5º de Educación Primaria, o alumnado conta con ordenadores do programa E-Dixgal, baseados nun entorno Linux, co que tamén están familiarizados. Isto permítelles un contacto directo cun ecosistema tecnolóxico alternativo a Windows e contribúe a ampliar a súa competencia dixital.

Aínda así, o uso adoita estar limitado á comunicación e ao entretemento, sen profundar na ampla variedade de ferramentas dispoñibles. Cómpre destacar que, en moitos casos, os coñecementos informáticos das nais e pais son inferiores aos dos seus fillos e fillas, situación que dificulta o control e acompañamento no uso responsable das tecnoloxías.

Nos últimos anos tamén comezamos a detectar un achegamento progresivo do alumnado a ferramentas de intelixencia artificial (IA), fundamentalmente para a procura de información ou a xeración de contidos sinxelos. Non obstante, a súa utilización é aínda pouco crítica e require dunha formación específica para desenvolver competencias dixitais seguras, responsables e éticas neste ámbito emerxente.

3.2. MEDIOS DISPOÑIBLES.

3.2.1. AULA DE ORDENADORES.

A aula consta de:

- Switch (SMC-EZ1016DT EZ 10/100 a gama EZ de SMC Modelo de switch de 24 portos 10BASE-T/100BASE-TX; equipo de alto rendemento plug&play, integra a rede Ethernet e incrementa o ancho de banda en grupos medianos de traballo; compatible coas existentes redes Ethernet e FastEthernet, quedando desta forma garantizada a súa inversión). Cada porto do Switch opera a 10 ou 100 Mbps e mediante Auto Negotiation adáptase á velocidade e ao modo de transmisión axeitado. Os LEDs permiten a monitorización da actividade e facilita a detección de problemas.
- Servidor: AOPEN ES35- Procesador COREI5 760 2,8 GHz, Disco dura 1 TB SATA300, Tarxeta gráfica VGA GFORCE GT220 1GB DEDICADO, 4 GB DDR3 A 1333 MHz, Placa Base GIGABYTE GA-H55-DH2, Grabadora Interna SONY AD-5260S.
- 12 equipos comunicados en rede.
- Pantalla dixital na aula de informática.
- 12 periféricos que constan de auriculares e micrófonos.

3.2.2. MEDIOS AUDIOVISUAIS.

Os medios audiovisuais cos que conta o centro son os seguintes:

- Conexión WiFi en todo o centro.
- PDI na aula de Educación Especial.
- Ordenadores portátiles para todas as aulas con pantalla dixital.
- Instalación de audiovisuais no salón de actos (proxector, amplificador, micrófonos,…)

- Ordenador conectado á fotocopiadora e impresora dixital tamén con conexión a Internet.
- Ordenador con conexión a Internet na aula de Pedagoxía Terapéutica.
- Fotocopiadora e impresora dixital.
- Fotocopiadora manual.
- Ordenador e impresora multifunción con scanner, fax e impresora láser en secretaría.
- Proxecto E-dixgal en 5º e 6º de EP e 1º , 2º, 3º e 4º da ESO.
- 2 Impresoras 3D.

3.3. FORMACIÓN ACTUAL DO PROFESORADO.

Na actualidade todo o profesorado dispón da competencia dixital docente para acreditar o seu nivel.

Tamén continuará coa formación proporcionada polo proxecto de polos creativos, además das formacións internas programadas.

Continuará elevorando os portfolios dixitáis docentes.

3.4. UTILIZACIÓN REAL DOS RECURSOS DISPOÑIBLES.

3.4.1. AULA DE ORDENADORES.

Emprégase a aula de ordenadores de xeito habitual na materia de: Dixitalización (4º ESO). Empréganse no resto das materias da etapa da E.S.O. e en E.P de xeito esporádico e a petición do responsable da materia, sempre respectando as quendas asignadas.

3.4.2. MEDIOS AUDIOVISUAIS.

Cada profesor fai uso dos materiais dispoñibles dentro da aula.

3.5. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- Creación, busca e emprego de materiais accesibles en diferentes formatos: audio libros, vídeos subtitulados ou textos simplificados.

3. PLAN DE ACTUACIÓN.

4.1. OBXECTIVOS.

- Integración do Polo Creativo no centro: incentivar o uso do material e kits do programa en todas as etapas e materias.
- Creación dun “escudo dixital” na comunidade educativa: mellorar a formación en ciberseguridade, fomentar un uso adecuado das redes sociais e desenvolver alumnado crítico coa información que manexa.
- Creación de pontes de tolerancia: favorecer a mellora da competencia comunicativa (oral, escrita e dixital) do alumnado a través do uso de ferramentas GSuite,

metodoloxías activas e dinámicas cooperativas, establecendo unha rede de "pontes" que conecten alumnado, profesorado e familias.

4.2. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES A DESENVOLVER.

Son moitas as actuacións concretas a abordar para lograr unha completa integración das TICs e TACs no centro; unhas afectan a todo o centro, outras a un ciclo ou a unha etapa ou a unha clase ou especialidade, convén abordar de cara ao curso presente soamente algunhas das actuacións viables e deixar outras para cursos posteriores (recóllense nas propostas de mellora do presente plan.)

Sería interesante avanzar polo tanto en moitos aspectos, pero de maneira concreta e coordinada en:

- **Documentos curriculares**: faremos constar de maneira específica en todos os documentos curriculares, incluído o PEC, a integración das TICs y TACs. De maneira que as programacións de clase contemplarán a súa utilización e no plan de traballo coordinado anual de cada equipo docente de ciclo – que vai na PXA- constarán como un punto diferenciado as actuacións TIC concretas de cada ciclo.

- **Actividades de clase**: é necesario que o alumnado teña claras instrucións sobre o seu traballo a realizar na Aula de Informática e na aula ordinaria coa utilización dos ordenadores E-dixgal en 5º-6º de EP e 1º - 2º-3º-4º de ESO. Ademais colgarase na aula unha "folla de incidencias" na que se anotarán as posibles incidencias atopadas no funcionamento correcto dos ordenadores.

- **Páxina Web do centro**: a páxina Web utilízase como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.Este curso continuaremos actualizando a páxina web xa que vimos a necesidade de restaurala e actualizala no curso anterior. A súa difusión realízase mediante accións de divulgación entre alumnado e familias, e incluíndo a súa referencia nos diferentes documentos que se remiten ás familias (circulares, pregoeiro,…). Ademais precísase da colaboración de toda a comunidade educativa para manter a páxina web como algo dinámico e de interese para todos. Para isto é primordial proporcionarlle material dixital sobre as distintas actividades levadas a cabo no centro ao equipo encargado da xestión da páxina.

- **Pantalla dixital**: Posto que contamos con pantallas dixitais en todas as aulas é primordial potenciar o seu uso.Dende o equipo do plan I+D propoñémonos seguir fomentando o uso das pantallas dixitais coma unha ferramenta máis para o proceso de ensinanza-aprendizaxe nas aulas.

O centro desenvolve actuacións educativas en relación con aspectos como a seguridade, a concienciación cos riscos dun uso indiscriminado das tecnoloxías dixitais e as normas para ter un comportamento responsable en contornas en rede.

COORDINACIÓN DOS RECURSOS TIC E INNOVACIÓN EDUCATIVA.

Para poder desenvolver este Plan de actuación, o Centro conta cun Coordinador do departamento de I+D, apoiado por profesores das diferentes etapas de Infantil, Primaria e ESO, cuxas principais funcións son as seguintes:

- Elaborar e actualizar o plan de Inovación educativa do centro, así como facer un seguimento e avaliación do seu proceso de aplicación.
- Propoñer á dirección vías de potenciación das TICs e das TACs no centro, así como realizar suxerencias para a innovación educativa.
- Supervisar o estado da sala de informática, así como dos recursos tecnolóxicos do centro, e xestionar o seu mantenemento para que todo estea en perfecto estado, actuando de enlace entre os servizos técnicos e o centro.
- Analizar o grao de satisfacción da Comunidade Educativa en relación ás TICs.
- Actualizar os seus coñecementos sobre as TIC e colaborar coa dirección nas tarefas formativas de todo o profesorado neste campo.
- Manter actualizada a páxina web do centro.

Coordinador I+D: OLALLA SOTO ALONSO

Colaborador:

Javier Aguete
Cristina Ferradás Agulla

4.3. ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO.

A organización da aula de informática lévase a cabo realizando a comezos de cada curso un horario no que se inclúen todas as clases que se darán periodicamente nesa aula. O resto das clases que non se impartirán de maneira periódica sempre no mesmo horario, será reservado no calendario correspondente que está dispoñible no taboleiro da sala de mestres, onde tamén se atopa o horario da aula de informática que tamén se pode consultar na aula.

A utilización do resto de medios audiovisuais, pasa simplemente por comentar co resto do profesorado que se vai utilizar nunha clase determinada, deste xeito non soemos coincidir. Non obstante, a organización melloraría e evitaríamos calquera coincidencia á hora de solicitar un recurso determinado se existise unha folla horario de reserva para estes recursos que permitise reservalos con antelación: isto proponse nas melloras a realizar.

4. SEGUIMENTO E AVALIACIÓN.

Realizarase o seguimento e a avaliación a través das reunións do departamento e coa ferramenta do plan dixital do centro, no que consta un apartado de análise DAFO onde os ítems están determinados polo aspecto (poden ser "Internos" ou "Externos") e dentro de cada un destes, polo tipo de elemento ("Fortalezas ou "Debilidades", "Ameazas" ou "Oportunidades") e a categoría.

Dentro do mesmo plan PD ,nos apartados de seguimento e avaliación.

5. PROXECTO E-dixgal

O proxecto estase traballando nos cursos de 5º e 6º de E.P e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, seguindo os libros dixitais que as diferentes editoriais nos ofrecen os profesores que impartimos materias nestes cursos.

Integración do método Híbrido E-Dixgal:

No curso 2025-26 adheriuse este método nos curso de :
5º e 6º Ep: nas materias de Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas
1º e 2º Eso: nas materias de Lingua Galega e Matemáticas
No actual curso 2026-27 incorpórase:
3º e 4º Eso: nas materias de Lingua Galega e Matemáticas.

6. CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA

Traballamos día a día na integración efectiva dos recursos TIC na aula e no centro escolar, xa que entendemos que é unha ferramenta poderosa para atender a diversidade e personalizar a aprendizaxe. Ao centrarnos nas necesidades individuais dos estudantes e proporcionar unha contorna de aprendizaxe inclusiva, pódense superar barreiras e mellorar os resultados educativos.

Cremos necesario continuar formando ao profesorado en novas tecnoloxías, para que poidan seguir sendo aplicadas nas aulas nas diferentes materias e etapas. Debemos traballar tamén na resolución de incidencias técnicas, informáticas e audiovisuais do día a día e na formación nas aplicacións da IA no ámbito educativo.

Traballar máis co alumnado en plataformas dixitais como Google Classroom para a xestión de tarefas, seguimento do avance do alumnado, e comunicación entre alumnado e profesorado. Fomentar o uso dos portfolios dixitais entro o alumnado: ferramenta na que poidan mostrar o seu progreso e reflexionar sobre a súa aprendizaxe.

ANEXO IV. PLAN DE CONVIVENCIA

ÍNDICE	
Normativa de referencia	114
Introdución e xustificación	115
Análise da situación actual da convivencia no centro	115
Características do centro e do seu contorno.	

Xestión e organización do centro. Participación dos membros da Comunidade Educativa. Conflictividade detectada no centro. Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e efectividade das mesmas.	
Obxectivos específicos e accións previstas para a consecución dos mesmos. Responsables e destinatarios.	119
Protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso escolar	123
Normas de convivencia do centro	123
Dereitos e deberes dos membros da Comunidade Educativa. Normas básicas de convivencia no centro. Condutas contrarias á convivencia e corrección das mesmas. Outras normas de organización e funcionamento do centro.	
Normas de funcionamento da Comisión de Convivencia	144
Difusión do Plan de Convivencia	145
Seguimento, avaliación e mellora do Plan de Convivencia	146

PLAN DE CONVIVENCIA

NORMATIVA DE REFERENCIA

O presente Plan de Convivencia toma como referencia a normativa estatal e autonómica vixente en materia de educación, convivencia escolar, protección da infancia e da adolescencia, igualdade, atención á diversidade e benestar da comunidade educativa. De maneira específica:

- Constitución Española, do 27 de decembro de 1978.
- Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril.
- Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOMLOE).
- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei 27/2005, do 30 de novembro, de fomento da educación e da cultura da paz.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, en materia de atención á diversidade.
- Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.
- Plan Integral contra o Acoso e o Ciberacoso Escolar de Galicia.
- Protocolo educativo para a prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso escolar.
- Protocolo de actuación contra a violencia na infancia e na adolescencia no ámbito educativo.
- Plan Integral de Benestar Dixital de Galicia.
- Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia e Regulamento de Réxime Interior do centro.

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en decembro de 1948.
- Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas en novembro de 1989.
- Principios europeos relacionados coa convivencia democrática, a participación, a inclusión e a prevención da violencia nos centros educativos.

INTRODUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

O Plan de Convivencia é froito da reflexión e da análise da realidade do noso centro, das relacións que se establecen entre os diferentes membros da comunidade educativa e das necesidades e retos que xorden arredor dun dos principios fundamentais da educación: **aprender a convivir desde o respecto, a responsabilidade, a inclusión e a cultura de paz**.

O CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa de Bueu entende a convivencia escolar non unicamente como a ausencia de conflitos, senón como a construción activa dun clima de centro seguro, acolledor, participativo e respectuoso, no que cada alumno e alumna poida desenvolverse plenamente e sentirse escoitado, protexido e valorado.

O presente Plan desenvólvese de acordo coa Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, co Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, coa normativa educativa derivada da LOE-LOMLOE e coa Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

A prevención da violencia e dos problemas de convivencia constitúe unha responsabilidade compartida por toda a comunidade educativa. Por este motivo, a actuación do centro non pode limitarse á aplicación de medidas correctoras cando se produce unha conduta contraria á convivencia, senón que debe ter un carácter fundamentalmente **preventivo, educativo, inclusivo e reparador**.

Os centros educativos son espazos privilexiados para aprender a convivir. É neles onde o alumnado aprende a relacionarse, expresar emocións e necesidades, cooperar, aceptar diferenzas, desenvolver a empatía, asumir responsabilidades e resolver desacordos de maneira dialogada e respectuosa.

Os conflitos, entendidos como parte natural das relacións humanas, poden converterse tamén en oportunidades de aprendizaxe cando son abordados desde o diálogo, a reflexión, a reparación do dano, a corresponsabilidade e o respecto aos dereitos das persoas implicadas.

Neste contexto adquiren especial relevancia a educación emocional, o desenvolvemento das habilidades sociais, a igualdade entre mulleres e homes, a prevención da discriminación, o uso seguro e responsable das tecnoloxías, a prevención do acoso e do ciberacoso e a protección do alumnado fronte a calquera manifestación de violencia.

O centro conta, así mesmo, coa figura da **persoa coordinadora de benestar e convivencia**, establecida pola Orde do 23 de agosto de 2023, que actuará en

coordinación coa dirección, o Departamento de Orientación, as titorías, o profesorado e o resto da comunidade educativa na prevención, detección e abordaxe das situacións que poidan afectar ao benestar do alumnado.

O Plan de Convivencia pretende, polo tanto, proporcionar á comunidade educativa ferramentas para promover relacións positivas e establecer mecanismos de prevención, detección e intervención ante aquelas situacións que poidan alterar o clima escolar.

Trátase dun documento aberto, dinámico e susceptible de mellora, que será obxecto de seguimento e avaliación periódica. As actuacións prioritarias concretaranse cada curso escolar na Programación Xeral Anual atendendo ás necesidades detectadas.

ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL DA CONVIVENCIA NO CENTRO

a) Características do centro e do seu contorno

O **CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa** é un centro privado concertado cuxa institución titular foi ata o ano 2013 a Compañía das Fillas da Caridade, pasando nese ano a formar parte dos centros da **Fundación Educere**.

O centro está situado na vila de Bueu, concello costeiro pertencente á comarca do Morrazo, na provincia de Pontevedra.

A realidade socioeconómica do municipio mantén unha importante vinculación histórica co mar e coas actividades relacionadas co sector pesqueiro, ao tempo que adquiren especial relevancia o sector servizos, o comercio, a hostalaría e as actividades administrativas.

O centro mantén unha estreita relación co seu contorno, coas familias e cos distintos servizos e institucións da comunidade, considerando que a coordinación entre escola, familia e contorno constitúe un elemento esencial para favorecer o desenvolvemento integral e o benestar do alumnado.

b) Xestión e organización do centro

No CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa impártense ensinanzas correspondentes ás etapas de:

- Educación Infantil, segundo ciclo.
- Educación Primaria.
- Educación Secundaria Obrigatoria.
- Educación Especial.

O centro conta cunha única unidade por curso nas diferentes etapas ordinarias e cunha aula de Educación Especial.

No curso escolar **2026/2027** están escolarizados **227 alumnos e alumnas**, distribuídos do seguinte xeito:

- 4º de Educación Infantil: 17.
- 5º de Educación Infantil: 17.
- 6º de Educación Infantil: 8.
- 1º de Educación Primaria: 23.
- 2º de Educación Primaria: 16.
- 3º de Educación Primaria: 9.
- 4º de Educación Primaria: 18.
- 5º de Educación Primaria: 18.
- 6º de Educación Primaria: 20.
- 1º de ESO: 22.
- 2º de ESO: 21.
- 3º de ESO: 19.
- 4º de ESO: 19.

No relativo ao persoal docente, o centro conta durante este curso cun total de **31 profesores e profesoras** que, ademais de desenvolver as funcións propias da docencia, da titoría e da atención educativa ao alumnado, participan nos diferentes órganos, departamentos, comisións e equipos de coordinación do centro.

A estrutura organizativa inclúe, entre outros:

- Dirección.
- Xefatura de Estudos.
- Secretaría.
- Claustro do Profesorado.
- Consello Escolar.
- Departamento de Orientación.
- Ámbitos e departamentos de coordinación didáctica.
- Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Equipos de ciclo.
- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Comisión de Convivencia.
- Equipo de I+D e outros equipos ou comisións establecidos no centro.

Ademais do persoal docente, forman parte da comunidade educativa a auxiliar de conversa, o persoal de administración e o persoal de servizos e limpeza.

A organización do centro procura favorecer a coordinación entre os distintos profesionais e unha resposta educativa inclusiva, prestando especial atención ao benestar emocional, á prevención das dificultades de convivencia e á detección temperá de posibles situacións de vulnerabilidade ou violencia.

c) Participación dos membros da comunidade educativa

A construción dunha convivencia positiva require da implicación e participación corresponsable de todos os sectores da comunidade educativa.

Alumnado

Desde o centro procurarase:

- Favorecer o desenvolvemento integral do alumnado e unhas relacións baseadas no respecto, na igualdade, na cooperación e na responsabilidade.
- Desenvolver habilidades sociais, emocionais e comunicativas que faciliten a resolución pacífica dos conflitos.
- Promover a empatía, a comunicación asertiva, o respecto ás diferenzas e a aceptación da diversidade.
- Fomentar a participación activa do alumnado na mellora da convivencia do centro.
- Proporcionar ferramentas para identificar e comunicar posibles situacións de acoso, ciberacoso, discriminación ou calquera outra forma de violencia.
- Educar nun uso seguro, crítico e responsable das tecnoloxías e das redes sociais.

Familias

Desde o centro procurarase:

- Facilitar a participación das familias nos asuntos relacionados coa convivencia e co benestar do alumnado.
- Informalas e asesoralas sobre as normas de convivencia, os procedementos de actuación e os protocolos existentes.
- Favorecer unha comunicación fluída entre familias, titorías, Departamento de Orientación e equipo directivo.
- Promover accións de sensibilización e formación relacionadas coa prevención, a detección precoz e a protección da infancia e da adolescencia.
- Fomentar a corresponsabilidade familia-centro na educación emocional, social e dixital do alumnado.

Profesorado

Corresponderá ao profesorado:

- Favorecer un clima de aula baseado no respecto, na inclusión e na seguridade.
- Desenvolver actuacións preventivas desde a acción titorial e desde as diferentes áreas e materias.
- Participar en actividades formativas relacionadas coa convivencia, o benestar emocional, a prevención da violencia e a protección da infancia.
- Coñecer e aplicar os protocolos de prevención, detección e intervención establecidos pola Administración educativa.
- Detectar de maneira temperá cambios ou sinais que poidan indicar situacións de vulnerabilidade, violencia, acoso ou dificultades socioemocionais.
- Comunicar as situacións detectadas seguindo os procedementos establecidos polo centro.
- Favorecer a coordinación entre profesorado, titorías, Departamento de Orientación, persoa coordinadora de benestar e convivencia e equipo directivo.

Persoal non docente

O persoal de administración e servizos forma tamén parte activa da comunidade educativa e desempeña un papel relevante na observación e no mantemento dun clima de convivencia positivo.

Procurarase:

- Informar ao persoal dos procedementos básicos de comunicación ante posibles situacións que afecten ao benestar ou seguridade do alumnado.
- Favorecer a súa participación nas accións de sensibilización e formación que resulten pertinentes.
- Promover unha actuación coordinada con dirección e coa persoa coordinadora de benestar e convivencia.

Institucións e entidades do contorno

O centro favorecerá a coordinación cos recursos comunitarios e institucionais que poidan contribuír á prevención, protección e promoción do benestar do alumnado.

Promoverase especialmente a colaboración con servizos sociais, servizos sanitarios, corpos e forzas de seguridade, administración local e outras entidades especializadas cando resulte necesario.

d) Conflictividade detectada no centro

A convivencia no CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa pode considerarse, con carácter xeral, **positiva**, sen que no momento de elaboración desta Programación Xeral Anual se detecten situacións de especial gravidade que alteren de maneira significativa o clima xeral do centro.

Como sucede en calquera contexto educativo, poden producirse conflitos puntuais derivados da convivencia diaria, desacordos entre iguais, dificultades na xestión emocional, problemas de comunicación ou incumprimentos ocasionais das normas.

Estas situacións son abordadas prioritariamente desde unha perspectiva educativa e preventiva, mediante a intervención das titorías, o diálogo co alumnado e coas familias, a actuación do profesorado, o Departamento de Orientación, a persoa coordinadora de benestar e convivencia e, cando resulte necesario, o equipo directivo.

Manterase durante todo o curso unha observación continuada da convivencia co obxectivo de detectar de maneira precoz posibles situacións de illamento, discriminación, acoso, ciberacoso, violencia ou outras circunstancias que poidan afectar ao benestar físico, emocional ou social do alumnado.

e) Actuacións desenvolvidas no ámbito da convivencia e valoración da súa efectividade

O centro vén desenvolvendo diferentes medidas preventivas e educativas destinadas a favorecer unha convivencia positiva e o benestar da comunidade educativa.

Entre as principais actuacións destacan:

- Titorías individuais co alumnado.
- Titorías e dinámicas grupais.
- Entrevistas e coordinación coas familias.
- Intervención e asesoramento do Departamento de Orientación.
- Coordinación entre titorías, profesorado, Departamento de Orientación e equipo directivo.
- Actividades de prevención e resolución pacífica dos conflitos.
- Talleres, charlas e accións de sensibilización dirixidas ao alumnado e ás familias.
- Actuacións relacionadas coa educación emocional.
- Actividades para o desenvolvemento da empatía e das habilidades sociais.
- Traballo sobre comunicación asertiva e resolución de conflitos.
- Actividades relacionadas co autocoidado e o benestar emocional.
- Sensibilización sobre igualdade, respecto á diversidade e prevención da discriminación.
- Educación para o uso seguro e responsable de internet, dispositivos dixitais e redes sociais.
- Prevención do acoso e do ciberacoso escolar.
- Aplicación dos protocolos establecidos pola Administración educativa cando resulte necesario.

De maneira transversal, ao longo dos diferentes cursos desenvolvéronse experiencias e actividades relacionadas especialmente con:

- O benestar emocional.
- A comunicación asertiva.
- A empatía.
- O autocoidado.
- A cohesión dos grupos.
- A resolución pacífica dos conflitos.
- O respecto ás diferenzas.
- O uso responsable das redes sociais e das novas tecnoloxías.

A valoración xeral destas actuacións é positiva, especialmente pola súa contribución á prevención, á mellora das relacións interpersoais e á creación de espazos nos que o alumnado pode expresar as súas necesidades e dificultades.

Non obstante, a convivencia será obxecto dunha avaliación continuada ao longo do curso, empregando a información achegada polas titorías, o profesorado, o Departamento de Orientación, a persoa coordinadora de benestar e convivencia, as familias e o propio alumnado para introducir as modificacións e propostas de mellora que resulten necesarias.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E ACCIÓNS PREVISTAS PARA A CONSECUCIÓN DOS MESMOS. RESPONSABLES E DESTINATARIOS DAS MESMAS.

Obxectivos específicos	Destinatarios	Accións previstas	Responsables
Facilitar ao profesorado formación en materia de prevención, detección precoz e protección da infancia e a adolescencia.	Profesorado	Xornadas de sensibilización e material para o traballo sobre o valor do ano.	Departamento de Pastoral Departamento de Orientación Coordinador de benestar e convivencia
		Formación do profesorado en materia de convivencia.	Equipo directivo
		Difusión do plan de convivencia e das actuacións a desenvolver nas diferentes etapas.	Equipo directivo Coordinador de benestar e convivencia
		Incremento do profesorado que ten garda de patio na EP	Equipo directivo Profesorado
Fomentar a cultura da Paz, da Convivencia e da Equidade entre o alumnado e demais membros da Comunidade Educativa	Alumnado	Conmemoración do Día contra a Violencia, Día da Paz, e da Igualdade.	Departamento de orientación Coordinador de benestar e convivencia Profesorado
		Actividades	Departamento de

		Conmemorativas do Día contra a violencia (25N)	orientación Coordinador de benestar e convivencia Profesorado
		Actividades Conmemorativas do Día da Igualdade entre Homes e Mulleres (8M)	Departamento de orientación Profesorado Coordinador de benestar e convivencia
		Organización de actividades lúdicas e xogos durante os tempos de lecer coma os recreos. Desenvolvemento do programa de Patios Inclusivos.	Departamento de orientación Profesorado Coordinador de benestar e convivencia
		Desenvolvemento das Actividades propostas en relación ao valor do ano.	Departamento de Pastoral Profesorado
		Dedicación unha porcentaxe superior ao 35% do tempo total das materias de libre configuración de EP e ESO ao traballo en Habilidades Sociais e Valores ético-cívicos.	Equipo directivo Profesorado de 4º EP, 5º EP e 6º EP e ESO

		Promover acccións cooperativas e dinámicas de aula que propicien a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflictos.	Equipo directivo Coordinador de benestar e convivencia Profesorado
		Alumnado colaborador coa biblioteca escolar e programa de biblioteca inclusiva.	Profesorado responsable da biblioteca Coordinador de benestar e convivencia
		Promover actividades que faciliten a integración de todo o alumnado durante os tempos de lecer. Patios Inclusivos	Departamento de Orientación
Fomentar actuacións que melloren o coñecemento e cumprimento das normas do centro, así como a aceptación das sancións derivadas do incumprimento das mesmas.	Alumnado	Elección de delegados	Profesorado titor
		Elaboración das normas de aula e outros espazos do centro	Profesorado
		Entrevistas co alumnado de novo ingreso.	Profesorado titor Departamento de orientación
	Familias	Información ás familias sobre as normas do centro e das aulas (presentación de curso, acollida	Equipo directivo Profesorado Departamento de

		alumando de novo ingreso, charlas de cambio de etapa,…)	orientación
Promover a prevención, detección e actuación ante casos de acoso escolar.	Profesorado	Difusión do protocolo de actuación ante casos de acoso.	Equipo directivo Departamento de orientación
		Actividades formativas	Equipo directivo
	Alumnado	Charla informativa sobre acoso escolar. Plan director.	Departamento de orientación Guarda Civil
	Familias	Charla informativa sobre acoso escolar. Plan director.	Departamento de orientación Guarda Civil
Promover a prevención de situacións de absentismo escolar.	Profesorado	Información ao profesorado sobre o Plan de Absentismo do Concello de Bueu	Equipo directivo
	Familias	Información ás familias sobre a importancia da asistencia ao centro (puntualidade, xustificación de faltas,…).	Equipo directivo Profesorado titor
Fomentar a comunicación e a cooperación coas familias.	Familias	Plataforma EDUCAMOS	Profesorado responsable de EDUCAMOS
		Programación das entrevistas de seguimento do alumnado coas familias	Profesorado titor Profesorado non titor Departamento de

		(Titorías)	orientación
		Entrevistas co titor antes do inicio. Alumnado de novo ingreso.	Profesorado titor Departamento de orientación
		Desenvolvemento de actividades nas que participan as familias (O protagonista – Ed Infantil-, Día da Familia, Día da Ciencia.…)	Profesorado
Fomentar e consolidar as relacións coas institucións da contorna.	Alumando, familias e profesorado	Colaboración no desenvolvemento de actividades en coordinación con: ● CIM ● CONCELLO DE BUEU ● OUTROS CENTROS EDUCERE E FILLAS CARIDADE ● PLAN DIRECTOR ● REXURDIR ● Outras entidades	Equipo directivo Departamento de orientación

PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR

Actuarase conforme a o establecido no artigo 30.2 da lei 4/2011, do 30 de xuño.

Tomase como modelo de referencia o “PROTOCOLO XERAL DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E TRATAMENTO DO ACOSO ESCOLAR E O CIBERBULLING”, de maio de 2013, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na que se

dan instrucións en relación con situacións de acoso escolar e ciberbulling nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensino obrigatorio.

NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO

A adecuada convivencia no centro é unha condición indispensable para a progresiva maduración dos distintos membros da Comunidade Educativa, especialmente do alumnado, e consecuentemente para a consecución dos obxectivos do Carácter Propio e do Proxecto Educativo. (Artigo 124º do Regulamento de Réxime Interior do Centro).

Neste epígrafe recollerase o sinalado no Título IV do RRI do centro, no que de acordo no sinalado na Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa, así como no Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a citada lei, recóllense os aspectos relativos ás normas de convivencia que regulan a relación entre os membros da comunidade educativa.
Así no Artigo 125º sinálanse coma fins da convivencia no centro os seguintes:

a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.

b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.

c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.

d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.

g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.

h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

DEBERES E DEREITOS DOS MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Segundo o recollido no Título IV do RRI do centro e de acordo coa Lei 4/2011 e o Decreto 8/2015, os dereitos e deberes dos membros da Comunidade Educativa concrétanse do seguinte xeito:

Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.

Os pais, nais ou as titoras e titores, en relación coa educación dos seus fillos ou pupilos, ou pupilas, son titulares dos seguintes **dereitos** de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
b) A recibir información sobre o Carácter Propio do centro e o Proxecto Educativo, antes de formalizar a matrícula.
c) A que os seus fillos reciban unha educación, coa máxima garantía de calidade, conforme cos fins establecidos na Constitución, no correspondente Estatuto de Autonomía e nas leis educativas.
d) A escoller centro docente tanto público como distinto dos creados polos poderes públicos.
e) A participar na organización, funcionamento, goberno e avaliación do centro educativo, nos termos establecidos nas leis.
f) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos e fillas.
g) A poder reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao finalizar un ciclo ou curso. Dita reclamación basearase na inadecuación da proba en relación cos contidos da área ou materia, ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
h) A ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos.
i) A coñecer as normas establecidas polo centro, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
j) A fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
k) A colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilas.
l) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a administración educativa.
m) A ser oídos, nos termos previstos pola lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus ou fillas, ou pupilos ou pupilas.

Así mesmo, como primeiros responsables da educación dos seus fillos e fillas ou pupilos ou pupilas teñen os seguintes **deberes**:

a) Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou fillas cursen os ensinos obrigatorios e asistan regularmente á clase.
b) Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.

c) Estimulalos para que leven a cabo as actividades de estudo que se lles encomenden.
d) Participar de xeito activo nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros determinen coas familias para mellorar o rendemento dos seus fillos.
e) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e o centro..
f) Coñecer as normas establecidas, respectar e facer respectar as normas establecidas polo centro, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
g) Fomentar o respecto por todos os compoñentes da comunidade educativa.
h) Informar ao centro daqueles aspectos da personalidade e circunstancias dos seus fillos ou fillas que teñan relevancia para a súa formación e integración no centro.
i) Xustificar por escrito as faltas de asistencia e puntualidade dos seus fillos ou fillas.

Dereitos e deberes do alumnado.

Principios xerais:

- Todos os alumnos e alumnas teñen os mesmos dereitos e deberes, sen máis distincións que as derivadas da súa idade e do nivel que estean cursando.
- Todos os alumnos e alumnas teñen o dereito e o deber de coñecer a Constitución española e o respectivo Estatuto de autonomía, co fin de formarse nos valores e principios recoñecidos neles.
- O deber máis importante do alumnado é o de aproveitar positivamente o posto escolar que a sociedade pon á súa disposición. Por iso, o interese por aprender e a asistencia á clase, é dicir, o deber do estudo, é a consecuencia do dereito fundamental á educación.
- O exercicio dos seus dereitos por parte dos alumnos implicará o recoñecemento e respecto dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa.
- Cando non se respecten os dereitos dos alumnos e alumnas, ou cando calquera membro da comunidade educativa impida o efectivo exercicio destes, o órgano competente do centro adoptará as medidas que procedan conforme ao disposto na lexislación vixente, previa audiencia dos interesados e consulta, no seu caso, ao Consello Escolar do centro.

Os alumnos e alumnas teñen **dereito** a:

1. Recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
2. A unha xornada de traballo escolar acomodada á súa idade e unha planificación equilibrada das súas actividades de estudo.
3. Ter as mesmas oportunidades de acceso aos distintos niveis de ensino. Nos niveis non obrigatorios non haberá máis limitacións que as derivadas do seu aproveitamento ou das súas aptitudes para o estudo.
4. Que a súa dedicación, esforzo e rendemento escolar sexan avaliados con plena obxectividade, facendo públicos os criterios xerais que se van aplicar para a avaliación das aprendizaxes e a promoción do alumnado, e mantendo unha comunicación fluída entre alumnado, profesorado titor e familias no relativo ás valoracións sobre o aproveitamento académico dos alumnos e alumnas e a marcha

do seu proceso de aprendizaxe, así como acerca das decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.

5. Poder reclamar contra as decisións e cualificacións que, como resultado do proceso de avaliación, se adopten ao finalizar un ciclo ou curso. Dita reclamación basearase na inadecuación da proba en relación cos contidos da área ou materia, ou na incorrecta aplicación dos criterios de avaliación establecidos.
6. Recibir orientación escolar e profesional para conseguir o máximo desenvolvemento persoal, social e profesional, segundo as súas capacidades, aspiracións ou intereses.
7. Que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
8. A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
9. Que se respecte a súa liberdade de conciencia, as súas convicción relixiosas, morais ou ideolóxicas, así como a súa intimidade no que respecta a tales crenzas ou convicción.
10. Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
11. Que se reserve toda aquela información de que dispoña o centro acerca das circunstancias persoais e familiares do alumno. Non obstante, os centros comunicarán á autoridade competente as circunstancias que poidan implicar malos tratos para o alumno ou alumna ou calquera outro incumprimento dos deberes establecidos polas leis de protección dos menores.
12. Participar no funcionamento e na vida dos centros, na actividade escolar e na xestión destes, de acordo co disposto na Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación e nos respectivos regulamentos orgánicos.
13. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos pola lei.
14. Elixir, mediante sufraxio directo e secreto, os seus representantes no Consello Escolar e os delegados de grupo nos termos establecidos nos correspondentes regulamentos orgánicos dos centros.
15. A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.
16. Asociarse, creando asociacións, federacións e confederacións de alumnos, as cales poderán recibir axudas, todo isto nos termos previstos na lexislación vixente.
17. Asociarse unha vez terminada a súa relación co centro, ao termo da súa escolarización, en entidades que reúnan os antigos alumnos e alumnas, e colaborar a través delas no desenvolvemento das actividades do centro.
18. Ser informados polos membros da xunta de delegados e polos representantes das asociacións de alumnos e alumnas tanto das cuestións propias do seu centro como das que afecten a outros centros docentes e ao sistema educativo en xeral.
19. A liberdade de expresión, sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa nin do respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
20. Manifestar a súa discrepancia respecto das decisións educativas que lles afecten. Cando a discrepancia revista carácter colectivo, esta será canalizada a través dos representantes dos alumnos na forma establecida na normativa vixente.

21. Reunirse no centro para actividades de carácter escolar ou extraescolar que formen parte do proxecto educativo do centro, así como para aqueloutras ás que poida atribuírse unha finalidade educativa ou formativa, dentro do horario do centro
22. Utilizar as instalacións dos centros coas limitacións derivadas da programación de actividades escolares e extraescolares e coas precaucións necesarias en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino destes.
23. Participar, en calidade de voluntarios, nas actividades dos centros docentes.
24. Percibir as axudas precisas para compensar posibles carencias e desvantaxes de tipo persoal, familiar, económico e sociocultural, de forma que se promova o seu dereito de acceso aos distintos niveis educativos mediante unha política de becas e os servizos de apoio adecuados ás necesidades dos alumnos e alumnas.
25. A protección social oportuna, no ámbito educativo, nos casos de infortunio familiar ou accidente, para que estes non determinen a imposibilidade de continuar e finalizar os studos que se atopen cursando. En casos de accidente ou de enfermidade prolongada, os alumnos e alumnas terán dereito á axuda precisa, a través da orientación requirida, o material didáctico e as axudas necesarias, para que o accidente ou enfermidade non supoña detrimento do seu rendemento escolar.

Os alumnos e alumnas teñen o **deber** de:

a) Respectar o Carácter Propio do centro, o Proxecto Educativo e todos os plans descritos nel.
b) Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro.
c) Estudar e esforzarse para conseguir o máximo desenvolvemento segundo as súas capacidades. Isto concrétase nas seguintes obrigas:
   - Asistir a clase con puntualidade e co material necesario para participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento dos plans de estudo.
   - Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
   - Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e educación.
   - Respectar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
d) Participar nas actividades formativas e, especialmente, nas escolares e complementarias.
e) Respectar a liberdade de conciencia e as convicción relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.
f) Non discriminar a ningún membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo ou por calquera outra circunstancia persoal ou social.
g) Conservar e facer un bo uso dos materiais e as instalacións do centro, e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
h) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia do centro.
i) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.
j) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

Dereitos e deberes do profesorado.

Ao profesorado, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:

a) Á liberdade de cátedra, dentro do marco da Constitución, orientando o seu exercicio docente á consecución dos fins educativos de acordo cos principios do proxecto educativo.
b) A actualizarse e perfeccionarse de forma permanente. A Entidade Titular e o Equipo Directivo facilitarán, cando corresponda, a devandita formación.
c) Acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflitividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.
d) A intervir en todo aquilo que afecte á vida do centro, a través das canles regulamentarias.
e) A presentar peticións, queixas, suxestións ou recursos formulados razoadamente e por escrito ante o órgano correspondente.
f) A ser tratados en todo momento con dignidade e respecto por calquera membro da comunidade educativa e ser valorados no exercicio das súas funcións por toda a sociedade.
g) A convocar reunións informativas ou de carácter pedagóxico, sen perturbar o desenvolvemento das actividades docentes e previa comunicación á dirección do centro.
h) A convocar Claustros extraordinarios con, polo menos, un terzo do total dos compoñentes do persoal.
i) A elixir os seus representantes no Consello Escolar e ser informados por estes das reunións do devandito Consello.
j) A coñecer e utilizar os medios instrumentais e materiais e instalacións do centro para fins educativos (dentro do seu horario laboral).
k) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
l) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
m) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
n) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
o) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa.

Son **deberes** do profesorado:

a) Coñecer o regulamento de réxime interior, cumprilo e facelo cumprir por parte do alumnado ao seu cargo.
b) Asistir puntual e regularmente ás clases e reunións que sexan convocadas debidamente.
c) Conservar, coidar e facer bo uso das instalacións e materiais do centro e facérllelo cumprir aos alumnos.
d) Respectar a personalidade de cada alumno, acomodando o ensino, sempre que sexa posible, aos coñecementos e características individuais de cada un.

e) Escoitar, atender e axudar aos alumnos cando sexan requiridos para isto no desempeño da súa función.
f) Informar e resolver as faltas de disciplina, no ámbito das súas competencias, aplicando as sancións necesarias e tendo en conta que non han de ser humillantes nin atentar contra a dignidade do alumno.
g) Manter contacto e informar de forma periódica e sistematicamente aos pais ou titores legais dos alumnos polos medios e na forma previstos a tal fin.Informándoos sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a a familias.
h) Recibir as visitas dos pais ou titores legais dos alumnos, cumprindo os horarios e normas establecidas. Os horarios de visita de profesores/titores daranse a coñecer a todos os pais a principio de curso.
i) Cumprir o horario de traballo tanto lectivo como de obrigada permanencia.
l) Todas as ausencias deberán ser autorizadas previamente pola dirección, salvo en caso de imprevisto, e xustificadas documentalmente no momento da incorporación ao centro, ante o xefe de estudos ou o director, para a súa inclusión no parte mensual de faltas.
m) Tomar parte na vixilancia de recreos e en calquera outra actividade programada no centro no horario escolar.
n) Respectar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
o) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
p) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e , en particular, das situacións de acoso escolar.
q) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e al circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.

Os dereitos e deberes do persoal de administración e servizos rexeranse polo establecido nos seus respectivos convenios.

Ao persoal de administración e de servizos, no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes **dereitos**:
a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar
d) A protección xurídica adecuada ás súas funcións.
e) A participar directamente no proceso educativo cando se lle sexa requirido.
f) Ser integrado como membro da Comunidade Educativa.
g) Ser informado a cerca dos obxectivos e organización xeral do centro e participar na súa execución naquilo que lles afecte.

h) Á formación permanente.

Deberes do persoal de administración e servizos:

1. Respectar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
2. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
3. Informar aos responsables do centro docente, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
4. Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.
5. Exercer as súas funcións segundo o establecido no seu contrato.
6. Procurar o seu perfecionamento profesional.

ACTUACIÓNS PARA A DETECCIÓN DO SEU INCUMPREMENTO.

Cando un membro da Comunidade Educativa considere que se teñen vulnerados os seus dereitos ou cando considere que outro está incumprindo cos seus deberes porao en coñecemento do equipo directivo (ou de calquera outro profesor/a que informará ao equipo directivo) quen adoptará as medidas oportunas en relación ao sucedido.

NORMAS BÁSICAS DE CONVIVENCIA NO CENTRO

As normas de convivencia do centro serán públicas e facilitarase o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.

En particular, as normas de convivencia concretarán os dereitos e os deberes do alumnado e establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

As normas de convivencia poderán conter previsións sobre a vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado, orientadas a garantir que este non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.

Condición de autoridade pública do profesorado.

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.
O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai ou pai ou da titora ou titor, se a alumna ou alumno que o porta for menor de idade, ou da propia alumna ou alumno, se for maior de 18 anos, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN DAS MESMAS.

De acordo co sinalado no artigo 6 do Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de Convivencia Escolar, en relación á actuación ante condutas contrarias á convivencia terase en conta o sinalado no Título III de dito Decreto:

Principios xerais

1. Os centros docentes porán especial énfase na prevención das condutas contrarias á convivencia mediante o desenvolvemento das actuacións e medidas incluídas no seu plan de convivencia e no seu protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2. Os procesos de corrección das condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar forman parte do seu proceso educativo, polo que as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia deben reunir os seguintes requisitos:

a) Ter carácter educativo e recuperador.
b) Garantir o respecto dos dereitos de todo o alumnado e procurar a mellora da convivencia no centro docente.
c) Contribuír a que a alumna ou o alumno corrixida/o asuma o cumprimento dos seus deberes e mellore as súas relacións con todos os membros da comunidade escolar e se integre no centro educativo.
d) Ser proporcionais á gravidade da conduta corrixida.
3. O diálogo e a conciliación serán as estratexias habituais e preferentes para a resolución de conflitos no ámbito escolar.
4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna asistencia e orientación psicopedagóxica ás vítimas e ás persoas agresoras.
5. Garantiráselle ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, e deberá primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións. Esta protección garantirase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso.

6. O incumprimento das normas de convivencia será valorado antes da imposición da corrección tendo presente a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado corrixido.
7. Ningunha alumna ou alumno poderá ser privada/o do exercicio do seu dereito á educación nin, para o caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade.
8. Non poderán imporse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
9. Para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste deberán ter puntual información sobre as correccións de condutas que lles afecten, nos termos previstos neste decreto e nas normas de organización e funcionamento do centro educativo en que estean escolarizado.

Clases de condutas contrarias á convivencia

1. As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:
a) Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
b) Condutas leves contrarias á convivencia.

2. De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.

3. Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuación pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 deste decreto.

Gradación das medidas correctoras

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:
a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
d) A natureza dos prexuízos causados.
e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciadora desta vulnerabilidade.

Reparación de danos causados

1. O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por neglixencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipamentos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.
2. Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
3. O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

Ámbito de corrección

1. Deben corrixirse as condutas do alumnado contrarias á convivencia escolar que se produzan en calquera tipo de actividade que se desenvolva dentro do recinto escolar ou durante a realización de actividades complementarias e extraescolares que se desenvolvan fóra do citado recinto, así como durante a prestación dos servizos de comedor e transporte escolar.
2. Así mesmo, poderán corrixirse as condutas do alumnado producidas fóra do recinto escolar que estean directamente relacionadas coa vida escolar e afecten outros membros da comunidade educativa.

Aspectos formais dos procedementos correctores

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no artigo 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección regulados no capítulo IV do presente título.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción de veracidade de acordo co establecido no artigo 11.2 da Lei 4/2011, de convivencia e participación da comunidade educativa, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.

c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos da alumna ou do alumno incurso/a no procedemento, e se non fose maior de idade, tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.

e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.
f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou a este, se fose maior de idade, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4. As citacións ás alumnas ou aos alumnos ou, se fosen menores de idade non emancipadas/os, tamén ás persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5. A non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos regulados no capítulo IV deste título son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7. A resolución do procedemento notificarase á nai ou ao pai, á titora ou ao titor legal da alumna ou do alumno, ou á propia alumna ou alumno se fose maior de idade, nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa

Das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e da súa corrección

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:
a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, convicccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por neglixencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
l) O incumprimento das sancións impostas.

Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:
a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro.
c) Cambio de grupo.
d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
f) Cambio de centro.

2. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

Proposta de cambio de centro

1. A medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional.

2. Esta medida correctora non poderá proporse ao alumnado que curse a ensinanza obrigatoria cando na localidade onde se sitúa o seu centro ou na súa localidade de residencia non exista outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse.
3. A proposta de cambio de centro poderá supor o cambio de réxime, de modalidade ou de materia.
4. Cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña á persoa responsable da dirección do centro a imposición a unha alumna ou a un alumno da medida correctora de cambio de centro, a dirección deberá comprobar que se cumpren os requisitos establecidos nos puntos precedentes deste artigo e, logo da comprobación de tales circunstancias, comunicará inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, con achega do expediente do dito procedemento corrector.
5. A xefa ou o xefe territorial correspondente, logo de analizar o caso e tendo en conta o informe da Inspección Educativa, autorizará, de ser o caso, mediante resolución, a aplicación da medida correctora de cambio de centro. No caso de non ser autorizada a proposta, a dirección do centro deberá modificala e aplicar outras medidas correctoras.

Aplicación das medidas correctoras

1. A dirección do centro, por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector, imporá as correccións enumeradas no artigo 39 deste capítulo de conformidade cos procedementos previstos no capítulo IV do título III deste decreto.
2. Unha alumna ou un alumno poderá ser readmitida/o nas clases ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión se a dirección constata que se produciu un cambio positivo na súa actitude e na súa conduta, para o cal consignará por escrito no correspondente expediente as razóns ou motivos que permitiron apreciar o antedito cambio na súa actitude e na súa conduta.

Das condutas leves contrarias á convivencia e da súa corrección

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

Medidas correctoras

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

a) Amoestación privada ou por escrito.
b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.
c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.
d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.
f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

Responsables da aplicación das medidas correctoras

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia levaraa a cabo:

a) O profesorado da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b) e c) do artigo 43 deste decreto.
b) A titora ou titor da alumna ou alumno, oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, no caso das medidas previstas nas alíneas a), b), c) e d) do artigo 43 deste decreto.
c) A persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados, ou a persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno, e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas a), c), d), e) e f) do artigo 43 deste decreto.
d) A persoa titular da dirección do centro, oídos a alumna ou alumno e a súa profesora ou profesor ou titora ou titor, no caso das medidas previstas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto. A imposición destas medidas correctoras comunicarase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.

Solicitude de revisión e execución de medidas

1. As alumnas ou os alumnos ás/aos cales se lles apliquen as medidas correctoras dunha conduta contraria ás normas de convivencia recollidas nas alíneas g) e h) do artigo 43 deste decreto ou, de ser o caso, se fosen menores non emancipadas ou emancipados, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es poderán

mostrar o seu desacordo coa súa aplicación, no prazo de dous días lectivos, mediante escrito dirixido á dirección do centro que, logo de analizar e valorar as alegacións presentadas, ratificará ou rectificará a medida correctora.
2. A resolución que impoña algunha das medidas correctoras a que se refire o número 1 deste artigo, así como as restantes recollidas no artigo 43 deste decreto, pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva.

Procedemento conciliado

1. O procedemento conciliado pretende favorecer a implicación e o compromiso do alumno ou alumna corrixido/a e da súa familia, ofrecer a posibilidade de que a persoa agraviada se sinta valorada, axudar a consensuar as medidas correctoras e facilitar a inmediatez da corrección educativa.
2. O procedemento conciliado poderá aplicarse de se cumpriren os seguintes requisitos:
   a) Que a alumna ou o alumno responsable dalgunha das **condutas gravemente prexudiciais para a convivencia** recoñeza a gravidade da súa conduta, estea disposta ou disposto a reparar o dano material ou moral causado e se comprometa a cumprir as medidas correctoras que correspondan.
   b) No caso de que haxa outros membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta, que estes mostren a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.
3. O procedemento conciliado non procederá nos seguintes casos:
   a) Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade.
   b) Cando a persoa agraviada ou, para o caso de alumnado menor de idade non emancipado/a, as persoas proxenitoras ou representantes legais deste non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.
   c) Cando a alumna autora ou o alumno autor da conduta ou, de ser menor de idade non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.
   d) Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, coa mesma alumna ou co mesmo alumno, para corrixir unha conduta semellante.
4. O procedemento conciliado require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Desenvolvemento do procedemento conciliado

1. Cando a alumna ou o alumno ou, de ser menor non emancipada/o, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por corrixir a conduta polo procedemento conciliado, a dirección convocará a persoa docente designada como instrutor/a do procedemento corrector e as persoas afectadas a unha reunión, no prazo máximo dun día lectivo contado desde o remate do prazo para a comunicación da opción elixida.
2. Na reunión, a persoa instrutora recordaralles ás afectadas e aos afectados ou, de ser menor non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es que están a participar nun procedemento conciliado a que se someteron voluntariamente, e que iso supón acatar o acordo que derive deste. Tamén advertirá a alumna ou o alumno e, de ser o caso, as persoas ou representantes legais desta/e que

as declaracións que se realicen formarán parte do expediente do procedemento corrector no suposto de que non se alcance a conciliación.
3. Posteriormente, a persoa instrutora exporá e valorará a conduta que é obxecto de corrección facendo fincapé nas consecuencias que tivo para a convivencia escolar e para os demais membros da comunidade educativa e, oídas as partes, proporá algunha das medidas correctoras para aquela conduta. A continuación, a persoa instrutora dará a palabra á alumna ou ao alumno e ás persoas convocadas para que manifesten as súas opinións sobre a conduta que se pretende corrixir e realicen as consideracións oportunas sobre a súa corrección.
4. A petición de desculpas por parte da alumna ou do alumno será tida en conta como circunstancia que condiciona a súa responsabilidade, á hora de determinar a medida correctora que se vaia adoptar.
5. Finalmente, as persoas participantes no procedemento deberán acordar a medida correctora que consideren máis adecuada para a conduta da alumna ou do alumno e, se procede, as medidas educativas reparadoras referidas no artigo 35 deste decreto. Deberá quedar constancia escrita da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do alumno ou da alumna autor/a da conduta e da persoa agraviada ou, de ser menor non emancipado/a, das persoas proxenitoras ou representantes legais deste/a. O acordo consensuado polas partes será ratificado pola persoa que exerza a dirección do centro.
6. O incumprimento por parte da alumna ou do alumno das medidas correctoras acordadas dará lugar á corrección da súa conduta mediante o procedemento común.
7. O procedemento conciliado finalizará unha vez obtido o acordo entre as partes. No caso de que non se logre o acordo, continuarase a corrección polo procedemento común desenvolvido conforme o previsto no artigo 53 deste decreto.

Intervención dunha persoa mediadora no procedemento conciliado

1. No procedemento conciliado actuará unha persoa mediadora na forma que se estableza nas normas de organización e funcionamento do centro.
2. A persoa mediadora non substituirá a instrutora do procedemento, senón que colaborará con ela para lograr o achegamento entre as persoas afectadas e o seu consenso na medida correctora que se vaia aplicar.
3. As funcións que poderá desempeñar a persoa mediadora neste procedemento serán as seguintes:

a) Contribuír ao proceso de conciliación.
b) Axudar a que cada unha das persoas afectadas comprenda cales son os intereses, necesidades e aspiracións das outras partes para chegar ao entendemento.
c) Apoiar o adecuado cumprimento do acordado no procedemento conciliado.

Procedemento común

1. O procedemento común de corrección de **condutas gravemente prexudiciais** para a convivencia do centro utilizarase cando a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e opten por el, ou cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.
2. O procedemento común require da instrución dun procedemento corrector, de acordo co previsto neste decreto.

Desenvolvemento do procedemento común

1. A persoa responsable da tramitación deste procedemento corrector será unha persoa docente do centro designada como persoa instrutora.
2. A persoa instrutora deberá precisar no expediente o tipo de conduta da alumna ou do alumno, así como a corrección que corresponde en función dos feitos probados, das circunstancias concorrentes e do seu grao de responsabilidade. A persoa instrutora disporá de cinco días lectivos para a instrución do procedemento corrector, contados a partir da súa designación.
3. Finalizada a instrución do procedemento, a persoa instrutora formulará a proposta de resolución e dará audiencia á alumna ou ao alumno e, se fose menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, convocándoos a unha comparecencia que terá lugar no prazo máximo de tres días lectivos contados a partir da recepción da citación. Na referida comparecencia poderán acceder a todo o actuado e do resultado expedirase acta.

Terminación

Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas

1. Á vista da proposta da persoa instrutora, a dirección do centro ditará a resolución escrita do procedemento de corrección, que considerará polo menos os seguintes contidos:
a) Feitos probados.
b) De ser o caso, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade.
c) Medidas correctoras que se vaian aplicar.
d) Posibilidade de solicitar ante o consello escolar, no prazo de dous días lectivos desde a recepción da resolución, a revisión da medida correctora imposta.
2. A dirección do centro notificaralle por escrito á alumna ou ao alumno ou, de ser menor de idade non emancipada/o, ás persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e a resolución adoptada no prazo dun día lectivo a partir da recepción da proposta da instrutora ou do instrutor, e remitiraa á xefatura territorial correspondente.
3. As correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación coas condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar por instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo co establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos, e o artigo 57.d) da **Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación para os centros concertados.**
4. Arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes da situación de acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.
5. As correccións que se impoñan por este procedemento serán inmediatamente executivas.

Compromisos educativos para a convivencia

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas pola persoa ou persoas prexudicadas, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se compromete a alumna ou o alumno ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que aquelas/es se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, deberán constar os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.
3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.
4. Cada centro educativo poderá concretar nas súas normas de organización e funcionamento o procedemento para acordar co alumnado corrixido e, de ser o caso, coas persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo.

Prescrición de condutas e de correccións

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes, tipificadas neste decreto, prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.
2. O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.
3. En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.
4. As medidas correctoras previstas para as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición.

OUTRAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

No Título II e Título III do RRI do centro recóllense as seguintes normas:

Entradas e saídas

a) Con carácter xeral accederase ao centro pola porta principal .As persoas con mobilidade reducida, con cadeira de bebé, carriños,... farano pola porta de acceso á secretaría. No caso de uso de cadeira de rodas o acceso realizarase pola porta de acceso ao patio traseiro.
b) O acceso ao centro, unha vez comezada a xornada escolar, farase pola porta de acceso á secretaría.
c) Coa fin de comezar as clases con puntualidade subirase ás aulas 5 minutos antes do comezo das mesmas.
d) As saídas faranse de xeito escalonado, primeiro Ed. Infantil, logo EP e posteriormente a ESO.
e) Profesorado e alumnado baixará pola escaleira ata a porta de saída.Os pais, nais,... esperarán aos seus fillos/as no patio exterior .

f) No caso de que durante o tempo de espera, un pai, nai,... acompañe a un neno á zona de xogos infantís, este farase cargo dos posibles desperfectos así como da conduta do rapaz.
g) Durante as saídas, o alumnado non poderá permanecer no patio.
h) Dentro do horario lectivo, as familias non accederán ás aulas sen permiso expreso do profesorado ou a dirección.
i) Cando as familias acheguen material ao alumnado dentro do horario lectivo, este deixarase na portería do centro, e daráselle ao alumno ao final da xornada.

Recreos

a) No caso de que o tempo o permita o alumnado abandonará as aulas e dirixirase, con orde, aos patios de recreo.
b) No caso de querer realizar algún traballo, ou lectura, dirixirase á biblioteca.
c) No caso de que o profesor/a quede na aula, o alumno/a pode quedar con el.
d) No caso de mal tempo o alumnado poderá permanecer nas zonas resgardadas: soportais, gradas,... neste caso non se poderá xogar en ningún dos patios.
e) Ao soar a música de fin de recreo, o alumnado dirixirase ao patio dianteiro, agardando alí polo profesorado para subir.
f) Subirase e baixarase ao recreo con orde, coidando de non molestar a outros compañeiros/as.
g) Apagaranse as luces das aulas tanto ao baixar ao recreo coma no fin da xornada.
h) Durante o recreo subirase unha única vez á biblioteca, coidando de non molestar ao alumnado de primaria.
i) Establecerase un profesor/a de garda no patio de recreo por cada 50 alumnos/as.
j) Nas subidas do recreo, especialmente no corredor do primeiro andar, procurarase que o alumnado suba con tranquilidade e sen correr. No caso de ser necesario designarase a un profesor/a que colabore nestes momentos.
k) Os alumnos e alumnas castigados durante o recreo permanecerán onde o profesor/a que os castigou lle indique.. O profesorado que os castigou farase responsable deles.

Uniformidade

a) O uso do uniforme é obrigatorio para todo o alumnado

b) En Ed. Infantil e Primaria o uniforme está formado por:

Infantiil:

- Chandal: pantalón longo ou curto.
- tenis e calcetíns brancos.
- Camiseta deportiva

Ed. Primaria:

a. Pantalón ou falda do uniforme da Fundación Educere,
b. Polo
c. Xersei de pico
d. Medias ou calcetíns azul mariño
e. Zapato escolar azul mariño ou negro.

c) Na ESO o uniforme está composto por:
   a. Pantalón vaqueiro (color vaqueiro, nin moi claro nin moi escuro) sen roturas

b. Polo e xersei/sudadeira do uniforme da Fundación Educere
c. Zapatos ou tenis negros

d) Nas clases de Ed. Física o alumnado empregará o chándal oficial do centro e camiseta do uniforme, ou os leggings oficiais da uniformidade. Calcetíns e calzado deportivo brancos. Así mesmo traerá zapatilleira e calzado deportivo de reposto.

Outras prendas de vestir

a) Durante as clases o alumnado de Ed. Infantil e 1º e 2º de Primaria levará posto o mandilón. No segundo e terceiro ciclo de Ed. Primaria dita prenda non será obligatoria.
b) Na ESO, durante as clases evitarase o uso de roupa por riba do xersei do uniforme/ sudadeira. Polo que o alumnado deberá vir suficientemente abrigado.
c) Todas aquelas prendas como a sudadeira,leggings… etc que se vendan como parte complementaria da uniformidade.

Actividades complementarias

Terán carácter de actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que formando parte da programación teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan. Así cabe considerar as visitas, campos de traballo, viaxes de estudos, conmemoracións e outras semellantes.

Dado que as actividades complementarias forman parte das actividades escolares e que se realizan dentro do horario lectivo, teranse en conta as normas xerais de funcionamento.
Considerarase agravante o incumprimento das normas de convivencia durante unha saída complementaria.

Remitirase ás familias unha circular informativa na que se especifique a data, a actividade, o grupo/s participantes e o prezo da mesma.
As familias do alumnado de Ed. Primaria, Ed. Infantil e Ed. Secundaria deberán autorizar a través da plataforma ou asinar e remitir ao centro a autorización que se achega coa circular informativa.

As actividades complementarias teñen carácter obrigatorio polo que as familias deberán xustificar a ausencia dun alumnado.
As ausencias, que sexan previsibles, xustificaranse con antelación.

Accidentes, enfermidade e administración de medicamentos.

a) No caso de accidente escolar avisarase á familia para que traslade ao alumno/a ao centro de saúde concertado co seguro escolar.
b) O profesorado desenvolverá as medidas oportunas que poidan atenuar a dor, inflamación,... (aplicación de xeo, repouso,...).
c) Non se administrarán fármacos nin medicamentos ao alumnado.
d) No caso de que sexa necesario que un alumno/a tome algún medicamento no horario escolar, este será administrado polo nai ou pai ou titor legal do alumno, ou achegarase unha solicitude da familia xustificada polo médico ao centro para que o

medicamento sexa administrado por un profesor/a no horario lectivo, nese caso a familia ou o alumno traerán a dose diaria ao centro.

Ausencias de alumnado e profesorado

a) As ausencias do alumnado serán xustificadas polos súas familias ou titores. Esta xustificación realizarase, preferentemente, antes da ausencia (cando sexa programada) ou o mesmo día (telefonicamente ou a través da plataforma educamos).
b) As ausencias poderán ser xustificadas mediante a axenda ou plataforma de comunicación e co documento acreditativo correspondente a poder ser.
c) Cando se informe telefonicamente da ausencia dun alumno/a está xustificarase co documento acreditativo cando o alumno se incorpore ás clases.
d) As faltas xustificadas ou non, así como as faltas de puntualidade recolleranse no caderno do profesor e no programa de xestión administrativa (XADE), así como na plataforma empregada polo centro para información ás familias.
e) Na ESO, cando as ausencias a controis de avaliación sexan xustificadas mediante documento acreditativo marcarase unha nova data para a realización da proba de avaliación.

No referido á ausencia reiterada ao centro aplicarase o especificado no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado así como no Plan de Absentismo do Concello de Bueu.

As ausencias do profesorado comunicaranse á directora titular.
Informarase ao xefe/a de estudos para organizar a substitución.

NORMAS E ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS DO CENTRO

Considéranse instalacións de uso común no centro:

- Os corredores,
- Os servizos,
- O laboratorio,
- A biblioteca,
- A aula de informática,
- O ximnasio,
- O salón de actos,
- Os patios e zonas de entrada e saída.
- A aula de usos múltiples

Os restantes espazos do centro teñen a función de aula, despacho ou sala de mestres.

Normas de uso dos espazos do centro:

a) Non se poderá correr, saltar, gritar,... no interior do colexio.
b) Non se poderá comer no interior do centro (aulas, biblioteca, laboratorio,...), exceptuando a sala de mestres e as aulas nos días de chuvia ou durante a festividade dalgunha conmemoración.
c) Non se arroxarán desperdicios ao chan (papeis, cáscaras,...). Colaborarase no mantemento da limpeza dos diferentes espazos do centro.

d) Non se poderán usar no centro teléfonos, dispositivos de gravación de audio e/ou vídeo, videoxogos,... No caso de ser empregados nalgún momento da xornada lectiva (aula, patio, biblioteca,...) será retirado polo profesorado (mestre, profesor de garda,...) e entregado á xefatura de estudos.
e) O profesorado que na súa clase empregue aparellos de reprodución de audio ou vídeo, coidará de que non se moleste ás clases contiguas.
f) Na ESO, o profesorado que imparta docencia á primeira hora da mañá nas aulas con encerado dixital, acenderá o ordenador e conectarao ao encerado. Así mesmo, o profesor/a que imparta a última hora da mañá comprobará que todos os dispositivos quedan apagados e o ordenador debidamente recollido.
g) Os cambios de clase faranse con puntualidade e en silencio.
h) Cando un grupo se desprace de aula (Ed. Física, EPV, Informática,...) serán recollidos na aula polo profesor/a correspondente, e serán acompañadas de volta por dito profesor/a.
i) Os alumnos/as só poderán ir ao baño no recreo, salvo casos excepcionais autorizados polo profesor/a.
j) Ao rematar o uso dun espazo do centro, ou ao remate da xornada escolar, deixarase recollido e ordenado, facilitando o uso posterior ou a súa limpeza. Será responsable o profesor/a que imparta a clase ou estea ao cargo do uso da aula, biblioteca, laboratorio,...
k) Os alumnos/as de 4º ESO elaborarán anualmente as normas da clase de Informática.
l) O uso da aula de informática estará suxeito a un horario que estará exposto na porta da aula, indicando as horas e os días nas que está reservada.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA

De acordo co sinalado no artigo 6 do Decreto 8/2015 que desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da Comunidade Educativa en materia de Convivencia Escolar, a comisión de convivencia rexerase polas seguintes normas:

1. A comisión de convivencia de cada centro constituirase no seo do seu consello escolar. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto no decreto 8/2015, no plan de convivencia e nas normas de convivencia da cada centro.

2. A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos

centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

3. O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concretarase no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

4. A comisión de convivencia exercerá por delegación do consello escolar as seguintes funcións:

a) Elaborar o plan de convivencia do centro e dinamizar todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no procedemento de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.

b) Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.

c) Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade entre mulleres e homes, a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
d) Propor ao consello escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia, así como dar conta a este, cando menos dúas veces ao longo do curso, das actuacións desenvolvidas e das correccións e medidas disciplinarias impostas.

e) Propor, de ser o caso, á persoa titular da dirección do centro persoas que poidan formar parte do equipo de mediación.

f) Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.

g) Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.

h) Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflitividade no centro, na cal se reflictan as iniciativas no ámbito do centro sobre a materia. Este informe será trasladado ao consello escolar do centro e ao correspondente servizo territorial de Inspección Educativa.

i) Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

5. Cando a comisión de convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/ as profesionais do departamento de orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde estea o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Unha copia deste Plan colgarase na Web do centro para a súa consulta. A través do correo electrónico do centro poderanse achegar suxestións por parte dos interesados.

Así mesmo informarase a todas as familias a través da Plataforma EDUCAMOS de que teñen dito Plan á súa disposición.

Nas reunións coas familias (inicio do curso, presentación para alumnado de novo ingreso e cambio de etapa), así como cando se considere necesario, incluirase un punto para dar información dos aspectos máis relevantes do Plan.

O profesorado recibirá no seu e-mail educamos unha copia deste plan, ao que cada un poderá aportar melloras e suxerencias. Así mesmo o profesorado elaborará documentos adaptados ás distintas idades do alumnado que faciliten a información sobre os aspectos máis básicos do Plan.

Ao alumnado facilitaráselle información, adaptada á súa idade, por medio dos seus titores/as dos contidos que lles afecten máis directamente.

Unha copia do Plan estará o a Secretaría do centro a disposición de calquera membro da comunidade escolar que o solicite para a súa consulta.

PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

As actuacións previstas no presente Plan de Convivencia escolar comezarán a desenvolverse ao inicio do curso 2026/27 formando parte da Programación Xeral Anual. Corresponde ao Equipo Directivo garantir a coordinación e o cumprimento dos prazos establecidos neste.
A Comisión de Convivencia dará conta ao Consello Escolar das actuacións realizadas e dos resultados obtidos tanto da aplicación das normas de convivencia coma da marcha do Plan de Convivencia; farase un informe trimestral que se recollerán a correspondente acta do Consello Escolar e no que se sinalará a traxectoria da convivencia durante o trimestre e as propostas de actuacións ou mellora aportadas polos membros da Comisión de Convivencia en representación dos diferentes sectores da Comunidade Escolar.

Do mesmo modo, antes de finalizar o curso prepararase pola comisión de Convivencia a información necesaria destinada á elaboración da Memoria Anual de Convivencia que se presentará ao Consello Escolar e se incluirá dentro da Memoria Anual do centro.

Dito informe servirá de base para a programación de actividades do curso seguinte e toma de decisións.

ANEXO V.- PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Respectando a lexislación e normativa vixentes, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, foméntase o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado.

A maioría do alumnado do CPR Plurilingüe Virxe Milagrosa procede do casco urbano da vila, só unha mínima porcentaxe provén das parroquias de Cela ou Beluso. Lingüisticamente trátase dunha área na que predomina claramente o uso do castelán, son moi poucos os rapaces e rapazas que usan o galego como lingua de relación coas súas familias, compañeiros e profesores. Ante esta situación, que ben reflicte o proceso de desgaleguización da poboación máis nova, temos que artellar as medidas necesarias para que o emprego da lingua galega sexa máis efectivo, sobre todo, na oralidade. É certo que a maioría do alumnado remata a E.S.O. acadando unha boa competencia lingüística, pero non é menos certo o escaso uso do galego como lingua habitual.

Polo que respecta ao profesorado, a utilización do galego como lingua de relación fóra do marco da aula é escasa. Aínda así, hai que dicir que, en xeral, móstrase receptivo e colaborador con respecto ao proceso normalizador xa que se ben é certo que non ten o galego como lingua habitual, si o emprega como lingua vehicular nas súas clases.

Dende o Equipo de Dinamización da Lingua Galega seguimos a traballar na autoestima e valoración da lingua como principal sinal da identidade do noso pobo e da nosa cultura, só así poderemos acadar un maior uso do galego na docencia, entre os docentes e nas relacións escolares en xeral.

MARCO LEGAL

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Dito Decreto desenvolve a Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, no relativo ao uso do galego no ensino nos niveis non universitarios, e a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

LINGUAS EMPREGADAS NAS ÁREAS E MATERIAS DOS DISTINTOS NIVEIS EDUCATIVOS

Educación Infantil

O centro educativo determinou que a lingua materna predominante entre o alumnado de educación infantil é o castelán, esta determinación está baseada nunha pregunta que se lle realizou aos pais e nais antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo/a.

O profesorado usa na clase o castelán, progresivamente vai incrementando a presenza do galego para que os nenos e nenas adquiran o seu coñecemento dentro dos límites propios da etapa. Con este obxectivo, as profesoras do segundo ciclo de Ed. Infantil este curso traballarán en galego todas as unidades didácticas e as rutinas de aula e fomentarán a manipulación de contos en galego na biblioteca de aula.

Educación Primaria

GALEGO	CASTELÁN
● Relixión ● Lingua Galega ● Ciencias Sociais ● Ciencias Naturais ● Libre Configuración (6ºEP) ● Música	● Lingua castelá ● Matemáticas ● E. Artística * ● Inglés

- **PROGRAMA DE SECCIÓNS BILINGÜES DE GALICIA**

No curso 2011/12 implantouse a sección bilingüe no primeiro ciclo de Ed. Primaria na área de Educación Artística e implantouse progresivamente en 5 º e 6º curso de ED. Primaria para a mesma área e as seccións bilingües na Ed. Infantilimplantouse o Pluriinfantil.Este programa supón a organización do ensino dunha área ou materia non lingüística que se cursa dunha maneira bilingüe nunha lingua cooficial e nunha lingua estranxeira utilizada como mínimo durante o 50% do horario lectivo.

A incorporación da lingua estranxeira (lingua inglesa) na área de Educación artística acadará o cincuenta por cento do horario lectivo da materia, implantándose a sección nos contidos de Educación Plástica.

Durante este curso actuará como profesorado AICLE/CLIL e como coordinadora da sección bilingüe en Ed. Infnatil e Primariaa mestra Cristina Iglesias Ormaechea. Tamén estarán implicadas no proxecto as titoras/es dos grupos de Ed. Primaria e Infantil e o equipo directivo no referido a coordinación do profesorado, de horarios e supervisión do proxecto.

Educación Secundaria

	GALEGO	**CASTELÁN**
1º E.S.O.	• Linguas estranxeiras (inglés e francés).* • Bioloxía • Ciencias Sociais. • Relixión.	• Matemáticas. • Tecnoloxía e dixitalización • EPV • EF
2º E.S.O.	• Linguas estranxeiras (inglés e francés).* • Ciencias Sociais. • Música. • Relixión.	• Matemáticas. • Tecnoloxías. • Ed. Física. • Física e química
3º E.S.O.	• Linguas estranxeiras (inglés e francés)*. • Ciencias Sociais.	• Física e Química. • Matemáticas. • E. P. e Visual.

	• Ed. Física. • Bioloxía • Relixión. • Música. • Cultura Clásica	
4º E.S.O.	• Linguas estranxeiras (inglés e francés)*. • Ciencias Sociais. • Bioloxía • Relixión.	• E. P. e Visual. • Informática. • Matemáticas. • Física e Química. • Cultura Clásica • EF

** Na ensinanza dos idiomas estranxeiros a lingua empregada na aula para as traducións e as explicacións é o galego.*

A LINGUA GALEGA COMO LINGUA DE USO NOUTRAS ACTIVIDADES DO CENTRO E NO CENTRO

- Na **administración** o emprego do galego está moi xeneralizado tanto a nivel interno como externo. Nas relacións coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia úsase, con carácter xeral, a lingua galega, o mesmo acontece cos informes, actas, certificados, boletíns de cualificacións, programacións e comunicados ao resto da comunidade educativa.

- Na **pastoral**, estamos a traballar para normalizar o uso do galego. Nas celebracións comúns a presenza do galego é cada vez maior, todas as aulas dispoñen de material traducido para facer as oracións ou dun libro de oracións en galego editado pola FERE. Ademais dende o Departamento de Pastoral colabórase coa achega dalgunhas propostas de actividades en galego de forma puntual.

- Inténtase que os distintos **departamentos** conten con materiais en galego e tamén continuar dotando as **bibliotecas** de aula e a do centro con material lúdico, libros de lectura, manuais específicos, dicionarios etc.

- O galego é a lingua de uso en todas as **actividades** programadas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega e tamén, a miúdo, en actividades realizadas con motivo doutras celebracións (Nadal, Día da Paz e Xornadas Culturais).

- Nas **relacións cos pais e nais** (entrevistas persoais) é aínda frecuente o castelán por ser esta a lingua de relación máis habitual tanto para eles como para a maior parte do profesorado, nas comunicacións escritas úsase máis o galego.

LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA

1. Informar sobre as disposicións e instrucións sobre o uso da lingua: a normativa legal sobre as diferentes disposicións e instrucións sobre o uso da lingua galega está a disposición do claustro na carpeta do EDLG e no taboleiro da sala de mestres exponse toda a información nova que vai xurdindo.
2. Colaborar co Equipo Directivo para acadar a plena normalización do noso centro (traducións, corrección de textos, información sobre tradutores que lle poidan ser de utilidade).
3. Aumentar o uso do galego nas Xornadas de Sensibilización: redacción en galego dos carteis referentes ao valor tratado cada curso.
4. Colaborar co Departamento de Pastoral para incrementar a presenza do galego:
    a. Utilización do material do servizo litúrxico de REMOL.
    b. Traballo cos cantos en galego (CD “Cantando a nosa fe”).
    c. Fomento do emprego do galego nas celebracións relixiosas: Eucaristía de San Vicente de Paúl – inauguración do curso, celebración penitencial no Advento e na Coresma, celebración do mes de Maio e Eucaristía de fin de curso.
    d. Información sobre novidades en galego.
5. Facer unha campaña de sensibilización a prol da utilización do galego nas relacións interpersoais: elaboración e colocación de carteis de promoción nas aulas, corredores, sala de mestres e outros espazos comúns.
6. Animar ao profesorado a participar en cursos de formación: información permanente sobre cursos para conseguir unha maior competencia oral e escrita para desenvolver a súa actividade profesional en galego e seminarios de dinamización lingüística no ensino.
7. Promover o uso do galego nas comunicacións da Asociación de Pais e Nais de Alumnos e Alumnas.
8. Organizar as festas tradicionais: o magosto (actividades plásticas, elaboración de murais, realización de unidades didácticas, recollida de cantigas, refráns e receitas de cociña, xogos populares); o samaín (cabazas para debuxar, pintar ou tallar, narración oral de historias da tradición popular); o entroido (elaboración de disfraces, traballo con textos).

9. Realizar sesións de animación á lectura promividas polo centro e o concello e coa colaboración das familias e das distintas editoriais: organización de encontros entre o alumnado da ESO e escritores de actualidade, títeres e contacontos para Ed. Infantil e Ed. Primaria, obradoiro interxeracional para que nais e pais veñan ao centro a contar historias.
10. Fomentar a participación en campañas e certames organizados por entidades do contorno.
11. Realizar saídas que acheguen aos alumnos á nosa cultura: museos históricos, etnográficos, exposicións de artistas galegos ou teatro.
12. Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías coa colaboración do EDLG na páxina web do centro.
13. Organizar a celebración da semana das Letras Galegas: realización de murais, proxección de cine, exposicións . música tradicional...
14. Representar algunha peza teatral en galego durante o período de Nadal ou nas Xornadas Cultural
15. Adquirir vídeos de apoio didáctico que reflictan e apoien os contidos vistos nas diferentes materias.
16. Adquirir material fonográfico para utilizar en lingua e literatura galega e nas distintas actividades relacionadas coas festas anuais (Magosto, Nadal, Entroido).
17. Adquirir música nas diferentes plataformas ou en cd de interese para o alumnado en galego como Uxía e a banda molona.
18. Elaborar un calendario entre o alumnado de todas as etapas educativas. Dito calendario recollerá cada mes unha actividade diferente asociada á cultura galega (oficios, xogos, cancións, refráns, festas, tradicións, lugares de interese,...).
19. Solicitar as axudas da Administración para proxectos de fomento do uso do galego dado que algunhas das medidas arriba mencionadas só serán posibles se desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística se contribúe ao seu financiamento.

MEDIDAS ADOPTADAS PARA QUE O ALUMNADO QUE NON TEÑA O SUFICIENTE DOMINIO DA LINGUA ACADE O APROVEITAMENTO DAS ENSINANZAS QUE SE LLE IMPARTAN

No centro hai matriculados tres alumnos de nova incorporación con descoñecemento da lingua galega. A súa competencia lingüística en galego é baixa, polo que se adoptarán as medidas oportunas para que poidan conseguir o antes posible a integración lingüística.

Propoñemos, entre outras, estas medidas de apoio:

- Adaptacións nas programacións das distintas áreas.

- Utilización de materiais didácticos específicos.

- Creación de grupos de adquisición de linguas.

- Adaptación de material para iniciarse na lectoescritura en galego co obxectivo de que se converta no idioma de base da aprendizaxe escolar para os alumnos de ámbitos lingüísticos alleos ao noso.

- Actividades de apoio dirixidas á adquisición do galego como lingua de comunicación oral: creación de diferentes situacións comunicativas que se sitúen nun nivel próximo á idade e á vida cotiá dos estudantes (a linguaxe ha de ser sinxela e adaptada ao rexistro oral para ir progresivamente mellorando no dominio da conversa), utilización do cine, a música e outros materiais sonoros.

- Traballar de xeito específico un apartado de cultura que permita facer un percorrido pola xeografía de Galicia, polos principias avatares da súa historia, arte, tradicións e historia da lingua. O obxectivo didáctico deste apartado non é tanto que os alumnos acaden unha aprendizaxe rigorosa da súa totalidade como que poidan acceder a unha imaxe xeral sobre a identidade de Galicia.

- Elaboración de actividades de reforzo variadas e con diferente nivel de dificultade para ir incrementando o dominio da lingua dun xeito creativo e lúdico.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN NA PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.

Dous son os **obxectivos** finais para os que traballamos dende o EDLG:

- A normalización lingüística da vida escolar.

- Conseguir que o alumnado acade unha boa competencia lingüística en galego, tanto a nivel oral coma escrito.

Polo que se propón:

- Coidar que a vida administrativa e as relacións coa comunidade se fagan en lingua galega.

- Usar a lingua galega como lingua vehicular do ensino nas materias establecidas por decreto.

- Ofrecer a colaboración do EDLG a todos os membros da comunidade educativa que así o requiran.

COMISIÓN DE PROFESORADO:

Mª Dolores Vázquez Carlés	Coordinadora
César Gallego Novas	Representante da ESO

Mª del Carmen Rodas Durán	Representante de Ed. Infantil
Mariana Petitti	Representante do 2º ciclo de Ed. Primaria
Cristina Iglesias Ormaechea	Representante de 3º ciclo de Ed. Primaria

ANEXO VI: PLAN DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA E HÁBITOS SAUDABLES

1. XUSTIFICACIÓN

A actividade física regular e os hábitos de vida saudables constitúen elementos clave para o benestar físico, emocional e social do alumnado. A normativa vixente e as recomendacións das autoridades sanitarias e educativas establecen a necesidade de integrar estratexias que fomenten estilos de vida activos no contexto escolar.

Este plan encádrase nas liñas prioritarias da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como nos obxectivos da Axenda 2030 (ODS 3: Saúde e benestar).

A saúde física e mental do alumnado é un piar fundamental para o seu desenvolvemento integral. O estilo de vida activo e os hábitos saudables favorecen o rendemento académico, a socialización, a autoestima e a prevención de enfermidades crónicas. Neste contexto, a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades impulsa este **Plan de Fomento da Actividade Física e Hábitos Saudables no Ensino Secundario**, dirixido ao alumnado de 1º a 4º da ESO nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Obxectivos

- Incrementar os niveis de actividade física diaria do alumnado.
- Promover hábitos de vida saudables (alimentación, sono, hixiene, benestar emocional).
- Sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia da saúde integral.
- Previr condutas sedentarias e o uso excesivo de pantallas.
- Crear contornas escolares activas e saudables.

3. Liñas Estratéxicas de Actuación

3.1. Actividade física diaria no centro educativo

- Establecemento de **pausas activas** de 5-10 minutos entre sesións lectivas longas.
- Inclusión de actividades físicas lúdicas durante o **recreo activo**: xogos tradicionais, deportes colectivos, circuítos de psicomotricidade, etc.
- Promoción de **desprazamentos activos** ao centro (caminar, bicicleta...).

3.2. Enriquecemento curricular

- Fortalecemento da área de **Educación Física** cun enfoque competencial e inclusivo.
- Desenvolvemento de **proxectos interdisciplinares** sobre saúde, nutrición e benestar.
- Uso de **metodoloxías activas**: gamificación, aprendizaxe-servizo, traballo por proxectos...

3.3. Actividades complementarias e extraescolares

- Organización de **xornadas deportivas intercentros**.
- Participación en **programas da Xunta de Galicia**, como "Xogade" ou "Escolas Deportivas".
- Realización de **obradoiros de alimentación saudable, mindfulness, prevención de adiccións**, etc.

3.4. Formación e sensibilización

- Formación do profesorado en **estratexias para integrar a actividade física** nas materias.
- Charlas e campañas informativas dirixidas a familias e alumnado.
- Elaboración de **materiais didácticos en galego** sobre saúde e benestar.

3.5. Implicación da comunidade educativa

- Creación dun **Equipo de Saúde Escolar** no centro (docentes, orientadores/as, enfermeira escolar se a houbese, ANPA...).
- Establecemento de **alianzas con entidades locais**, como clubs deportivos, centros de saúde, concellos...
- Promoción de **accións solidarias** relacionadas coa saúde: carreiras solidarias, campañas de doazón, etc.

4. Avaliación e seguimento

- Elaboración dun **proxecto anual de centro** con indicadores de seguimento.
- Avaliación participativa con instrumentos como enquisas, observación directa e autoavaliación do alumnado.
- Informe anual á Inspección Educativa e publicación de boas prácticas.

5. Recursos necesarios

- Mellora e mantemento de **instalacións deportivas escolares**.
- Dotación de **material deportivo** variado e inclusivo.
- Apoio técnico e formativo da administración educativa.
- Creación dunha **plataforma dixital** con recursos, vídeos, propostas de actividades e exemplos de boas prácticas en centros galegos.

6. Temporalización

- **Curso 2026-2027:** consolidación do plan como parte do Proxecto Educativo de Centro.

7. Conclusión

Este plan busca consolidar unha cultura do benestar e a saúde nos centros de ensino galegos, favorecendo unha mocidade máis activa, consciente e comprometida co seu propio coidado. A educación para a saúde é unha responsabilidade compartida e require do esforzo coordinado de todos os axentes da comunidade educativa.